

The coat of arms of the Municipality of Val do Dubra is centered in the background. It features a crown at the top, a blue shield with a white cross, and a white banner at the bottom. The entire emblem is set against a green background that has a faint, stylized forest pattern.

PLAN MUNICIPAL
DE PREVENCIÓN
E DEFENSA

CONTRA OS
INCENDIOS

FORESTAIS DO
CONCELLO DE

VAL DO DUBRA



I.- MEMORIA



1.- Antecedentes e xustificación.....	3
2.- Obxectivos.....	4
3.- Ámbito territorial	6
3.1 Situación e características xeográficas	6
3.2.- Integración administrativa supramunicipal	6
3.3.- División territorial inframunicipal	7
4.- Análise da situación actual.....	8
4.1.- Marco legal.....	8
4.1.1.- Lexislación	8
4.1.2.- Planeamento urbanístico	14
4.1.3.- Réxime de protección.....	15
4.1.4.- Outros.....	15
4.1.4.1.- PLADIGA	15
4.1.4.2.- PEMU.....	16
4.1.4.3.- Plans de ordenación de montes	16
4.2.- Análise socioeconómica.....	16
4.2.1.- Poboación.....	16
4.2.2.- Sector económico e importancia	23
4.2.3.- Actividades de lecer	24
4.2.3.1.- Actividades ao aire libre.....	24
4.2.3.2.- Festas de Val do Dubra	25
4.2.4.- Réxime e estrutura da propiedade	27
4.3.- Caracterización do medio físico.....	28
4.3.1. Uso do solo, orografía, hidrografía e solos.....	28
4.3.1.1.- Orografía e orientación.....	28
4.3.1.2.- Encadramento xeolóxico	29
4.3.1.3.- Litoloxía	29
4.3.1.4.- Hidrografía	31
4.3.1.5.- Usos do solo	32
4.3.2.- Caracterización climática do concello de Val do Dubra.....	33
4.3.3.- Vexetación.....	36
4.3.4.- Distribución espacial dos combustibles forestais.....	37
4.3.5.- Fauna, especies protexidas e localización dos seus hábitats	38
4.4.- Risco de incendios.....	38
4.4.1.- Incendios forestais.....	38
4.4.2.- Incendios de interface	40
4.5.- Análise do risco de incendio forestal	41
4.5.1.- Análise estatística.....	41
4.5.2.- Análise cualitativa das estatísticas de incendio forestal.....	42
4.5.3.- Análise cuantitativa do risco de incendio forestal: Índice de risco parroquial de incendio	48
4.5.3.1.- Índice de frecuencia	50
4.5.3.2.- Índice de causalidade	50



4.5.3.3.- Perigosidade derivada do combustible vexetal	51
4.5.4.- Distribución espacial dos modelos de combustible forestal.....	55
4.5.4.1.- Definición e clasificacións	56
4.5.4.2.- Elaboración da cartografía de modelos de combustible.....	57
4.5.5.- Predición de comportamento dos lumes	60
4.5.6.- Zonificación xeral	66
4.6.- Incendio de interface	67
4.6.1.- Variables de zonificación.....	67
4.6.2.- Determinación de zonas de especial protección e perímetros de seguridade...	68
4.6.3.- Determinación de zonas de perigosidade alta de incendio de interfase	68
4.7.- Infraestruturas de defensa	69
4.7.1.- Áreas cortalumes	70
4.7.2.- Rede viaria forestal	70
4.7.3.- Rede de puntos de auga.....	71
4.7.4.- Rede de vixilancia	72
4.7.5.- Bases para medios terrestres e aéreos	72
4.7.6.- Outras infraestruturas de apoio a extinción.....	73
4.7.7.- Medios humanos e materiais	74
4.8.- Outras actividades preventivas.....	74
5.- Definición da rede de defensa contra os incendios forestais no concello	75
5.1.- Redes primarias de faixas de xestión de biomasa (R.P.F.X.B.).....	75
5.2.- Redes secundarias de faixas de xestión da biomasa.....	77
5.3.- Redes terciarias de faixas de xestión da biomasa.....	78
5.4.- Mosaico de parcelas de xestión da biomasa	78
5.5.- Rede viaria forestal	79
5.6.- Rede de puntos de auga.....	80
5.7.- Rede de vixilancia	80
5.8.- Outras infraestruturas de apoio	80
6.- Propostas de actuación	80
6.1.- Plan de actuación directa sobre o territorio.....	80
6.2.- Plan de actuacións sobre a poboación.....	81
6.3.- Plan de investigación.....	82
6.4.- Plan de extinción	82
6.4.1.- Niveis de situacións de gravidade	83
6.4.1.2.- Incendio forestal de nivel 1	86
6.4.1.3.- Incendio forestal de nivel 2R-0	93
6.4.1.4.- Incendio forestal de nivel 2R-1	95
7.- Calendario de aplicación	97
8.- Análise económica financeira	97
9.- Control do plan.....	97
9.1.- Avaliacións.....	97
9.2.- Revisión e actualización.....	97



1.- Antecedentes e xustificación

En Galicia o mundo forestal xoga un papel clave na súa vida social, cultural e económica. No último decenio, o problema dos incendios forestais, con 110.589 lumes e 389.256,22 hectáreas así como importantes perdas económicas e ambientais, todo isto agravado pola vaga de lumes desencadeada no verán de 2006, pon de manifesto a necesidade de potenciar a loita directa contra as causas que orixinan os lumes, así como todas as medidas de prevención necesarias para evitar a súa ocorrencia.

Durante moito tempo, a estratexia de loita contra os incendios forestais implicaba unicamente ás administracións ambientais e estivo centrada fundamentalmente na extinción do lume nas épocas de maior risco, relegando a un segundo plano os traballos de prevención a realizar durante todo o ano, pero nos últimos anos realizáronse importantes melloras en materia de prevención e defensa contra incendios forestais.

Para facilitar a aplicación de medidas urxentes de prevención, a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, estrutura o planeamento de defensa do espazo rural fronte aos incendios forestais, en varios niveis: galego, de concello municipal e inframunicipal.

Neste marco, a Xunta de Galicia a través da consellería competente en materia forestal aproba anualmente o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA), que organiza o sistema e define a visión, os eixes estratéxicos, os obxectivos e as accións prioritarias. Por outra banda mediante Orde do 13 de marzo de 2009 da Consellería do Medio Rural procedeuse a aprobación dos Plans de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito. Estes plans, regulados nos artigos 14 e 15 da Lei 3/2007, foron elaborados polas delegacións provinciais da Consellería do Medio Rural e desenvolven as orientacións previstas na planificación establecida no PLADIGA, concretando a estratexia do distrito forestal.

Continuando coa planificación anterior, e segundo o establecido nos artigos 7, 13 e 17 da Lei 3/2007 procede elaborar o Plan de prevención e defensa contra incendios forestais de concello, que se integrará no Plan de emerxencias municipal consonte o previsto na lexislación galega de emerxencias.



2.- Obxectivos

O obxectivo principal do presente Plan de prevención e defensa contra incendios forestais de concello é a clasificación e organización das accións e dos obxectivos definidos no PLADIGA e no Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de distrito, a escala de concello.

A redacción do presente Plan pretende, polo tanto, aportar un documento que conteña as accións necesarias para a defensa contra os incendios forestais e, máis alá das accións de prevención e outras medidas previstas en materia de emerxencias, incluír a previsión e a programación integrada das intervencións das diferentes entidades implicadas no operativo contra incendios forestais.

O plan efectúa unha análise da situación actual, define a rede de defensa contra os incendios forestais no concello, en particular delimita as redes primarias e secundarias de xestión de biomasa en cumprimento do establecido na Lei 3/2007, e establece unha zonificación do territorio como marco das directrices de actuación a realizar para acadar os obxectivos propostos.

Estes obxectivos fundamentais concréntanse nunha serie de accións, que se agrupan en catro grandes tipos:

- Accións sobre o territorio que buscan á organización da xestión de biomasa en zonas estratéxicas, especialmente aquelas con maior risco estatístico de incendio, unido á construción e mantemento de faixas exteriores de protección de zonas poboadas e o tratamento de áreas forestais nun esquema de intervención segundo modelos silvícolas previamente establecidos, no ámbito da defensa de persoas e bens e a defensa dos montes. Así mesmo, buscan reforzar as estruturas de extinción e de prevención dos incendios forestais.

Inclúen:

- Silvicultura preventiva
- Infraestrutura hídrica
- Infraestrutura viaria



- Acci3ns sobre a poboaci3n na busca de incrementar os esforzos de educaci3n, sensibilizaci3n, divulgaci3n e extensi3n agroforestal para a defensa do medio rural contra os incendios e para uso correcto do lume nestes lugares:
 - Divulgaci3n das actuacións de vixilancia e detecci3n emprendidas.
 - Difusi3n do perigo que sup3n o uso negligente do lume
 - Impulsar e fomentar a colaboraci3n cidad3
 - Conciliaci3n de intereses e posta en valor dos espazos forestais
 - Difusi3n das sentenzas ditadas en materia de incendios forestais con especial dedicaci3n 3s sancions impostas
- Acci3ns de investigaci3n de causas de incendios para reforzar a vixilancia e po3er couto 3 actividade criminal incendiaria tam3n mediante a colaboraci3n veci3nal, ademais de asegurar a eficacia na fiscalizaci3n e aplicaci3n do r3xime sancionador instituido.
- Acci3ns de definici3n de protocolos para a organizaci3n e coordinaci3n dos medios municipais cos medios doutras administraci3ns con competencias na extinci3n de incendios forestais.

O Plan establece as3 mesmo medidas de control e avaliaci3n dos obxectivos, e a posibilidade de revisar e actualizar os plans, pretendendo ser un instrumento din3mico de apoio na toma de decisi3ns,

Os Plans de emerxencia municipais (PEMU) e os Plans de actuaci3n municipais (PAM) son os Plans espec3ficos para facerlle fronte a determinados riscos nun municipio ou comarca, tal como indica o Plan territorial de emerxencias de Galicia (PLATERGA). No caso do presente PAM ante o risco de incendios forestais no Concello de Val do Dubra, o seu obxecto 3 definir os criterios espec3ficos para facerlle fronte aos riscos por incendios forestais e incendios de interfase, considerando este 3ltimo como un tipo espec3fico de incendio forestal cunha potencial afecci3n a infraestruturas, vivendas, ou lugares habitados. O 3mbito de aplicaci3n 3 o territorio municipal do concello de Val do Dubra.



3.- Ámbito territorial

3.1 Situación e características xeográficas

O concello de Val do Dubra sitúase na parte oriental da rexión occidental da provincia da Coruña, entre as terras de Santiago ao sureste, o municipio de Trazo ao este, Tordoia ao norte, Santa Comba e A Baña ao oeste e Ames ao sur. Encádrase nas follas 69 (Santa Comba) e 94 (Santiago de Compostela) da cartografía a escala 1:50.000 do *Instituto Geográfico Nacional*.

Ten unha superficie de 108,7 Km² situado por enriba da superficie media da comunidade autónoma (93,89 Km²) e da provincia da Coruña (84,58 Km²); e a súa poboación é de 4.481 habitantes (INE, 2008).

O concello ten tres núcleos de poboación urbanos: Rial, Bembibre e Portomouro, onde se centran as actividades de comercio e servizos públicos; sendo a capital do concello Bembibre. Na parte central do termo municipal atópase o río Dubra, que atravesa o concello de norte a sur hasta unirse ao río Tambre en Portomouro. As principais estradas que percorren o concello son:

- CP 0701 Santiago – Santa Comba
- CP 1914 Carballo – Portomouro
- CP 7804 Bembibre – Agro do Mestre
- CP 5903 Ordes - Portomouro

3.2.- Integración administrativa supramunicipal

O municipio de Val de Dubra intégrase, xunto con Ames, Brión , Teo, Vedra, Boqueixón e Santiago de Compostela na comarca de Santiago, segundo o Decreto 65/1997, do 20 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o mapa comarcal de Galicia, aínda que con anterioridade pertenceu a comarca de Ordes. Contribúe cun 15,77% á superficie total da comarca, e cun 2,82% á súa poboación.



Figura 1: Integración administrativa do municipio de Val do Dubra a nivel provincial (esquerda) e comarcal (dereita)



3.3.- División territorial inframunicipal

Nun nivel inferior ao municipio, o concello de Val do Dubra divídese en 12 parroquias, que presentan as características que se mostran na táboa 1. A división parroquial do municipio móstrase xeograficamente no anexo de mapas.

Táboa 1: Parroquias do municipio de Val do Dubra (fonte: elaboración propia a partir do INE-IGE)

Parroquia	Código INE	nº entidades	Superficie (ha)
ARABEXO (Santa María)	1508801	16	1.820,26
BEMBRIBE (San Salvador)	1508802	4	451,05
BUXAN (Santiago)	1508803	15	913,31
COUCIEIRO (San Martín)	1508804	9	1.304,64
ERVIÑOU (San Cristobal)	1508805	3	770,08
NIVEIRO (San Vicente)	1508806	9	881,17
PARAMOS (Santa María)	1508807	4	634,55
PORTOMEIRO (San Cosme)	1508808	3	848,56
PORTOMOURO (San Cristobal)	1508809	5	641,06
RIAL (San Vicente)	1508810	18	969,56
SAN ROMAN (Santa Marina)	1508811	9	599,59
VILARIÑO (San Pedro)	1508812	4	1.025,08
TOTAL VAL DO DUBRA	15088	99	10.858,91



4.- Análise da situación actual

4.1.- Marco legal

4.1.1.- Lexislación

Este plan municipal elabórase en base ao previsto no apartado a) do artigo 7 da Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais que determina as competencias das entidades locais, e onde se establece: *”Correspóndelle aos concellos e a outras entidades locais: a) Elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais e integralos nos plans de emerxencias municipais, consonte o previsto na lexislación galega de emerxencias”*

A lexislación europea, estatal e autonómica que afecta aos incendios forestais e as emerxencias en Galicia é a seguinte: (marco legal actualizado a agosto de 2009)

- Constitución Española
- Estatuto de Autonomía de Galicia (LO 1/1981, de 6 de abril)
- Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre protección civil
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de función pública de Galicia
- Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e do procedemento administrativo común
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia
- Real decreto 407/1992, do 24 de abril, polo que se aproba a norma básica de protección civil.
- Resolución do 11/10/94 pola que se aproba o plan territorial de Galicia (PLATERGA)
- Lei 5/2007, do 4 de maio, de emerxencias de Galicia



- Decreto 56/2000, do 3 de marzo polo que se regula a planificación, as medidas de coordinación e actuación de voluntarios, agrupacións de voluntarios e entidades colaboradoras en materia de protección civil de Galicia
- Real decreto 1254/99 polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes no que interveñen sustancias perigosas
- Directriz básica para a elaboración e homologación dos plans especiais do sector químico. Resolución do 30 de xaneiro de 1991
- Directriz básica de emerxencia por incendios forestais. Orde do 2 de abril de 1993 (BOE do 15 de abril de 1993)
- Directriz básica de inundacións. Resolución de 31 de xaneiro de 1995 (BOE do 14 de febreiro de 1995)
- Directriz básica de transporte de mercadorías perigosas. Real decreto 387/1996, de 1 de marzo
- Orde do 7/8/96 pola que se aproba o plan de protección civil diante das emerxencias por incendios forestais (DOG 30/8/96)
- Real decreto 393/2007, de 23 de marzo, por el que se aproba a norma básica de autoprotección dos centros, establecementos e dependencias dedicadas a actividades que podan dar orixe a situación de emerxencia
- Real decreto 1468/2008, de 5 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 393/2007, de 23 de marzo, polo que se aproba a norma básica de autoprotección de centros, establecementos dedicados a actividades que podan dar orixe a situacións de emerxencia
- Lei 31/1995 do 8 de novembro de prevención de riscos laborais.
- Lei 9/2004 do 10 de agosto, de seguridade industrial en Galicia
- Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, creación da Academia Galega de Seguridade Pública
- Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais
- Lei 8/2007, do 13 de xuño, de policía de Galicia



- Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais
- Orde do 27 de xaneiro de 2009 pola que se desenvolve o decreto 105/2008, do 8 de maio, polo que se crea e se regula o rexistro de policía locais de Galicia
- Orde do 4 de febreiro de 2009 pola que se aproba o Regulamento de réxime interior da Academia Galega de Seguridade Pública
- Lei 8/1995, de 30 de outubro, do patrimonio cultural de Galicia
- Lei 3/1996, do 10 de maio, de protección dos camiños de Santiago
- Decreto 45/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de camiño de Santiago
- Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do Servizo Galego de Saúde
- Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia
- Decreto 232/2008, do 2 de outubro, sobre o inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia
- Decreto 105/2006, do 22 de xuño, polo que se regulan medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e á regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais
- Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
- Corrección de erros da lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
- Orde do 18 de abril de 2007 pola que se zonifica o territorio con base no risco espacial de incendios forestais
- Orde de 8 de xuño de 2009 pola que se determina a época de perigo alto de incendios



- Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal
- Orde do 19 de xuño de 2008 pola que se determina a época alto de incendios
- Lei 19/2001, de 19 de decembro, de reforma do texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial aprobada por Real decreto lexislativo 339/1990, de 2 de marzo.
- Real decreto 1428/2003, de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento xeral de circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da lei sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, de 2 de marzo
- Resolución 24/5/00 Plan de prevención de accidentes no transporte de mercadorías perigosas (DOG 8/5/00)
- Acordo Europeo sobre o transporte internacional de mercadorías perigosas por estrada (ADR). Asinado en Xenebra en decembro de 1957, publícanse periodicamente actualizacións. Supón un importante documento de referencia para o desenvolvemento de normativa relativa ó transporte de mercadorías perigosas en Europa
- Regulamento relativo ao transporte internacional de mercadorías perigosas por ferrocarril (RID)
- Convenio relativo aos transportes internacionais por ferrocarril (COTIF) firmado en Berna en maio de 1980
- Directiva 96/49/CE, do consello de 23 de xullo de 1996, sobre a aproximación das lexislacións dos estados membros relativos ao transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril
- Directiva 96/34/CE, da comisión do 13 de decembro de 1996, para a adaptación ao progreso técnico da directiva 96/49/CE de transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril



- Real decreto 412/2001, do 20 de abril, polo que se regulan diversos aspectos relacionados co transporte de mercadorías perigosas por ferrocarril
- Real decreto 551/2006, de 5 de maio, polo que se regulan as operacións de transporte de mercancías perigosas por estrada en territorio español
- Resolución do 4 de abril do 2000, da Secretaria Xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, pola que se dispón a publicación do plan de emerxencia por accidente no transporte de mercadorías perigosas da comunidade autónoma de Galicia (Plantransgal)
- Directiva 96/82/CE, do Consello, de 9 de decembro, relativa ao control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan sustancias perigosas
- Decisión 98/433/CE, da Comisión Europea, de 26 de xuño, sobre criterios harmonizados para a concesión de exención de acordo co artigo 9.º6a), da Directiva 96/82/CE
- Regulamento (CE) 2152/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, de 17 de novembro de 2003, sobre o seguimento dos bosques e das interaccións medioambientais na comunidade (Forest Focus)
- Regulamento (CE) 1737/2006 da Comisión, de 7 de novembro de 2006, polo que se establecen disposición de aplicación do Regulamento (CE) 2152/2003 do Parlamento Europeo e do Consello sobre o seguimento dos bosques e das interaccións medioambientais na comunidade (Forest Focus)
- Lei 10/2006, do 28 de abril, pola que se modifica a Lei 43/2003, de 21 de novembro, de montes
- Decreto 3769/1972, do 23 de decembro, polo que se aproba o regulamento da lei 81/1968, de 5 de decembro, sobre incendios forestais
- Real decreto 1196/2003, de 19 de setembro, polo que se aproba a directriz básica de protección civil para o control e planificación ante o risco de accidentes graves nos que interveñan sustancias perigosas



- Real decreto 119/2005, de 4 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 1254/1999, de 16 de xullo, pola que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan sustancias perigosas
- Orde PRE/252/2006, de 6 de febreiro, pola que se actualiza a instrución técnica complementaria nº 10 sobre prevención de accidentes graves do Regulamento de explosivos
- Real decreto 769/1993, de 21 de maio, polo que se aproba o regulamento para a prevención da violencia nos espectáculos deportivos (modificado polo Real Decreto 1247/1998 de 19 de xuño)
- Orden do 22 de decembro de 1998 pola que se regulan as unidades de control organizativo para a prevención da violencia en espectáculos deportivos
- Lei orgánica 1/1992, de 21 de febreiro, sobre protección da seguridade cidadá
- Real decreto 1535/84, do 20 de xuño, sobre a ampliación e adaptación de funcións e servizos do Estado na Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza
- Real decreto lei 8/2006, do 28 de agosto, polo que se aproban medidas urxentes en materia de incendios forestais na comunidade autónoma de Galicia
- Real decreto 2816/1982, de 27 de agosto, polo que se aproba o regulamento xeral de policía de espectáculos e actividades recreativas
- Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal

Así mesmo, pódese mencionar o marco básico de referencia na Unión Europea para a asistencia de Protección Civil ante riscos e emerxencias, constituído polas seguintes normas:

- Programa de acción comunitaria no campo da protección civil (1999/847/CE)
- Decisión do Consello de 23 de outubro de 2001, pola que se establece un mecanismo comunitario para facilitar unha cooperación reforzada nas intervencións de axudas no ámbito da protección civil (2001/792/CE, Euratom)



- Regulamento do Consello de 20 de maio de 2005, polo que se establece un instrumento de preparación e resposta rápida a emerxencias graves

Tamén serán de aplicación os seguintes plans especiais vixentes actualmente en Galicia e que afectan ao territorio de Val do Dubra:

- Plan de protección civil ante o risco de inundacións (INUNDACIÓNS)
- Plan de protección civil ante o risco de seca (SECA)
- Plan de protección civil ante o risco de temporais (TEMPORAIS)
- Plan de protección civil ante o risco de incendios forestais (INCENDIOS)
- Plan de atención ao peregrino (PAP)
- Plan de protección civil ante accidentes no transporte de mercadorías perigosas (PLANTRANSGAL)

Así como tamén o Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia (PLADIGA 2009)

Por último, temos que facer referencia a normativa propia do concello de Val do Dubra, de aplicación no termo municipal:

1. Ordenanza reguladora da limpeza obrigatoria de terreos forestais e de soares en solo urbano ou de núcleo rural e outras accións preventivas contra os incendios forestais.
2. Ordenanza fiscal nº 25 pola que se establece o prezo público pola realización de traballos de limpeza de terreos pertencentes a propietarios e titulares obrigados ao seu mantemento.
3. Regulamento da agrupación de voluntariado de protección civil

4.1.2.- Planeamento urbanístico

A continuación relaciónase a lexislación autonómica en materia de urbanismo:

1. Lei 10/1995, de 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia
2. Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia; modificada pola Lei 15/2004, de 29 de decembro.



O único instrumento de planificación e ordenación urbanística co que conta o concello de Val de Dubra son as Normas subsidiarias de planeamento (NSP) do 15/04/1997, modificadas posteriormente coas modificacións puntuais (MP) das NSP para ampliación do ámbito de equipamento educativo en Bembibre do 14/05/1999 e coas MP das NSP nº 1,2,3 e 5 do 05/07/2005 de réxime específico para edificación fora de ordenación; e actualmente está en fase de elaboración o Plan xeral de ordenación municipal.

4.1.3.- Réxime de protección

A lexislación estatal e autonómica que describe as figuras do réxime de protección en Galicia é a seguinte:

1. Lei 42/2007, de 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade
2. Lei 9/2001, de conservación da natureza
3. Decreto 72/2004, de 2 de abril, polo que se declaran determinados espazos como zonas de especial protección dos valores naturais

Na actualidade non existe ningún espazo que goce dalgún dos réximes de protección recollidos nas citadas normas, se ben compre destacar pola súa fragilidade e singularidade no conxunto do concello as marxes dos ríos Tambre e Dubra, onde se atopan fermosas fragas polas que discorren rutas de sendeirismo.

4.1.4.- Outros

4.1.4.1.- PLADIGA

Como obriga recollida no artigo 6 da Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, a Xunta de Galicia ten competencias para elaborar e aprobar o PLADIGA, que ten por obxecto o establecemento da organización e o procedemento de actuación dos recursos e servizos cuxa titularidade corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia, daqueles que poidan ser asignados a este pola Administración Xeral do Estado, así como dos que poidesen ser facilitados por outras entidades públicas ou privadas para facer fronte aos incendios forestais dentro do territorio galego; permitindo, no seu caso, unha coordinación e actuación conxunta dos diversos servizos e administracións implicadas na loita contra o lume, co fin de desenvolver na súa totalidade a fase de actuación do nivel de gravidade 0. Tendo esta consideración aqueles incendios que



podendo ser controlados cos medios de extinción previstos e que, aínda na súa evolución máis desfavorables, non supoñen perigo para persoas non relacionadas coas labores de extinción, nin para bens distintos os de natureza forestal.

4.1.4.2.- PEMU

Na actualidade o concello de Val do Dubra non ten aprobado o PEMU, pero está en fase de elaboración, estando previsto presentalo á Xunta de Galicia para a súa homologación pola Comisión Galega de Protección Civil no ano 2010.

4.1.4.3.- Plans de ordenación de montes

Non existen montes de propiedade pública nin privados ou veciñais de xestión pública mediante convenio ou consorcio, e os montes particulares que existen non contan con instrumento de ordenación aprobado pola Consellería do Medio Rural.

4.2.- Análise socioeconómica

4.2.1.- Poboación

O termo municipal de Val do Dubra non é alleo ao fenómeno de perda de poboación que se está a producir na maioría dos concellos galegos, aínda que con menor intensidade que nas zonas interiores de Ourense e Lugo; no período de referencia sufriu unha mingua de poboación do 12 %.

É salientable que case o 77% da poboación que reside no Concello é oriúnda de Val do Dubra, sendo escasa a poboación estranxeira, que é de 37 habitantes (0,8%) segundo os datos do IGE.

Táboa 2: Series históricas de poboación de Val do Dubra (fonte: INE, IGE, padrón municipal).

Ano	1999	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008
Poboación	5.079	4.892	4.874	4.802	4.720	4.642	4.605	4.580	4.515	4.481

Táboa 3: Poboación segundo relación entre o lugar de nacemento e o de residencia para o ano 2008 (fonte: datos do IGE-INE, elaboración propia)

Lugar de nacemento	Poboación	Porcentaxe
No concello de residencia	3.427	76,48
Noutro concello da mesma provincia	673	15,02



Noutra provincia de Galicia	55	1,23
Noutra comunidade autónoma	41	0,91
No estranxeiro	285	6,36
Total	4.481	100,00

En canto a distribución da poboación por idades, que se pode ver na seguinte táboa, é destacable a menor porcentaxe de poboación na franxa de idades 0-14, sendo a maior porcentaxe de poboación na franxa de idade 60-64 e 70-74

Táboa 4: Poboación segundo sexo e grupos quinquenais de idade (fonte: INE, IGE, padrón municipal de habitantes)

Ano 2008	Total	Homes	Mulleres	Porcentaxe
	4481	2171	2310	
Idade				
0-4	124	69	55	2,77
5-10	119	58	61	2,66
11-14	131	74	57	2,92
15-19	192	95	97	4,28
20-24	242	127	115	5,40
25-29	267	130	137	5,96
30-34	307	158	149	6,85
35-39	274	142	132	6,11
40-44	280	161	119	6,25
45-49	300	157	143	6,69
50-54	312	147	165	6,96
55-59	318	161	157	7,10
60-64	330	162	168	7,36
65-69	266	136	130	5,94
70-74	327	134	193	7,30
75-79	270	107	163	6,03
80-84	194	73	121	4,33
85 e máis	228	80	148	5,09



Na seguinte táboa móstranse os grupos de idade a considerar máis expostos en caso de evacuación ou confinamento por mor dun incendio forestal de nivel 1, que representan o 37,02 % do total da poboación.

Táboa 5: Poboación de risco no caso de evacuación, ano 2008
(fonte: elaboración propia)

Idade	Poboación	Porcentaxe
0-15	374	8,35%
65 e mais	1285	28,68%
TOTAL	1659	37,02%

Táboa 6: Distribución da poboación en parroquias, entidades por parroquias e media por entidade a data 04/09/2009 (fonte: padrón municipal de habitantes)

Parroquia	Poboación	nº entidades de poboación	Poboación media entidade
ARABEXO (Santa María)	298	16	18,6
BEMBRIBE (San Salvador)	1045	4	261,3
BUXAN (Santiago)	321	15	21,4
COUCIEIRO (San Martín)	434	9	48,2
ERVIÑO (San Cristobal)	141	3	47,0
NIVEIRO (San Vicente)	298	9	33,1
PARAMOS (Santa María)	207	4	51,8
PORTOMEIRO (San Cosme)	186	3	62,0
PORTOMOURO (San Cristobal)	406	5	81,2
RIAL (San Vicente)	713	18	39,6
SAN ROMAN (Santa Marina)	285	9	31,7
VILARIÑO (San Pedro)	112	4	28,0
TOTAL	4446	99	44,9



Táboa 7: Información para cada parroquia das súas entidades de poboación, habitantes e coordenadas (fonte: IGE, padrón municipal de habitantes) datos de poboación a data 4/9/2009

Parroquia	código INE	Lugar	Coord_X	Coord_Y	Poboación	Entidades
Arabexo (Santa María)	1508801				298	16
	150880101	Albaxeira	527527,94	4769452,75	3	1
	150880102	O Burgo	527723,60	4766935,64	9	1
	150880103	O Campo do Rfo	527861,09	4767538,47	31	1
	150880104	A Cancela	527740,43	4767371,16	4	1
	150880105	O Casal	528315,86	4766369,82	31	1
	150880106	Os Caseiros	528093,76	4766999,09	8	1
	150880107	Castrillón	527638,99	4766777,00	14	1
	150880108	As Cerdeiras	528199,52	4766539,03	9	1
	150880109	A Fonte	527744,75	4767453,87	33	1
	150880110	A Igrexa	527660,14	4767596,64	13	1
	150880111	O Monte	528236,54	4766856,32	15	1
	150880112	O Outeiro	527831,19	4766689,26	8	1
	150880113	Outrocanto	527982,71	4767765,86	2	1
	150880114	O Pino	527765,90	4767675,96	6	1
	150880115	Rebordelos	529638,00	4770223,00	85	1
150880116	O Vilar	528633,14	4769886,37	27	1	
Bembibre (San Salvador)	1508802		529723	4762434	1045	4
	150880201	Bembibre	527799,00	4763804,00	987	1
	150880202	A Graciosa	527388,44	4763758,40	0	1
	150880203	A Mexerica	527668,95	4765063,51	24	1
	150880204	O Pazo	526965,29	4764388,37	34	1
Buxán (Santiago)	1508803		530258	4766753	321	15
	150880301	As Cañotas	529096,92	4762234,96	17	1
	150880302	Carral	530673,58	4762759,13	15	1
	150880303	Casais	530390,69	4762617,68	17	1
	150880304	A Coruña	530661,10	4762626,00	31	1
	150880305	O Cruce	530924,31	4762453,11	11	1
	150880306	A Igrexa	530448,93	4762180,88	1	1
	150880307	Montemaior	531721,91	4762617,68	26	1
	150880308	Padrón	530573,74	4762018,64	27	1
	150880309	Quintán	531214,38	4762555,28	26	1
	150880310	As Quintáns	530765,10	4762064,40	27	1
	150880311	Reboredo de Abaixo	528701,71	4762280,72	36	1
	150880312	Reboredo de Arriba	529388,12	4762218,32	9	1
	150880313	Reboredo do Medio	529225,88	4762002,00	23	1
	150880314	Vilar	531110,38	4763037,85	46	1
150880315	Vilasuso	530494,70	4762467,92	9	1	
Couceiro (San Martiño)	1508804		529745	4764993	434	9
	150880401	Bascuas	526820,00	4762308,00	92	1
	150880402	Gontar	527506,95	4760594,20	41	1
	150880403	A Igrexa	527066,14	4761945,74	6	1
	150880404	Lale	524741,03	4763978,85	9	1
	150880405	Maxais	527156,00	4761759,00	93	1
	150880406	O Porto	524419,82	4762179,35	37	1



	150880407	Portomedal	524653,42	4762475,01	43	1
	150880408	Vilar	524923,53	4762066,20	78	1
	150880409	Vilalba	525412,65	4762701,31	35	1
Erviñou (San Cristovo)	1508805		531580	4758936	141	3
	150880501	Abelenda	531173,02	4768934,60	56	1
	150880502	Erviñou	529038,43	4766694,82	71	1
	150880503	San Cristovo	529476,74	4766269,66	14	1
Niveiro (San Vicente)	1508806		529826	4759764	298	9
	150880601	A Algaria	530024,61	4764027,94	37	1
	150880602	O Barral	529945,57	4764223,46	31	1
	150880603	A Igrexa	529795,81	4764568,75	18	1
	150880604	Nariño	528884,76	4764410,66	88	1
	150880605	Niveiro do Medio	529304,00	4764867,00	74	1
	150880606	A Pedregosa	530453,09	4764119,46	30	1
	150880607	A Rocha	529026,20	4765238,51	1	1
	150880608	A Torre Branca	530174,37	4763898,98	13	1
	150880609	O Seixal	529038,68	4763437,21	6	1
Paramos (Santa María)	1508807		528137	4767188	207	4
	150880701	A Cabada	524912,99	4761080,57	45	1
	150880702	Carballosa	524831,93	4761169,35	6	1
	150880703	Paramos	525291,28	4760165,74	69	1
	150880704	Quintáns	525775,00	4760530,00	87	1
Portomeiro (San Cosme)	1508808		526160	4761636	186	3
	150880801	Cerradelo	531444,23	4759728,14	49	1
	150880802	Portomeiro	531511,94	4759053,23	103	1
	150880803	Vilardoia	532132,91	4761254,72	34	1
Portomouro (San Cristovo)	1508809		525808	4760579	406	5
	150880901	Cernadas	530209,18	4755667,95	5	1
	150880902	Portomouro de Arriba	529353,00	4757369,00	92	1
	150880903	Novais	530835,34	4757568,79	1	1
	150880904	Portomouro de Abaixo	528651,04	4757181,79	230	1
	150880905	Xermán	527906,82	4756828,28	78	1
Rial (San Vicente)	1508810		529195	4757676	713	18
	150881001	Arnexo	526281,40	4766097,72	64	1
	150881002	Buiro	524767,00	4765634,00	76	1
	150881003	O Campo de Carlexo	525738,22	4765203,82	32	1
	150881004	O Campo de Rial	527344,00	4765646,00	126	1
	150881005	O Campo dos Cochos	527141,08	4765798,33	12	1
	150881006	Carlexo	526029,05	4765362,07	24	1
	150881007	O Carral	527359,21	4765528,87	7	1
	150881008	O Castro	526418,26	4765580,20	19	1
	150881009	Costenla	526200,14	4765708,51	0	1
	150881010	O Foxo	526982,83	4766204,64	46	1
	150881011	A Igrexa	526867,35	4765370,62	47	1



	150881012	Loureiro	526892,86	4765722,81	4	1
	150881013	Malvares	523539,06	4765499,82	92	1
	150881014	Pousada	526550,85	4766409,94	32	1
	150881015	O Rieiro	526088,93	4765126,83	75	1
	150881016	Santo Estevo	524074,45	4764741,90	4	1
	150881017	Soutiño	525845,14	4765002,63	26	1
	150881018	O Viso	526443,93	4765058,40	27	1
	1508811		526186	4765196	285	9
San Román (Santa Mariña)	150881101	A Carreira	526689,63	4758795,16	13	1
	150881102	Cebei	527941,61	4758081,96	57	1
	150881103	Estebande	526717,66	4758032,13	18	1
	150881104	San Román	527648,86	4758159,82	16	1
	150881105	Insua	527727,00	4759066,00	85	1
	150881106	A Lesta	528477,28	4758125,56	27	1
	150881107	Novexilde	527331,19	4757720,69	9	1
	150881108	Vilar	526957,46	4757938,70	33	1
	150881109	Xermil	526072,98	4758502,40	27	1
	1508812		526580	4758009	68	4
Vilariño (San Pedro)	150881201	Cornes	528820,52	4761447,27	41	1
	150881202	A Igrexa	529597,55	4760164,96	2	1
	150881203	A Picaraña	530574,14	4760415,48	1	1
	150881204	Vilariño	529907,00	4760579,00	68	1



Táboa 8: Ficha da sociedade e poboación do concello de Val do Dubra (fonte: IGE)

Poboación (Padrón)						Indicadores demográficos				
	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte		Dato	Período	Fonte	
Poboación total	4.481	2.171	2.310	2008	INE	Taxa bruta de natalidade (o/oo)	6,1	2007	IGE	
de 0 a 15 anos	413	223	190	2008	INE	Taxa bruta de mortalidade (o/oo)	14,8	2007	IGE	
de 16 a 64 anos	2.783	1.418	1.365	2008	INE	Índice de envellecemento	227	2008	IGE	
de 65 e máis anos	1.285	530	755	2008	INE	Idade media á maternidade	30,8	2007	IGE	
Poboación estranxeira	37	18	19	2008	INE	Número medio de fillos por muller	0,95	2007	IGE	
Idade media	49,2	47	51,2	2008	IGE	Taxa bruta de nupcialidade (o/oo)	3	2007	IGE	
Movemento natural da poboación						Idade media ó primeiro matrimonio				
	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte		Homes	Muller	Período	Fonte
Nacementos	19	9	10	2008	IGE-INE		31.4	28	2007	IGE
Defuncións	75	43	32	2008	IGE-INE					
Matrimónios	17			2008	IGE-INE					
Saldo vexet.	-56			2008	IGE-INE					
Movements migratorios						Censo de vivendas 2001				
		Emigra.	Inmigra.	Período	Fonte		Dato	Período	Fonte	
A mesma provincia		95	55	2007	INE	Vivendas familiares principais	1.901	2001	INE	
A outra provincia		10	2	2007	INE	secundarias	1.444	2001	INE	
A outra comunidade		4	7	2007	INE	baleiras	263	2001	INE	
Estranxeiro		10	31	2007	INE	Edifícios	1.754	2001	INE	
						Locais	234	2001	INE	
Paro rexistrado (2)						Actividade (Censo 2001) (Fonte: INE)				
	Total	Homes	Mulleres	Período	Fonte		Total	Home	Muller	Período
Por idade						Taxa actividade	46,7	57,2	37	2001
menores de 25 anos	16	6	10	2007	CT	Taxa de paro	9,5	10,1	8,6	2001
outras idades	203	95	108	2007	CT					
Por sectores de actividade						Ocupados por sectores				
Agricultura	4			2007	CT	Agricultura	481	224	257	2001
Industria	46			2007	CT	Pesca	2	1	1	2001
Construción	53			2007	CT	Industria	271	143	128	2001
Servizos	99			2007	CT	Construción	274	264	10	2001
Sen emprego anterior	17			2007	CT	Servizos	766	419	347	2001
Eleccións										
			Dato	Período	Fonte					
Censo electoral			3.888	2009	CP					



4.2.2.- Sector económico e importancia

Táboa 9: Datos económicos do Concello de Val do Dubra (fonte: IGE)

Agricultura				Empresas (4)			
	Dato	Período	Fonte		Dato	Período	Fonte
Número de explotacións gando bovino	305	2007	IGE-CMR	<u>Empresas por condición xurídica</u>			
Total bovinos	7.129	2007	IGE-CMR	Persoas físicas	196	2007	IGE
Administración pública				Sociedades anónimas		2007	IGE
	Dato	Período	Fonte	Sociedades de responsabilidade limitada	72	2007	IGE
Ingresos municipais	2.476.443	2006	MH	Cooperativas	3	2007	IGE
Impostos directos	80.023	2006	MH	Outras	21	2007	
Impostos indirectos	239.795	2006	MH	<u>Empresas por actividade</u>			
Taxas e outros	210.454	2006	MH	Industria	28	Construc	Servizo
Rendemento medio IRPF	10.255	2006	AEAT		50		214
Construción (3)							Período
	Dato	Período	Fonte				2007
- Número de vivendas a crear de nova planta	..	2007	IGE-MF	<u>Empresas por estrato de asalariados</u>			
- Variación neta do parque de Vivendas	..	2007	IGE-MF		Dato	Período	Fonte
- Número de edificios a crear de nova planta	..	2007	IGE-MF	De 0 a 249 asalariados	292	2007	IGE
Comercio polo miúdo				De 0 a 9 asalariados	283	2007	IGE
	Dato	Período	Fonte	Sen asalariados	174	2007	IGE
Número de establecementos comerciais	54	2002	IGE	De 1 a 9 asalariados	109	2007	IGE
Superficie de venda media m ²	77,9	2002	IGE	De 10 a 49 asalariados	9	2007	IGE
Indicador municipal da renda dos fogares (1)				De 50 a 249 asalariados	0	2007	IGE
	Dato	Período	Fonte	250 e máis asalariados	0	2007	IGE
Renda dispoñible bruta (euros por habitante)	8.260	2002	IGE	<u>Número de unidades locais</u>			
					297	2007	IGE

Onde:

(..) Dato non dispoñible
 (1) Datos provisionais
 (2) O Total pode non coincidir coa suma de Homes e Mulleres xa que os datos son as medias de varios meses. A partir de Maio de 2005 hai un cambio metodolóxico. Os datos do ano 2005 son a media dos meses de Maio a Decembro
 (3) As sumas provinciais non coinciden coas municipais xa que se realizan estimacións por elevacións para concellos sen resposta, distinguindo entre maiores e menores de 10.000 habitantes
 (4) Nota: só se inclúen as empresas con sede social en Galicia
 AEAT: Axencia Estatal de la Administración Tributaria
 CMR: Consellería do Medio Rural
 CP: Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza
 CT: Consellería de Traballo
 IGE: Instituto Galego de Estatística
 INE: Instituto Nacional de Estadística
 MF: Ministerio de Fomento
 MH: Ministerio de Hacienda



Táboa 10: Número e superficie de edificios e vivendas segundo tipo de obra. 2000-2007 (fonte: IGE, Ministerio de Fomento. Estatística de construción de edificios; datos do Ministerio de Fomento data 17-04-2009)

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007
Edificios nova planta	3	12	5	1	2	10	2	..
Residencial	2	12	5	1	2	10	2	..
Non residencial	1	0	0	0	0	0	0	..
Superficie nova planta (m2)	1.484	3.706	1.450	4.892	1.666	2.360	13.932	..
Residencial (m2)	411	3.706	1.450	4.892	1.666	2.360	13.932	..
Non residencial (m2)	1.073	0	0	0	0	0	0	..
Vivendas nova planta	2	12	5	32	1	10	71	..
Edificios en rehabilitación	4	2	1	1	0	0	1	..
Vivendas en rehabilitación	0	2	1	0	0	0	1	..
Edificios en demolición	0	0	0	0	0	0	0	..
Vivendas en demolición	0	0	0	0	0	0	0	..
Variación neta parque vivenda	2	14	6	32	1	10	72	..

(..) Dato non dispoñible

Táboa 11: Ocupacións de traballadores por sectores en porcentaxe (fonte: IGE, realizados a partir dos ficheiros de 2001 do INE)

SECTOR	OCUPACIÓN
Agricultura, gandería, caza e silvicultura	26,81%
Pesca	0,11%
Industria	15,11%
Construción	15,27%
Servizos	42,70%

4.2.3.- Actividades de lecer

O municipio de Val do Dubra é un municipio interior que se atopa no corazón da provincia da Coruña, no corredor que une as poboacións de Santiago de Compostela e Carballo, distando 22 quilómetros de calquera das dúas poboacións.

4.2.3.1.- Actividades ao aire libre

O termo municipal esta dividido na parte central polo río Dubra que da lugar a un fermoso val, que atravesa o concello de norte a sur hasta unirse ao río Tambre conformando unha zona máis abrupta. Esta circunstancia natural foi aproveitada para proxectar tres rutas de sendeirismo:



- Ruta do río Dubra: ruta circular que comeza na estrada de Bembibre a Santiago preto da Casa do Concello, gran parte da ruta discorre á beira do río Dubra e baixo o túnel vexetal de amieiros, freixos e salgueiros.
- Ruta das carballeiras: ruta circular, comeza na área recreativa e piscina municipal, atravesa a carballeira do río Dubra no seu paso por Bembibre.
- Ruta do río Tambre: sendeiro de ida e volta, comeza en Portomouro, percorre a beira do río Tambre con carballeiras e castiñeiros, árbores de ribeira e grandes feitos.

Para o desenvolvemento de actividades de lecer, ao final da ruta do río Tambre, encóntrase a Área do Muíño de Rodas con zona de acampada libre e o Pantalán para embarcacións de remo no río Tambre.

Son actividades moi estendidas a caza e a pesca, dispoñendo o Concello de Val do Dubra dunha ampla rede hidrográfica e dunha elevada superficie na que desenvolver a actividade cinexética. Ademais ámbalas dúas afeccións contan cunha grande tradición e cun bo número de seguidores.

Outro aspecto a ter en conta son as festas locais ou de arraigada tradición cultural (festas patronais, festas gastronómicas e romarías) que empregan o lume ou fogos de artificio para o seu festexo; polo risco que xeran cando os núcleos de poboación están preto de zonas forestais e cando os períodos no que se dan estas festas están dentro do período de perigo alto para a aparición de incendios forestais.

Segundo o artigo 33 da Lei 3/2007 e o artigo 12 do Decreto 105/2006 as fogueiras en festas locais e de arraigada tradición cultural e o lanzamento de foguetes requiren autorización previa do Concello, na cal figurarán as medidas de seguridade e prevención necesarias. Estas autorizacións serán comunicadas polo Concello ao Servizo provincial de prevención e defensa contra incendios forestais nun prazo máximo de cinco días naturais.

4.2.3.2.- Festas de Val do Dubra

As festas populares son moi habituais en Galicia, en todas as parroquias e/ou localidades celebran a día do seu patrón. Val do Dubra non é alleo a este fenómeno cultural e de folclore celebrándose festas ao longo de todo o territorio municipal.



O calendario de festas en Val do Dubra é o seguinte:

LUGAR	DIA	MOTIVO DO FESTEXO
ARABEXO	16 de Xullo	O Carme Grande
	15 e 16 de Agosto	Santa María e Santísimo Sacramento
	29 de Setembro	San Antonio
	Segundo domingo de Outubro	O Carme Pequeno
BEMBIBRE	22 de Maio	Santa Rita
	24 de Xuño	San Xoán
	20 de Xullo	Santa Margarita
	Último sábado de Agosto	Nosa Señora do Carme
	Último domingo de Agosto	Santísimo Sacramento
	25 e 26 de Decembro	Festas Patronais Divino Salvador
BUXAN	28 de Agosto	San Campio
	Último domingo de Agosto	Sacramento
	Primeiro domingo de Setembro	Nosa Señora do Carme
	30 e 31 de Decembro	Festas Patronais Santiago de Buxán
COUCIEIRO	3 de Febreiro	San Blas
	Primeiro domingo de Agosto	Nosa Señora do Carme
	Terceiro domingo de Agosto	Santísimo Sacramento
	11 e 12 de Novembro	San Martiño
	13 de Decembro	Santa Lucía
ERVIÑOU	13 de Xuño	San Antonio
	30 e 31 de Xullo	San Cristovo
	8 de Decembro	Concepción
NIVEIRO	15 de Xaneiro	San Paio
	22 e 23 de Xaneiro	Festas Patronais de San Vicente e San Xosé
	13 de Xuño	San Antonio
	1º Sábado ou Domingo de Xullo	Santísimo Sacramento
	10 de Agosto	San Lorenzo
	Domingo seguinte a San Lorenzo	Virxe do Carme
	19 de Setembro	A Saleta
PARAMOS	13 de Xuño	San Antonio
	Primeiro domingo de Xullo	Virxe do Carme
	15 e 16 de Agosto	Festas Patronais Santa María
	16 de Setembro	Santísimo Sacramento
	17 de Setembro	Virxe do Carme
PORTOMEIRO	Domingo entre o 20 e 24 de Agosto	Virxe do Carme
	27 de Setembro	San Cosme
	28 de Setembro	Santísimo Sacramento
	29 de Setembro	San Miguel
PORTOMOURO	2 de Febreiro	San Blas
	10 de Xullo	Romaría de Campo de San Cristovo



LUGAR	DIA	MOTIVO DO FESTEXO
	30 de Xullo	San Cristovo
	31 de Xullo	Santísimo Sacramento
	16 de Setembro	Virxe do Carme
	13 de Decembro	Santa Lucía
RIAL	Fin de semana seguinte ó 22 de Xaneiro	Festas Patronais San Vicente e San Antonio
	Luns de Pentecostés (Maio)	Espírito Santo
	Domingo seguinte ó Espírito Santo	Santísima Trindade
	Xuño	Santísimo Sacramento
	Domingo seguinte ó 10 de Xullo	San Cristovo
	Domingo seguinte ó 16 de Xullo	Virxe do Carme
	3 de Agosto	San Estevo (Malvares)
	Primeiro domingo de Outubro	Virxe do Rosario
	26 de Decembro	San Estevo (Malvarez)
VILARIÑO	29 de Xuño	San Pedro
	8 de Setembro	Santísimo Sacramento
	9 de Setembro	Virxe do Carme
SAN ROMAN	18 de Xullo	Santa Mariña
	19 de Xullo	Virxe do Carme
	16 de Agosto	San Roque
	30 de Agosto	Santísimo Sacramento (San Bartolomé)
	31 de Agosto	San Ramón
	4 de Decembro	Santa Bárbara
	8 de Decembro	Inmaculada Concepción

Ademais, debido a enorme emigración que houbo neste concello, dende o ano 1984, como homenaxe os dubreses que tiveron que deixar a súa terra para labrar o seu futuro, celébrase o primeiro venres e sábado de agosto, a **Festa do Emigrante**.

As **Feiras do Abril** é outra festa de grande sona; celébrase na primeira semana de dito mes e nela preténdese resaltar a agricultura ecolóxica e a gandería de razas autóctonas en perigo de extinción, ademais de promover o comercio local da zona

4.2.4.- Réxime e estrutura da propiedade

Os bosques en Galicia representan o 68,96% da superficie galega. Unha das características fundamentais do monte galego é que a propiedade é maioritariamente privada e case o 30% dos terreos forestais son montes veciñais en man común, figura de propiedade específica de



Galicia e tan só un 2% pertence a entes públicos (Xunta de Galicia: O monte galego en cifras).

Non obstante, a situación do concello de Val do Dubra é un tanto diferente pois non existen montes veciñais en man común, sendo o 100% dos montes de propiedade privada.

Na seguinte táboa pode verse as zonas do territorio que estiveron, ou aínda están, afectadas por un proceso de concentración parcelaria público.

Táboa 12: Datos provisionais da zonas de concentración parcelaria no Concello do Val do Dubra (fonte: Consellería do Medio Rural)

Nome da zona	Última fase aprobada	Superficie (ha)	Nº propietarios	Nº parcelas antiguas	Nº de fincas novas
Bembibre	Rematada.	156	272	2398	464
Portomeiro	Rematada.	170	204	2519	406
Portomouro	Rematada.	105	250	2624	437
San Cristovo de Erviñou	Rematada.	72	17	1456	271
San Martín de Coucieiro	Rematada.	314	407	6502	640
San Pedro de Vilariño	Rematada.	120	108	1010	162
San Román	Rematada.	236	265	4082	414
San Vicente de Niveiro	Rematada.	359	309	3966	743
San Vicente de Rial	Rematada.	822	592	4069	956
Santa María de Arabexo	Rematada.	318	399	3426	582
Santa María de Paramos	Rematada.	166	233	2800	311
Santiago de Buxán	Rematada.	216	286	3111	485
Santiago de Buxán (II)	Decreto	275	333	9765	512
Vilar Rebordelos (Sta. María de Arabexo)	Rematada.	303	122	2093	272

4.3.- Caracterización do medio físico

4.3.1. Uso do solo, orografía, hidrografía e solos

4.3.1.1.- Orografía e orientación



O termo municipal de Val do Dubra, configura un espazo dotado de gran uniformidade debido á planicie orixinada polo río Dubra que discorre por todo o centro municipal seguindo un curso norte-sur.

A ampla zona de val presenta unha orografía de formas suaves so interrompidas polos rebordos montañosos que pechan o val e que conforman o Monte Castelo (484 m), o Monte de Boiro (529 m) ou o Monte dá Forca (513 m) ao norte do municipio e o pico Montecelo (382 m), Vilardoa (460 m) e Monte Maior (406 m) ao sur.

Cara ao este, o val descomponse cos montes de Montemaior (449 m) e a Pena do Facha (507 m) e co Pedrido (491 m) e Pedras Negras (494 m) entre outros, cara ao límite occidental do concello.

As cotas mas baixas correspóndense co fondo do val acadando os 243 metros en O Rial, os 200 m de Bembibre ou 160 m en Portomouro, constituídas por superficies de erosión de finais de oligoceno e mioceno, sobre as que encaixouse a densa rede fluvial existente.

O relevo da lugar a unha zona central de dirección norte-sur orientada a todos os ventos e tres zonas coas correspondentes orientación predominantes: zonas norte do concello de orientación sur, zona oriental do concello de orientación oeste e zona oriental do concello de orientación este.

4.3.1.2.- Encadramento xeolóxico

Val do Dubra atópase situado xeoloxicamente no Macizo Hespérico, dentro da zona 111, Centroibérica, segundo a división en zonas realizada por Julivert et al (1972). Así mesmo, cabe encadrar ao concello na zona paleográfica número V, Galicia Occidental, segundo a división de Bard et al (1971), que constitúe unha subdivisión dentro das grandes áreas antes mencionadas.

4.3.1.3.- Litoloxía

No concello de Val do Dubra atopamos depósitos cuaternarios holocenos con escasa evolución, compostos por depósitos aluviais e fondos de valgada, principalmente no regato de Erviñou e na desembocadura do Río Dubra.

Os depósitos aluviais están compostos principalmente por areas, limos e gravas de pouco espesor procedente da erosión fluvial, tererométricos e tererogranulares, cos clastos de



xeixo, fragmentos de rochas, e a veces algúns minerais pesados. Son redondeados a subredondeados e con matriz areosa ou limo arxilosa; localmente poden existir fangos arxiloso procedente da erosión de metasedimentos.

Os depósitos de fondo de valgada, son frecuentes en regatos e canles secundarias da rede hidrográfica, formando acumulacións de pouco espesor de materiais pouco evolucionados procedentes de áreas moi cercanas.

Tamén podemos atopar cinco grupos litolóxicos, coa seguinte descrición:

1. Xistos micáceos, grafitosos e cuarcíticos con algunhas anfíbolitas intercaladas

Podemos atopalos na parroquia de Vilariño e Paramos. Esta unidade atópase constituída por un conxunto de rochas metasedimentarias que se encontran en contacto con materiais de natureza similar de baixo contido en albíta, alternancia con niveis cuarcíticos nos que se conservan restos de laminacións sedimentarias e por encontrarse afectados por procesos de migmatización mais ou menos intensos.

A mineraloxía básica principal das rochas xistosas, componse de seixo, plagioclasa, biotita e moscovita. A esta mineraloxía, en función da composición inicial e do grado de metamórfico, pódese engadir segundo os casos, granate, estaurolita, andalucita, sillimanita e cordierita.

2. Granitos de dúas micas facies porfídicas

Podemos atopalos fundamentalmente na parroquia de Portomouro e San Román e puntualmente nas parroquias de Coucieiro, Vilariño e Portomeiro.

O seu tamaño de gran é medio-fino, aínda que tamén aparecen facies de gran medio- grosso. Os granitos de dúas micas están acompañados dun importante cortexo filoniano constituído esencialmente por diques aplíticos, pegmatíticos, pegmaplíticos e de seixo. A súa composición mineral consta de: seixo, feldespato potásico, plagioclasa, biotita e moscovita, como minerais principais. Como accesorios máis frecuentes: apatito, circón, opacos e sillimanita (fibrolítica e prismática) aparecendo tamén epidota, rutilo, turmalina, granate e, excepcionalmente, fluorita. A proporción relativa entre moscovita e biotita é variable incluso dentro dun mesmo macizo.



O cuarzo é sempre alotriomorfo, con extinción ondulante, e en ocasións extremas de deformación, con recristalizacións en mosaicos. É frecuente que apareza en forma de gotas nas facies mais evolucionadas e tamén habitual que se encontre ligado en crecementos gráficos co feldespato potásico e formando parte de mirmequitas cas plagioclasa.

3. Esquistos e paraneíxses metablásticos con paranfibolitas intercaladas

Este grupo litolóxico atópase na parroquia de Couceiro, Buxán e Vilariño.

Polo xeral son rochas de cor verde a gris, con marcada xistosidade ás veces crenulada, que corresponde a xistos con cuarzo e feldespato, que algunha vez intercalan niveis areosos. Polo xeral están constituídos por un conxunto de rochas metamórficas como son: xistos micáceos, ñlias encerados, sericititas, serruesquistos e corneanas, salientando fundamentalmente os primeiros. A orientación dos micáceos, é a que marca a xistosidade. A paragénese común dos xistos micáceos é: moscovita, cuarzo, biotita, granate pasado a clorita e como accesorios: plagioclasas, opacos, turmalina, circón, clorita e apatito.

4. Metabásicas en facies anfíbolita

Atópase nas parroquias de Rial, Niveiro e norte de Bembibre.

Este grupo litolóxico pertence ao dominio do complexo de Ordes, e dentro do ámbito deste dominio e baixo o punto de vista estrutural, atópase a unidade (con asociacións litolóxicas con notable diferenzas) denominada unidade superior de Betanzos-Arzúa.

Este grupo deriva das transformacións de rochas básicas, que se encontran representadas na maioría dos casos por rochas anfíbolíticas, aínda que se encontren algunha retrogranulitas de orixe ácido.

5. Metagabros

Atópase principalmente no norte do concello, na parroquia de Arabexo e Erviñou.

Este grupo litolóxico tamén pertence ao complexo de Ordes, a unidade superior Betanzos-Arzúa.

4.3.1.4.- Hidrografía



O concello de Val do Dubra está conformado por dúas cuncas fluviais claras e diferenciadas; unha formada polo río Dubra, que forma ao longo do seu percorrido un val que é o que lle da nome ao concello, e outra polo río Tambre.

O río Dubra nace no monte Castelo (Concello de Tordoia), situado ao norte do concello e percorre todo o val que leva o seu nome. O longo do seu percorrido vai aumentando o seu caudal co aporte de numerosos regatos, que proceden do sistema orográfico que delimitan o termo municipal. Pola esquerda recibe os aportes dos regatos: Rebordelos, Erviñou, Porto, Canizo e Buxán. Pola dereita desembocan os regatos: Lodeiro, Rodis, Porto Muíño e Porto Nabo. Percorre un traxecto de 20 Km, cun desnivel desde o seu nacemento ata a súa desembocadura, no río Tambre, de 240 metros.

O río Tambre serve de límite ao concello polo sur co Concello de Santiago de Compostela. O seu percorrido transcorre por dúas parroquias do concello, Portomeiro e Portomouro. O Tambre ao seu paso por Portomeiro faíno por unha zona moi abrupta do terreo, formándose na ribeira do río uns fermosos acantilados. Na parroquia de Portomouro o río forma un val e recibe o afluente Dubra.

4.3.1.5.- Usos do solo

A partir da interpretación do mapa de usos do solo do SITGA (E: 1/25.000), do mapa forestal nacional (MFE 50, en formato dixital e escala 1:50:000) e das ortofotos dixitais do municipio a un nivel de detalle compatible cunha escala 1:10.000 determinouse a extensión territorial ocupada polos usos principais e a porcentaxe que supón con respecto á superficie total do concello.

Táboa 13: Superficies dos distintos usos do solo e a súa porcentaxe respecto a superficie total (fonte: elaboración propia)

Usos	Superficie (ha)	%
Improdutivo	24,72	0,23
Forestal arborado	5.892,87	54,27
Forestal con arborado raro e disperso	990,35	9,12
Monte desarborado	252,86	2,33
Agrícola	3.697,26	34,05

Nos anexos pódese ver o mapa dos usos do solo.



4.3.2.- Caracterización climática do concello de Val do Dubra

Neste apartado descríbense as principais características climáticas mediante gráficos, para dar unha idea global do clima deste concello, de forma rápida, clara, cómoda e operativa, aspecto fundamental para este proxecto.

Elección da estación

Para facer unha análise e caracterización climática o primeiro é seleccionar unha estación meteorolóxica, da que podamos utilizar os datos das variables climáticas necesarias. Para esta elección, na procura de representatividade, tomouse en consideración a situación, máis centrada posible xeograficamente, a serie histórica dos datos, e a consistencia dos mesmos. Tendo en conta todos estes factores óptase pola estación “1428 Santiago de Compostela /Aeroporto” código indicativo do Centro meteorolóxico territorial de Galicia, dependente da AEMT.

Táboa 14: Estación meteorolóxica elixida (fonte AEMT, rede de estacións climatolóxicas do Centro Meteorolóxico de Galicia)

Indicador	Estación	Latitude	Lonxitude	Altitude(m)	Rango temporal de datos			
					Precipitación		Temperatura	
					Inicio	Fin	Inicio	Fin
1428	Santiago Aeroporto	42°53'58" N	8°25'37" O	364	1969	1998	1969	1998

Datos de partida

Como en todas as análises os parámetros de partida van ser datos de precipitación e temperatura. Para o caso específico de riscos naturais, como o que nos ocupa, é importante fixarse nos valores extremos, xa que son estes os que poden condicionar a magnitude dos fenómenos climáticos adversos, e por tanto os riscos ligados aos mesmos.

Táboa 15: Datos meteorolóxicos de partida (fonte: AEMT, rede de estacións climatolóxicas do Centro Meteorolóxico de Galicia)

	XAN	FEB	MAR	ABR	MAI	XUÑ	XUL	AGO	SET	OUT	NOV	DEC	ANO
M.A	20,0	23,0	25,6	29,7	32,2	36,0	39,4	37,8	35,6	29,8	24,2	23,4	39,4
T.MA	16,0	17,3	21,2	23,7	26,6	30,1	32,3	32,5	30,5	24,6	19,9	16,6	34,1
T.M.	11,1	11,8	14,0	15,4	17,6	21,2	24,1	24,2	22,3	17,9	14,0	11,6	17,1
T.	7,4	7,9	9,3	10,6	12,8	15,9	18,4	18,5	17,0	13,5	10,2	8,2	12,5
T.m	3,8	4,1	4,7	5,7	8,0	10,6	12,8	12,8	11,6	9,1	6,5	4,8	7,9
T.ma	-2,4	-1,8	-0,8	0,5	2,9	5,9	8,7	8,1	6,5	2,5	-0,2	-1,8	-1,8
m.a.	-7,0	-4,6	-4,0	-3,0	-0,8	3,4	5,0	5,6	3,0	-1,6	-3,2	-6,5	-6,5
P.	272,8	234,4	146,0	128,3	154,8	83,4	37,0	52,4	124,2	182,0	204,4	265,5	1886,9



Onde:
M.A T^a máximas absolutas
T.MA T^a medias das máximas absoluta
T.M. T^a media das máximas
T. T^a media mensual
T.m T^a media das mínimas
T.ma T^a media das mínimas absolutas
m.a. T^a mínima absoluta
P. Precipitación media mensual

A continuación preséntase nun gráfico os diferentes tipos de temperatura xuntos para facilitar a comparativa e obter unha idea global.

Gráfico 1: Evolución das temperaturas ao longo do ano (fonte: elaboración propia)








Gráfico 2: Precipitación media mensual (fonte: elaboración propia)



A vista do gráfico de precipitacións podemos dicir que os meses máis chuviosos son os de inverno, onde se rexistra un 40% da precipitación total anual. A porcentaxe correspondente aos meses de verán ronda o 9%, polo que en anos extremos poden existir problemas de seca ou déficit de auga no mes de xullo, como se demostra o climodiagrama. Estes fenómenos de seca de producirse serán puntuais e non se prevén demasiado intensos, xa que é predicible que existan reservas acadadas nos meses de inverno e primavera.



Gráfico 3: Climodiagrama de Walter Lieth (fonte: elaboración propia)



Á vista deste gráfico pode dicirse que o clima oceánico permite un crecemento contínuo da vexetación durante practicamente todo o ano, polo que o incremento anual de biomasa susceptible de arder é importante e nas zonas de risco debe ser retirada con carácter anual.

4.3.3.- Vexetación

A partir da interpretación do mapa de usos do solo do SITGA (E: 1/25.000), do mapa forestal nacional (MFE 50, en formato dixital e escala 1:50:000) e das ortofotos dixitais do municipio a un nivel de detalle compatible cunha escala 1:10.000 determinouse a superficie ocupada polas distintas formacións forestais dominantes.

Predominan as masas mixtas de *Pinus pinaster* e *Eucalyptus globulus* cunha porcentaxe de presenza do 22,60%, seguidas polas masas monoespecíficas de cada unha das especies citadas. En ambos casos se trata de especies moi pirófitas que aparecen recollidas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais; onde se recollen unha relación de especies a efectos da xestión da biomasa vexetal e da ordenación das repoboacións forestais. Ademais as masas de eucalipto atópanse nun importante estado de decrepitude, debido fundamentalmente aos incendios, ao mal estado fitosanitario provocado por *Gonipterus scutellatus*, e á caída dos prezos da madeira.



Por outro lado os bosques de ribeira, formadas principalmente por ameneiros e salgueiros e localizados nas marxes do principal curso de auga que atravesa o territorio, teñen unha presenza significativa e constitúen verdadeiras áreas cortalumes naturais. Cómpre destacar a proliferación nestas áreas da especie invasora *Acacia melanoxylon*.

Formacións forestais predominantes	ha	%
<i>Pinus pinaster e Eucalyptus globulus</i>	2.454,28	22,60
<i>Pinus pinaster</i>	1.558,50	14,35
<i>Quercus robur e outras frondosas</i>	93,55	0,86
<i>Pinus radiata</i>	41,48	0,38
<i>Quercus robur</i>	61,71	0,57
Mato con arborado raro e disperso	990,35	9,12
<i>Eucalyptus globulus</i>	1.181,63	10,88
<i>Pinus pinaster e outras frondosas</i>	352,38	3,25
Árbores de ribeira	149,34	1,38
Monte desarborado	252,86	2,33

Bioxeográficamente o concello pertence ao reino Holártico, rexión Eurosiberiana, provincia Cántabro-atlántica, sector Galaico-portugués e subsector Compostelano. A serie de vexetación climácica en altitudes inferiores a 500 metros, nas que se encontra a maioría da superficie do concello, é a carballeira acidófila colina húmida ou hiperhúmida de *Rusco aculeati-Quercetun roboris*. En cotas superiores a anterior esta carballeira é substituída por unha carballeira acidófila montana hiperhúmida de *Vaccinio myrtilli- Quercetun roboris*.

4.3.4.- Distribución espacial dos combustibles forestais

Ao analizar a distribución espacial dos combustibles forestais segundo a clasificación de modelos de combustible de Rothermel o modelo dominante no conxunto do concello é o modelo 4 que se corresponde con mato ou arborado novo moi denso de aproximadamente dous metros de altura cunha carga de combustible de 5 a 8 t/ha, que ocupa o 39% da superficie total, cunha distribución mais ou menos homoxénea entre todas as parroquias.

O modelo 1, que se corresponde con pasto fino, seco e baixo, que recubre completamente o solo podendo aparecer algunhas plantas leñosas dispersas que ocupen menos de 1/3 da



superficie e cunha carga de combustible (materia seca) de 1 a 2 t/ha ocupa unha porcentaxe do 37%, cunha distribución mais ou menos homoxénea entre todas as parroquias.

O modelo 9, que se corresponde con bosque denso sen mato no que o lume se propaga pola follaxe non moi compacta formada por acículas longas e ríxidas ou por follas grandes de frondosas e cunha cantidade de combustible (materia seca) de 7 a 9 t/ha ocupa un 8% da superficie total e localízase principalmente nas parroquias de Buxán, Paramos, Portomouro e Vilariño.

Os restantes modelos de combustible de mato (modelos 5, 6 e 7) representan en conxunto unha porcentaxe do 15% e ao igual que o modelo anterior concéntranse en determinadas parroquias. Así pois, o modelo 5 localízase nas parroquias de Buxán, Erviñou e Niveiro; o modelo 6 nas de Arabexo, Buxán, Portomeiro e Rial e o modelo 7 nas de Arabexo, Coucieiro, Erviñou e Vilariño.

Finalmente o modelo 2 que é parecido ao modelo 1 pero con unha maior presenza de plantas leñosas e con unha carga de combustible de 5 a 10 t/ha ocupa unha superficie inferior ao 1%.

4.3.5.- Fauna, especies protexidas e localización dos seus hábitats

Todas as especies de aves non cinxéticas están protexidas, non existindo ningunha outra especie de relevancia que goce dalgún réxime de protección, e que deba ser considerada desde o punto de vista da prevención e defensa contra incendios forestais.

4.4.- Risco de incendios

4.4.1.- Incendios forestais

Os incendios forestais supoñen un dos riscos principais con potencial desenvolvemento en áreas rurais. A perigosidade do incendio forestal para a poboación ven dada pola capacidade de afección sobre asentamentos humanos situados no medio rural (que será tratada en profundidade no capítulo relativo ao incendio de interfase), ben debido a incidencia directa do lume sobre as edificación e os seus habitantes, ou ben mediante afectos subsidiarios ligados ao fume, cinza, etc. Supón así mesmo un elevado risco para os operarios encargados da prevención e extinción do incendio, debido a súa exposición directa cos axentes causantes do risco. Ademais dos riscos asociados á poboación, os



incendios forestais supoñen unha das principais ameazas para o desenvolvemento das zonas rurais, debido a súa incidencia sobre a economía forestal, desenvolvida tanto por propietarios privados de fincas forestais, como por comunidades de montes veciñais, e o notable impacto medioambiental, tanto pola afección directa á cobertura arbórea, como polos riscos de erosión derivados da desaparición da mesma.

A solución do problema de incendio forestal non é doada, debido á implicación de un grande número de factores ambientais, sociais e económicos, que en moitos casos entran en conflito. A análise das estatísticas estatais e autonómicas dos últimos vinte anos permite incluso ver un agravamento do problema, que fai pensar a súa continuidade nos próximos anos. Esta realidade fai precisa a adopción de medidas de prevención e loita contra o lume por parte dos diferentes niveis administrativos e dos seus organismos con competencias directas ou indirectas no problema. Debido á incidencia manifestada dos incendios forestais sobre o benestar e seguridade da poboación, é preciso consideralos na planificación de emerxencias ao nivel local, establecida a través do presente documento.

O obxectivo fundamental deste capítulo é a caracterización do risco de incendio forestal para coñecer a súa distribución espacial do municipio. A caracterización farase segundo as seguintes análises:

- Estudo do risco de incendio do municipio mediante a análise de estatísticas de incendios forestais dos últimos 10 anos, de acordo coa metodoloxía seguida no plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais da Xunta de Galicia.
- Zonificación do municipio segundo os modelos de combustible establecidos polo ICONA.
- Zonificación do comportamento do incendio a partir dos catro factores principais que o determinan e que son mais ou menos constantes no tempo: pendente, orientación, exposición a ventos dominantes e combustible (Campbell, 1995)
- Zonificación xeral do risco de incendios a partir dos resultados da análise das estatísticas e da zonificación do comportamento.



Os resultados permitirán a localización espacial das zonas con maior risco de incendios, permitindo unha mellor planificación da xestión do risco ao nivel municipal.

4.4.2.- Incendios de interface

Un dos riscos máis salientable entre os ligados ao incendio forestal é o que se deriva dos lumes nos que se ven implicadas as zonas habitadas. A interface entre as zonas habitadas, ben sexan núcleos rurais, urbanizacións situadas no rural, ou zonas suburbanas, coas áreas de monte ou terreos forestais, pode dar lugar a un risco de incendio caracteristicamente bidireccional. Por unha parte, as actividades humanas cotiás poden dar lugar á iniciación de lumes nas áreas de vexetación forestal, debido a descoidos, manexo inapropiado de maquinaria, ou intencionalidade directa. Por outra, incendios forestais poden propagarse ata as inmediacións das vivendas e edificacións poñendo en perigo as vidas dos seus habitantes, e mailo seu patrimonio. O risco de que se produza este tipo de eventos, independentemente da súa orixe, denominarase de forma xenérica neste PAM como risco de incendio de interface forestal-urbana, ou simplemente risco de incendio forestal ou urbano, e que fan del un risco específico de incendio. Tales características móstranse a continuación:

- Na maior parte dos casos as vivendas afectadas por este tipo de incendios carecen de protección activa e pasiva.
- Acceso a vivendas situadas nas áreas forestais montañosas é xeralmente máis dificultosos. Os servizos de loita contra incendios forestais tardan moito máis tempo en acceder ás vivendas que os seus homólogos na cidade. Ademais, as infraestruturas en ditas localización adoitan ser vías que terminan na propia entidade de poboación, o que as converte nunha única vía de escape.
- A auga para as operación de loita contra incendios nestas localizacións non sempre está dispoñible no lugar, cantidade e momento que se require.
- A presenza de fume nas zona urbanizadas próximas ao incendio e un efecto colateral importante, sobre todo se afecta a equipamentos nos que se concentra poboación vulnerable, como residencias de anciáns, centros docentes, etc.



- A presenza de zonas urbanizadas moi próximas á zona incendiada dificulta o emprego de medios aéreos.
- Como se mencionou antes, as zonas urbanizadas nas inmediacións de áreas forestais non só son receptoras dos efectos dos lume e do fume, se non que frecuentemente son elas mesmas fonte de novos focos de incendio (Alcázar et al, 1998).
- A poboación ten que manterse informada do perigo real no caso de verse afectada. Neste caso requírese unha coordinación dos diferentes estamentos públicos dos que dependa a seguridade da cidadanía.

O decreto 105/2006, de 22 de xuño, polo que se regulan as medidas relativas á prevención de incendios forestais, á protección dos asentamentos no medio rural e a regulación de aproveitamentos e repoboacións forestais, establece unha serie de medidas para facer fronte ao risco do incendio de interface. Entre estas, establécense como zonas de risco de incendio forestal, ademais dos montes e áreas forestais, as restantes áreas rurais dentro dun perímetro de 400 metros arredor daqueles, enumerando unha serie de prohibicións de actividades e instalacións con risco de iniciar un lume (almacéns de materiais inflamables, pirotécnicos, etc.) que se atopen a menos de 10 metros das zonas de monte. Estas distancias permiten a definición normativa da afección en torno ás áreas de monte, que deberá ser completada con información relativa á densidade de poboación para detectar as áreas onde o risco de incendio de interface é maior.

4.5.- Análise do risco de incendio forestal

4.5.1.- Análise estatística

A análise das estatísticas de incendios forestais para o período 1999-2008 ao nivel parroquial, proporcionadas polo Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais da Xunta de Galicia (SPDCIF), permite realizar unha caracterización do risco baseado na ocorrencia real dos incendios forestais na superficie municipal. Para iso, realizouse unha análise previa cualitativa dos incendios producidos, para posteriormente caracterizalos cuantitativamente mediante o cálculo dun índice de risco parroquial de incendios.



4.5.2.- Análise cualitativa das estatísticas de incendio forestal

A seguinte táboa mostra os datos de superficie queimada e número de incendios ocorridos no período 1999-2008 para todo o municipio. En canto ao número de incendios foi diminuindo no período de referencia, hasta alcanzar un número total de 4 no ano 2008. O ano de maior número de incendios foi o 2002 cun total de 44, que non se corresponde co ano de maior superficie ardida.

O ano no que se queimou mais superficie foi o 2006, cun total de 1.519,68 ha (que representa o 76,6 % da superficie total queimada no período de referencia) a pesar de que o número de incendios deste ano é inferior ao dalgúns anos anteriores. A razón deste máximo é que no ano 2006 produciuse unha vaga de incendios na franxa costeira de Galicia que fixo que dous lumes da parroquia de Portomouro e un da de Erviñou se propagasen como consecuencia de non poder ser atendidos desde un principio con medios suficientes, ardendo 929, 260 e 210 ha, respectivamente. Compre subliñar ademais que mais do 90% da superficie ardida nese ano foi arborada, influíndo dun xeito importante na estatística global do período.

En computo xeral, a superficie ardida rasa foi superior a arborada en todos os anos de estudo salvo no 2006, no que a superficie arborada queimada foi de 1.376,35 ha; o que deu lugar a que en computo xeral sexa superior a superficie arborada queimada que a rasa.

Táboa 16: N° de incendios e superficie queimada no período 1999-2008 (Fonte: elaboración propia a partir dos datos S.P.D.C.I.F. da Xunta de Galicia)

Ano	N° de lumes	Superficie arborada (ha)	Superficie rasa (ha)	Superficie total (ha)
1999	17	0,31	2,25	2,56
2000	28	31,96	70,50	102,46
2001	25	16,76	35,81	52,57
2002	44	29,14	68,66	97,80
2003	10	3,61	15,77	19,38
2004	29	52,46	85,45	137,91
2005	13	18,05	24,60	42,65
2006	23	1.376,35	143,33	1.519,68
2007	2	0,30	0,02	0,32



2008	4	4,25	4,50	8,75
Total	195	1.533,19	450,89	1.984,08

Como pode verse no seguinte gráfico é destacable o aumento da superficie ardida no ano 2006, ano no que Galicia se viu assolada por unha oleada de incendios á que o concello non foi allea.

Gráfico 4: Superficie total ardida do concello de Val do Dubra por ano entre 1999 e 2008 (fonte: elaboración propia a partir dos datos do S.P.D.C.I.F. da Xunta de Galicia)




Gráfico 5: Número de incendios do concello de Val do Dubra por ano entre 1999 e 2008 (fonte: elaboración propia a partir dos datos do S.P.D.C.I.F. da Xunta de Galicia)







Gráfico 6: Evolución do número de incendios por parroquias desde 1999 ao 2008 (fonte: elaboración propia a partir dos datos do S.P.D.C.I.F. da Xunta de Galicia)




As parroquias de Erviñou e Rial son as que, en computo total no período de estudo (1999-2008), presentaron maior número de incendios.

Existe un repunte salientable na superficie ardida no ano 2006 nas parroquias de Portomouro e Erviñou, ano no que tivo lugar a vaga de lumes.



Gráfico 7: Evolución da superficie ardiada por parroquias desde 1999 a 2008 (fonte: elaboración propia a partir dos datos do S.P.D.C.I.F. da Xunta de Galicia)




Táboa 16: N° de incendios e tipo de superficie queimada en hectáreas entre os anos 1999 e 2008 para cada parroquia (fonte: elaboración propia a partir dos datos do S.P.D.C.I.F. da Xunta de Galicia)

Parroquia	Nº lumes	Superficie (ha)			Superficie media por incendio
		arborada	rasa	total	
ARABEXO (SANTA MARÍA)	14	2,28	7,32	9,60	0,69
BEMBIBRE (SAN SALVADOR)	4	0,25	0,29	0,54	0,14
BUXÁN (SANTIAGO)	4	2,42	5,58	8,00	2,00
COUCIEIRO (SAN MARTIÑO)	10	5,79	5,43	11,22	1,12



ERVIÑO (SAN CRISTOVO)	36	206,59	129,91	336,50	9,35
NIVEIRO (SAN VICENTE)	22	30,71	31,47	62,18	2,83
PARAMOS (SANTA MARÍA)	14	14,56	24,10	38,66	2,76
PORTOMEIRO (SAN COSME)	17	5,12	18,17	23,29	1,37
PORTOMOIRO (SAN CRISTOVO)	8	1.197,21	86,80	1.284,01	160,50
RIAL (SAN VICENTE)	50	49,73	122,72	172,45	3,45
SAN ROMÁN (SANTA MARIÑA)	15	18,08	19,10	37,18	2,48
VILARIÑO (SAN PEDRO)	1	0,45	0,00	0,45	0,45
TOTAIS VAL DO DUBRA	195	1.533,19	450,89	1.984,08	10,17

Gráfico 8: Superficie total rasa e arborada queimada no concello de Val do Dubra no período 1999-2008 (fonte: elaboración propia a partir dos datos do S.P.D.C.I.F. da Xunta de Galicia)



Táboa 17: N° de incendios segundo as causas no período 1999-2008 para cada parroquia (fonte: elaboración propia a partir dos datos S.P.D.C.I.F da Xunta de Galicia)


Parroquia	Intencionados	Queimas	Escape de vertedoiros	Outras negligencia	Descoñecida	Outras causas	Total
ARABEXO (Santa María)	13	0	0	0	1	0	14
BEMBIBRE (San Salvador)	3	0	1	0	0	0	4
BUXÁN (Santiago)	4	0	0	0	0	0	4
COUCIEIRO (San Martiño)	10	0	0	0	0	0	10



ERVIÑO (San Cristovo)	35	1	0	0	0	0	36
NIVEIRO (San Vicente)	20	1	0	0	0	1*	22
PARAMOS (Santa María)	13	0	0	0	1	0	14
PORTOMEIRO (San Cosme)	14	0	0	0	3	0	17
PORTOMOURO (San Cristovo)	8	0	0	0	0	0	8
RIAL (San Vicente)	47	1	0	1	1	0	50
SAN ROMÁN (Santa Mariña)	14	0	0	0	1	0	15
VILARIÑO (San Pedro)	1	0	0	0	0	0	1
TOTAL VAL DO DUBRA	182	3	1	1	7	1	195

(*) reprodución

Gráfico 9: Porcentaxe das distintas causas de incendios no concello de Val do Dubra durante o período 1999-2008 (fonte: elaboración propia a partir dos datos S.P.D.C.I.F da Xunta de Galicia)




Táboa 18: Número total de incendios por motivacións no concello de Val do Dubra no período 1999-2008 para cada parroquia (fonte: elaboración propia a partir dos datos S.P.D.C.I.F da Xunta de Galicia)

Parroquia	Eliminación de mato	Rexeneración de pasto	Cazadores	Disputas titularidade	Pirómano	Descoñecida	Outra	Total
ARABEXO	4	4	1	0	0	1	3	13
BEMBIBRE)	2	1	0	0	0	0	0	3
BUXÁN	4	0	0	0	0	0	0	4
COUCIEIRO	3	2	0	0	0	4	1	10
ERVIÑO	12	12	2	0	0	4	5	35



NIVEIRO	13	6	0	0	0	1	0	20
PARAMOS	8	3	0	0	0	1	1	13
PORTOMEIRO	4	5	0	0	0	4	1	14
PORTOMOURO	0	0	1	0	1	5	1	8
RIAL	27	11	1	0	0	2	6	47
SAN ROMÁN	7	5	0	0	0	1	1	14
VILARIÑO	0	0	0	1	0	0	0	1
TOTAIS VAL DO DUBRA	84	49	5	1	1	23	19	182

Gráfico 10: Porcentaxe das distintas motivacións de incendios no concello de Val do Dubra durante o período 1999-2008 (fonte: elaboración propia a partir dos datos S.P.D.C.I.F da Xunta de Galicia)



4.5.3.- Análise cuantitativa do risco de incendio forestal: Índice de risco parroquial de incendio

Os principais factores que afectan á probabilidade de que un lume se inicie, e polo tanto deben ser considerados na elaboración de modelos de inicio ou de risco de ignición son os seguintes (Sarandon *et al.*, 1992):

- Factores meteorolóxicos.
- Factores topográficos



- Factores relativos aos combustibles
- Antecedentes de ocorrencia, basados nos rexistros históricos de incendios forestais.
- Influencia antrópica (proximidade de estradas, camiños, sendas, áreas urbanas e sitios turísticos)

O artigo 10 da lei 3/2007 estableceu un índice de risco diario de incendio forestal (IRDI), que terá en conta os seguintes factores: situación meteorolóxica, estado da biomasa vexetal, estado das infraestruturas preventivas das masas arbóreas e estado do solo. Na práctica a maioría dos sistemas de determinación traballan con índices baseados case exclusivamente en factores meteorolóxicos, pois a humidade da biomasa vexetal (especialmente da morta que gaña e perde humidade por higroscopicidade, e que é na que se inicia o lume e a que o propaga) e o estado do solo (existencia de déficit hídrico,...) dependen en gran medida de factores meteorolóxicos. As infraestruturas preventivas das masas arbóreas, non afectan directamente ao risco de que haxa un incendio, salvo desde o punto de vista de que poden ser transitadas e deste xeito incrementase a influencia antrópica, estando mais relacionadas coa maior ou menor facilidade de extinción.

Os índices de risco estáticos calculados a partir de factores estruturais do medio e de datos estatísticos de recorrencia de incendios, son de gran interese para a planificación das actuacións de prevención de incendios forestais. Vélez (2000) define o risco local de incendio ou grado básico de perigo como a probabilidade de que se produza un incendio nunha zona determinada. No caso que nos ocupa esa zona será a parroquia, polo que nos referiremos ao risco parroquial de incendio. A determinación do risco parroquial de incendio (PB) faise baseándose en tres índices (índice de frecuencia (I_f), índice de causalidade (I_c) e perigosidade derivada do combustible vexetal (M_i)) obtidos a partir dos datos que proporcionan as estatísticas expostas no apartado anterior. A expresión que define o cálculo do índice é a seguinte:

$$PB = I_f \cdot I_c \cdot M_i$$

Este índice posibilitará a determinación das parroquias onde o risco de incendio é máis elevado, permitindo unha zonificación segundo os valores obtidos. A continuación expone



o cálculo dos compoñentes da expresión de cálculo para o índice de risco parroquial de incendio

4.5.3.1.- Índice de frecuencia

Defínese como o promedio do número de lumes nunha determinada zona, e para un período de observación concreto (Velez, 2000). Calcúlase mediante a expresión:

$$I_f = \frac{1}{a} \sum_1^a n_i$$

Onde:

I_f : índice de frecuencia

a : número de anos considerados

n_i : número de lumes para a zona e o período considerados

Os intervalos que se establecen para cualificar o índice son os establecidos na táboa seguinte:

Táboa 19: Clasificación do Índice de frecuencia (fonte: plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais da Xunta de Galicia)

I_f	Valoración
1-2	Baixo
3-4	Moderado
5-6	Alto
7-10	Grave

4.5.3.2.- Índice de causalidade

O índice de causalidade da unha idea da causa máis frecuente dos incendios forestais no período e na zona considerada (Velez, 2000). Calcúlase asignando a cada causa un coeficiente de perigosidade (do 1 ao 10) e considerando a relación entre o número total de incendios, nun período de tempo determinado, e o número de incendios por cada causa no mesmo período de tempo.

O coeficiente de perigosidade considera a correlación de incendios que ten cada causa, considerando as condicións do monte iguais para todos.



O coeficiente de perigosidade toma os seguintes valores:

C	Tipo causa
10	Intencionado
5	Neglixencia
4	Descoñecido
1	Raio

A súa expresión é a seguinte:

$$I_c = \frac{\sum_1^a c \cdot n_{ic}}{\sum_1^a n_i}$$

Onde:

I_c : Índice de causalidade

c : coeficiente de perigosidade segundo a causa

n_{ic} : número de lumes por cada causa

n_i : número de lumes totais

Os intervalos que se establecen para cualificar o índice son os seguintes:

Táboa 20: Clasificación do índice de causalidade (fonte: plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais da Xunta de Galicia).

I_c	Valoración
0-2	Baixo
3-4	Moderado
5-6	Alto
7-10	Grave

4.5.3.3.- Perigosidade derivada do combustible vexetal

A perigosidade do combustible depende da especie predominante, o seu contido de humidade e acumulación. Estes factores, a efectos de cálculo, reflíctense en forma dun



coeficiente de inflamabilidade, que, multiplicado pola superficie existente de cada modelo de combustible vexetal e relacionado coa superficie total da zona a estudar, dá unha idea da importancia que vai ter a cobertura vexetal presente, no risco de que se produza un lume (Velez, 2000). A súa expresión é a seguinte:

$$M_i = \frac{1}{S_f} \sum_1^{13} m \cdot S_{fm}$$

Onde:

M_i : coeficiente de inflamabilidade

S_f : superficie forestal total

m : coeficiente de risco de cada modelo de combustible (táboa 21)

S_{fm} : superficie forestal de cada modelo

Táboa 21: Coeficiente de risco para cada modelo de combustible (fonte: Velez, 2000)

Modelo de combustible	<i>m</i>
Herbáceas (modelos 1,2,3)	10
Matogueiras (modelos 4,5,6,7)	10
Restos baixo arborado (modelo 8,9,10)	5
Restos leñosos (modelos 11, 12, 13)	1

Os intervalos que se establecen para cualificar o índice son os seguintes:

Táboa 22: Clasificación da perigosidade derivada do combustible vexetal (fonte: plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais da Xunta de Galicia).

M_i	Valoración
1-2	Baixo
3-4	Moderado
5-6	Alto
7-10	Extremo



A combinación destes tres índices daranos o risco parroquial de incendio ou grado básico de perigo (*PB*) para cada parroquia:

$$PB = I_f \times I_c \times M_i$$

Os intervalos que se establecen para cualificar o índice son os seguintes:

Táboa 23: Clasificación do risco parroquial de incendio (fonte: elaboración propia).

<i>PB</i>	Valoración
<10	Baixo
11-100	Medio
101-250	Elevado
>250	Moi elevado

Táboa 24: Valor parroquial dos diferentes índices (fonte: elaboración propia).

Parroquia	<i>I_f</i>	Valor	<i>I_c</i>	Valor	<i>M_i</i>	Valor	<i>PB</i>	Valor
ARABEXO (SANTA MARÍA)	1,40	Baixo	9,57	Grave	10,00	Extremo	134,00	Elevado
BEMBIBRE (SAN SALVADOR)	0,40	Baixo	8,75	Grave	9,91	Extremo	34,69	Medio
BUXÁN (SANTIAGO)	0,40	Baixo	10,00	Grave	8,40	Extremo	33,58	Medio
COUCIEIRO (SAN MARTIÑO)	1,00	Baixo	10,00	Grave	9,90	Extremo	99,01	Medio
ERVIÑO (SAN CRISTOVO)	3,60	Moderado	9,86	Grave	10,00	Extremo	355,00	Moi elevado
NIVEIRO (SAN VICENTE)	2,20	Baixo	9,50	Grave	9,60	Extremo	200,57	Elevado
PARAMOS (SANTA MARÍA)	1,40	Baixo	9,57	Grave	8,50	Extremo	113,95	Elevado
PORTOMEIRO (SAN COSME)	1,70	Baixo	8,94	Grave	10,00	Extremo	152,00	Elevado
PORTOMOIRO (SAN CRISTOVO)	0,80	Baixo	10,00	Grave	9,22	Extremo	73,79	Medio
RIAL (SAN VICENTE)	5,00	Alto	9,68	Grave	10,00	Extremo	484,00	Moi elevado
SAN ROMÁN (SANTA MARIÑA)	1,50	Baixo	9,60	Grave	10,00	Extremo	144,00	Elevado
VILARIÑO (SAN PEDRO)	0,10	Baixo	10,00	Grave	9,20	Extremo	9,20	Baixo



O cálculo do risco parroquial de incendio forestal (*PB*) permite unha zonificación do municipio de Val do Dubra por parroquias, segundo o risco de incendio sexa baixo, medio, elevado ou moi elevado. Os resultados desta zonificación poden verse graficamente no anexo de mapas.

Contrastando os valores do risco parroquial de incendio coa prioridade de actuación recollida no Plan de prevención e defensa contra incendios forestais (PPDCIF) do Distrito III, apréciase unha boa correlación, con algunhas excepcións entre as que comprende destacar as dúas seguintes:

- A parroquia de Rial ten unha prioridade de actuación media no plan de distrito a pesar de que o risco de incendios desta parroquia é moi elevado, a densidade de poboación superior a media do concello e a extinción complexa pola súa topografía.
- A parroquia de Portomouro ten unha prioridade de actuación alta no plan de distrito a pesar de que o risco de incendios desta parroquia é medio. Non obstante a superficie media por incendio é moi elevada, dada a presenza de acantilados e de accesos ao monte que complican a extinción. Por outra banda unha recorrencia de incendios baixa supón unha maior acumulación de biomasa e incendios potencialmente mais intensos.

Táboa 25: Comparación da prioridade de actuación establecida no PPDCIF do Distrito III co *PB* calculado neste plan (fonte: elaboración propia).

	Parroquia	Prioridade de actuación no PDCIFD	Valor do PB
1508801	ARABEXO (SANTA MARÍA)	Baixa	Elevado
1508802	BEMBIBRE (SAN SALVADOR)	Baixa	Medio
1508803	BUXÁN (SANTIAGO)	Baixa	Medio
1508804	COUCIEIRO (SAN MARTÍÑO)	Baixa	Medio
1508805	ERVIÑO (SAN CRISTOVO)	Moi alta	Moi elevado
1508806	NIVEIRO (SAN VICENTE)	Media	Elevado
1508807	PARAMOS (SANTA MARÍA)	Baixa	Elevado
1508808	PORTOMEIRO (SAN	Media	Elevado



	COSME)		
1508809	PORTOMOURO (SAN CRISTOVO)	Moi alta	Medio
1508810	RIAL (SAN VICENTE)	Media	Moi elevado
1508811	SAN ROMÁN (SANTA MARIÑA)	Baixa	Elevado
1508812	VILARIÑO (SAN PEDRO)	Baixa	Baixo

4.5.4.- Distribución espacial dos modelos de combustible forestal

O comportamento do lume nun incendio forestal depende de tres factores que constitúen o triángulo do comportamento do lume. Estes factores son a topografía, o tempo atmosférico e o combustible vexetal. Este último factor considerase como o único compoñente sobre o que se pode actuar, xa que actuar sobre a topografía ou sobre o tempo atmosférico non é posible (Velez, 2000). A caracterización do combustible é, polo tanto, de vital importancia para a predición do comportamento do incendio forestal, e para a planificación e xestión das actuacións de prevención e extinción.

Os modelos de combustible defínense polo conxunto de descritores numéricos que caracterizan un determinado complexo de combustible vexetal. Os modelos de combustible son utilizados para integrar as características dos complexos de combustible vexetal nos modelos matemáticos de predición de comportamento do lume.

Os combustibles forestais divídense en tres grupos en función da súa rapidez para arder:

- Combustible mortos lixeiros ou finos: herbas, follas, acículas, ramiñas.
- Combustibles mortos grosos: troncos, ramas, raíces.
- Combustibles vivos: as plantas vivas.

Así mesmo, os combustibles vexetais poden ser clasificados en función do tempo de retardo. O tempo de retardo defínese como o tempo que tarda un combustible morto en equilibrar o seu contido en humidade coa humidade relativa ambiental (GRAF, 2004). O tempo de retardo mídese en horas ten relación directa co tamaño do combustible vexetal.



4.5.4.1.- Definición e clasificacións

Nos anos setenta aparece o termo *modelo de combustible*. Os modelos desenrolados por Rothermel, Anderson, Albini, Brown, Anderws e outros, no Laboratorio de Incendios Forestais (National Forest Fire Laboratory), foron os máis estendidos, chegando a Europa a mediados dos anos oitenta (Vélez, 2000).

A clasificación de Rothermel (1983) agrupa aos combustibles en función de cal é o combustible principal que conduce o lume:

A. Pasteiros

Modelo 1: pasteiros puros, baixo e secos

Modelo 2: pasteiros con mato disperso

Modelo 3: pasteiros puros, altos e secos

B. Matogueira

Modelo 4: matogueira alta e repoboacións recentes

Modelo 5: matogueira baixa

Modelo 6: matogueiras medias e secas con cuberta arbóreas ou non

Modelo 7: matogueira de especies moi inflamables

C. Bosques



Modelo 8: follaxe de bosques adultos e pechados

Modelo 9: follaxe de bosques de frondosas

Modelo 10: mato e follaxe bosques adultos

D. Restos de actuacións silvícolas

Modelo 11: restos lixeiros de explotación ou tratamentos silvícolas

Modelo 12: restos medios de explotación ou tratamentos silvícolas

Modelo 13: restos de explotación ou tratamentos silvícolas e bosques naturais maduros

A versión simplificada dos trece modelos de Rothermel foi adoptada polo ICONA, que en 1987 iniciou a elaboración dunha clave fotográfica de modelos de combustible, considerando zonas homoxéneas dende o punto de vista forestal. Para cada zona seleccionáronse as fotografías máis representativas de cada un dos modelos (Velez, 2000). Esta clave fotográfica empregouse no presente plan para a asignación de modelos na vexetación presente no municipio de Val do Dubra.

4.5.4.2.- Elaboración da cartografía de modelos de combustible

A avaliación do complexo de combustibles forestais require o levantamento dun inventario, o cal resulta incosteable cando se trata de superficies de gran extensión territorial. Por outro lado debe terse en conta que os ecosistemas forestais son sistemas dinámicos produto da acción de factores que actúan e interactúan a diferentes escalas espaciais e temporais dun xeito relativamente xerárquico (Delcourt et al., 1983; Forman y Godron, 1986; Zonneveld, 1995). Neste senso, para a realización do mapa de combustible empregáronse as seguintes fontes:

- Mapa forestal nacional (MFE 50) en formato dixital, a escala 1:50.000 iniciado en 1997.
- Ortofotos dixitais do municipio a un nivel de detalle compatible cunha escala 1:10.000, realizadas no ano 2006.

O mapa forestal nacional será de gran utilidade, xa que conta cunha descrición moi rigorosa das diferentes teselas nas que se encontra dividido. Para a definición dos modelos



de combustible a empregar no municipio, seleccionáronse aqueles datos que reflictan mellor a estrutura da vexetación, a cobertura e a cantidade de material vexetal dispoñible para elaborar o mapa de combustible. Os campos de datos escollidos foron os seguintes:

- Especie 1 e especie 2: nestes campos detállanse as especies ou agrupacións dominantes na tesela.
- Fracción de cabida cuberta total da vexetación arbórea e de mato.
- Fracción de cabida cuberta do conxunto das especies do estrato arbóreo.
- Tipo de estrato: identificación dos distintos usos do solo en xeral, e dentro do uso forestal, das distintas estruturas da vexetación que ocupa as teselas.
- Distribución: reflicte as distintas formas en que pode aparecer agrupada a vexetación arbórea.
- Campo “E”: fase de desenvolvemento das poboacións vexetais.

Do mesmo xeito, a fotografía aérea, permitirá a comprobación e verificación das teselas do mapa forestal e axuste das mesmas. Tamén permitirá a comparación coa clave fotográfica elaborada polo ICONA.

A continuación faise unha descrición de cada un dos modelos establecidos polo ICONA para a zona de Galicia, e aqueles teselas do mapa forestal nacional correspondentes ao municipio de Val do Dubra que se incluiron no modelo.

Modelo 1: pasteiro continuo fino, seco e baixo, cunha altura por debaixo do xeonllo. O mato ou o arborado cobren menos dun terzo da superficie. As praderías naturais con herbas anuais son exemplos típicos nesta zona. Os lumes propagáronse con gran velocidade polo pasto seco. Carga: 1-2 t/ha. (ICONA, 1987). Incluironse neste modelo as teselas denominadas no MFE como agrícolas e pasteiros. A fotografía aérea mostra, que na maioría dos casos estas teselas son praderías de herbas anuais baixas. Aínda que nesta zona este tipo de vexetación mantense verde durante case todo o ano, en condicións de seca e humidades relativas baixas, estas praderías poden secarse moito contribuindo á rápida propagación do lume.



Modelo 2: pasteiro con mato disperso ou arborado raro que cubre entre un e dous terzos da superficie. O combustible está formado polo pasto seco, a follarasca e poliñas caídas da vexetación leñosa. Os lumes propáganse a través do pasto, de forma mais lenta ca no anterior modelo pero cunha maior intensidade. Carga: 5-10 t/ha. (ICONA, 1987). Incluíronse neste modelo as teselas denominadas no MFE como pasteiros nas que a fotografía aérea mostra certo abandono e colonización por mato ou arborado. Ao igual que no modelo 1, aínda que nesta zona este tipo de vexetación mantense verde durante case todo o ano, en condicións de seca e humidades relativas baixas, estas praderías poden secarse moito contribuindo á rápida propagación do lume.

Modelo 4: mato e arborado novo moi denso de uns dous metros de altura. Continuidade horizontal e vertical do combustible. Abundancia de combustible leñoso morto (ramas) sobre as plantas vivas. O lume propágase rapidamente sobre as copas do mato con gran intensidade e lapas grandes. A humidade do combustible vivo ten gran influencia no comportamento do lume. Carga: 25-35 t/ha (ICONA, 1987). Incluíronse neste modelo aquelas teselas denominadas no MFE como “matorral”. Na fotografía aérea pódense ver zonas onde o mato é denso e alto, e tamén incluíronse teselas onde existen árbores xoves con tanxencia de copas e con alta densidade de plantación.

Modelo 5: mato denso pero baixo, altura non superior a 0,6 metros. Con cargas lixeiras de follaxe do mesmo mato, que contribúe a propagar o lume con ventos frouxos. Lume de intensidade moderada. Carga: 5-8 t/ha (ICONA, 1987). Incluíronse neste modelo aquelas teselas do MFE onde o mato é máis vello e alto que no caso anterior. Incluíronse tamén aquelas teselas onde o arborado presenta unha fracción de cabida cuberta entre o 20% e o 70% onde o plan nacional de restauración hidrológico-forestal y control de la erosión (ICONA, 1988), considera que son masas con arborado defectivo.

Modelo 6: mato máis vello ca no modelo 5, con alturas entre 0,6 e 1,2 metros. Os combustibles vivos son máis escasos e dispersos. En conxunto é máis inflamable que o modelo 5. O lume propagase a través do mato con ventos moderados a fortes. Carga: 10-15 t/ha (ICONA, 1987). Incluíronse neste modelo aquelas teselas do MFE onde o mato é máis baixo que o caso anterior. Incluíronse tamén aquelas teselas, onde o arborado presenta



unha fracción de cabida cuberta inferior ao 20%. Neste caso o mato pode crecer debido a que o arborado presenta unha cobertura defectiva.

Modelo 7: matogueiras moi inflamables, con alturas de 0,5 a 2 m, situadas como sotobosque de coníferas. Os incendios propáganse a través da superficie con igual facilidade que se se tratase dun combustible morto de alto contido hídrico a causa do alto grado de inflamabilidade da follasca viva do mato. Carga: 10-15 t/ha (ICONA, 1987). Incluíronse neste modelo aquelas teselas do MFE onde o arborado presenta unha fracción de cabida cuberta inferior ao 20% e onde a clase fitosociolóxica leñosa predominante é *Calluno-Ulicetea*. Neste caso o mato pode medrar debido a que o arborado presenta unha cobertura defectiva.

Modelo 9: follaxe en bosque denso de coníferas ou frondosas, e diferénciase do modelo 8 en que forma unha capa esponxosa pouco compacta, con moito aire interposto. Está formada por acículas largas, como nas masas de *Pinus pinaster*, ou por follas grandes e rizadas, como as dos carballos (*Quercus sp*) ou incluso de castiñeiro. Os lumes son máis rápidos e con lapas máis longas que no modelo 8. Carga: 7-9 t/ha (ICONA, 1987). Incluíronse neste modelo aquelas teselas denominados polo MFE como masas de *Pinus pinaster*, *Pinus radiata*, *Quercus robur*, *Quercus pyrenaica* e *Castanea sativa* cunha fracción de cabida cuberta (Fcc) superior ao 70%. O plan nacional de restauración hidrolóxico-forestal e control da erosión (ICONA, 1988) considera arborado denso aquel que teña unha Fcc>70%. Neste caso o grado de desenvolvemento das masas evitarán o crecemento dun sotobosque de mato que permita a continuidade horizontal do lume. O combustible que propagará o lume no caso de producirse, será o mantiño de pinocha e follaxe.

4.5.5.- Predición de comportamento dos lumes

A partido dos anos setenta, no Servizo Forestal de Estados Unidos (United States Forest Service) intentáronse establecer modelos matemáticos que permiten realizar predicións sobre o comportamento do lume. No ano 1984, Rothermel e Burgan desenvolven un modelo que será aplicado no sistema Behave. Con posterioridade desenvolvéronse outros simuladores baseados nos modelos de Rothermel e Burgan ou en modificacións destes, como son o Cardin, o Farsite_{TM} e o Flammap_{TM}, de gran relevancia e xeneralización de



emprego a escala mundial (Martínez- Millán & Saura, 2000b). Non obstante, a eficacia dos simuladores anteriores non está contrastada en Galicia e o seu uso precisa de moitos datos, podendo levar a resultados incoherentes cando se aplican como ferramenta de axuda en labores de planificación. Debido a isto optouse por usar un sistema mais recente, sinxelo e intuitivo, como é o sistema de predición do comportamento de Campbell (CPSL) (Campbell, 1995), co obxecto de zonificar o municipio en áreas con mais ou menos factores favorables para a propagación do lume.

O sistema de predición de comportamento do lume de Campbell (Campbell prediction system language) permite anticiparse ao comportamento futuro do incendio, sendo unha axuda moi potente para a análise da emerxencia por lume forestal. Ademais, cando se aplica correctamente, permite o entendemento entre os diferentes medios que interveñen na extinción. Este sistema ben integrado pode axudar a reducir a coñecida falta de coordinación tan mencionada en moitos incendios. A implantación do sistema require ter en conta dúas cuestións importantes:

- a) Para integralo requírese unha inversión importante en formación do persoal, cunha prioridade maior sobre os mandos de unidades ou brigadas. Para iso é interesante establecer un plan de formación xeral e específica dos diferentes axentes intervintes.
- b) Requírese un período de tempo para a súa adaptación. É moi recomendable a realización sempre dunha análise posterior de cada incendio, co obxectivo de facer unha posta en común dos coñecementos e corrixir aqueles erros subsanables. As estratexias e tácticas deben xustificarse con este tipo de accións, intentando que para os sucesivos incendios todos se integren mellor.

Os factores básicos que afectan ao comportamento de lume poden ser múltiples. O famoso tetraedro do comportamento non é mais ca unha simplificación. Pero realizar unha análise con múltiples factores resulta moi complexo e pode levar a erros, máxime cando a simulación se emprega como unha ferramenta de prevención como para determinar as áreas con maior risco de propagación dun potencial incendio.

O sistema ideado polo analista Douglas Campbell permite adaptar no ámbito de campo o tetraedro de forma cómoda, ao establecer aliñacións de factores ou de forzas. Traballa



principalmente con tres variables: a pendente, o vento e o combustible, e tendo moi en conta a cuarta que é o ambiente de lume. O resto de variables tamén poden intervir, pero a efectos prácticos podemos considerar a estas tres como clave de coñexión coas demais. Polo tanto a lóxica que explica a aliñación de forzas será de aplicación a estes factores e, outras variables a considerar, introducíranse se se observa unha participación apreciable. Neste plan, aos efectos de levar a cabo a análise anterior e zonificar o concello segundo o risco de propagación e a dificultade de extinción no caso de incendios, considerouse, ademais dos tres factores anteriores, orientación, pendente e vento, un cuarto factor que é o modelo de combustible.

Empregando estes catro factores realizouse unha análise espacial co fin de definir unidades de risco de propagación de incendio, que se definen como aquelas zonas onde os principais factores que participan na propagación do lume toman valores similares. A metodoloxía a seguir consiste no seu estudio en conxunto, vendo como interaccionan entre si todos eses factores. Para realizar esta primeira zonificación procedeuse do seguinte xeito:

1. Establécense coma condición de partida 4 niveles de perigo, cada un cunha valoración determinada entre 1 e 4. Tal valoración correspóndese cos grados de risco descritos na táboa.
2. Identifícanse territorialmente e de xeito independente os catro factores considerados que mais inflúen no comportamento do lume (pendente, exposición a ventos dominantes, orientación e modelo de combustible) e valóranse tamén nunha escala de 1 a 4.
3. Os diferentes valores pódense segundo a súa importancia, co fin de ter en conta que non todos inflúen do mesmo xeito en canto á propagación do lume.
4. Os valores existentes para cada factor intégranse nun índice único, que coma no caso dos factores illados, tomará valores entre 1 e 4.



Táboa 26: Clasificación e valoración do risco de propagación dun incendio forestal (fonte: elaboración propia)

Grado de risco	Valoración
Risco de incendio baixo	1
Risco de incendio moderado	2
Risco de incendio alto	3
Risco de incendio extremo	4

A continuación móstranse as valoración e ponderacións elixidas para cada un dos factores, xunto coa súa xustificación correspondente:

1. Orientación

A orientación do combustible na pendente respecto á radiación solar, indica cando o combustible está frío e cando está quente. De feito a radiación solar intervén na humidade ambiental en superficie e polo tanto, na dispoñibilidade de combustible. A orientación ten incidencia directa sobre:

- A temperatura do combustible e polo tanto sobre a combustibilidade da vexetación. O sol no seu movemento diario, de 15° /hora, quenta durante certos períodos de tempo as diferentes exposicións. Cando unha ladeira está totalmente insolada aumenta a súa temperatura e a humidade relativa baixa polo que será mais desecante e retirará case toda a humidade dos combustibles de 1, 10 e 100 horas de retardo. Provocará que a vexetación estea moito mais inflamable e que todo o proceso de combustión se produza con mais facilidade.
- O tipo de vexetación. O estres hídrico, a radiación solar ou os aspectos microclimáticos entre outros van a condicionar en moitos casos a vexetación que atopamos e o tipo de combustible ou modelo.

Este factor ponderase con coeficiente de 0,2, e valórase de acordo coa seguinte táboa.



Táboa 27: Valoración dos intervalos de orientación (fonte: elaboración propia).

Intervalos de orientación	Valoración
Sen orientación	3
Norte	1
Sur	4
Oeste	3

2. Pendente

É un factor importante ao favorecer o ascenso a maior velocidade da fronte do incendio e poñer os materiais combustibles máis preto da radiación necesaria para comezar a arder. Un cambio de pendente do 10% ao 60% supón que a velocidade de propagación se multiplique por 3, se o resto dos factores permanecen constantes. En probas de laboratorio, chéganse a medir diferenzas de velocidade da orde de 20 veces superiores en ascenso que en descenso. Non obstante, determinadas tipoloxías de incendio que presentan propagación por puntos, teñen velocidades de descenso que poden estar moi por riba da capacidade de traballo dos sistema de extinción.

Ademais, nas zonas moi abruptas, sobre todo nos cumes e fondos de val os ventos poden formar turbulencias e remuíños, con cambios bruscos na dirección do vento (Vélez, 2000). As propagacións a favor de pendente (ladeira arriba) considéranse aliñadas respecto a este factor. Este factor pondéranse cun coeficiente de 0,3 e valórase de acordo coa seguinte táboa.

Táboa 28: Valoración dos intervalos de pendente (fonte: elaboración propia).

Intervalos de pendente	Valoración
0-20%	1
20-40%	2
40-60%	3
>60%	4

3. Exposición a ventos



Tal e como se comentou anteriormente, ao igual que a pendente, o vento contribúe á propagación da fronte, cando está a favor (aliñado) mediante a aceleración de todo o proceso de combustión. Isto é polo seu efecto sobre a radiación, ao tumbar as lapas cara o exterior, osixenalas e contribuír a secar os combustibles situados por diante da fronte. As ladeiras a sotavento que exercen de obstáculos ao movemento do aire presentarán unha humidade relativa inferior que as de barlovento onde a humidade é maior (Vélez, 2000). No caso de Galicia, onde os ventos mais perigosos para a propagación dos incendios son os que veñen do nordés, as ladeiras orientadas nesa dirección serán as mais aventadas e no caso de incendio a dirección do vento aliñarase coa pendente. Este factor ponderase con coeficiente de 0,2 e valórase de acordo coa seguinte táboa.

Táboa 29: Valoración dos intervalos da configuración (fonte: elaboración propia)

Configuración	Valoración
Sotavento	4
Barlovento	2

4. Modelo de combustible

Os modelos de combustible de pastos caracterízanse por ser modelos nos que a velocidade de propagación é alta e a intensidade do lume baixa ao existir unha carga de combustible baixa. Pola contra os modelos de matogueira son os mais perigosos posto que a velocidade de propagación, aínda que mais baixa que nos combustibles de pastos pode ser moi elevada en condicións de propagación favorables e a intensidade é elevada ao existir grandes cargas de combustible. Este factor ponderase con coeficiente de 0,3 e valórase de acordo coa seguinte táboa.

Táboa 30: Valoración dos modelos de combustible (fonte: elaboración propia).

Modelo de combustible	Valoración
1	1
2	2
4	4



5	2
6	3
7	3
9	2

Os valores asignáronse a cada un dos factores considerados por medio do Sistema de Información Xeográfica ArcGis, mediante a utilidade Spatial Analyst, partindo de datos do modelo dixital do terreo e dos modelos de combustible.

Para iso, realizouse unha superposición e adición matemática entre as capas asignadas a cada factor, ponderadas cos correspondentes coeficientes. O resultado de tal valoración exponse graficamente no plano Zonificación do risco de propagación de incendio.

O CPSL singulariza os catro elementos responsables do cambio do comportamento do lume, de xeito que se pode determinar aquelas zonas nas que, como consecuencia da aliñación de forzas, o lume se propagará mais rapidamente e con maior intensidade.

A partir dos resultados obtidos pódense derivar as seguintes conclusións, respecto do risco de propagación:

- Na maior parte das parroquias do concello de Val do Dubra é maioritaria a superficie con risco 2 de propagación de incendio, coa excepción da parroquia de San Román na que é maioritaria a superficie con risco 3. No conxunto do concello a superficie con risco 2 representa un 67%, a superficie con risco 3 case un 30% e a superficie con risco 1 non chega ao 3%.
- Outras parroquias que posúen unha ampla superficie con risco de propagación de 3 son Portomeiro, Portomouro, Paramos, Vilariño, Rial e Coucieiro.

4.5.6.- Zonificación xeral

O dispoñer de dúas valoracións, unha que expresa o risco parroquial de incendios e outra o perigo de propagación de incendio nas parroquias do municipio de Val do Dubra, procedeuse á súa unificación nun só índice de risco xeral de incendio forestal. O risco definiuse como a probabilidade de que se produza un incendio nunha zona determinada por interacción dos elementos causais do incendio. O perigo definiuse como a facilidade



intrínseca que ten un sistema forestal para propagar o lume xunto con unhas condicións meteorolóxicas determinadas. A primeira obtívose como resultado da análise das estatísticas proporcionadas polo SDCIF, e a segunda obtida cunha adaptación do sistema de predición do comportamento de Campbell. Co fin de obter a clasificación única, elaborouse unha matriz onde se crucen os dous (táboa 31).

Táboa 31: Matriz para a obtención do risco xeral de incendio para o Concello de Val do Dubra (fonte: elaboración propia a partir dos datos do Plan de silvicultura preventiva de la comunidade Valenciana 1993)

		Risco de propagación (obtido mediante adaptación do sistema de Campbell)			
		1	2	3	4
		Baixo	Medio	Elevado	Moi elevado
Risco parroquial (análise de estatísticas)	1 Baixo	1	2	3	3
	2 Medio	1	2	3	4
	3 Elevado	1	3	3	4
	4 Moi elevado	2	3	4	4

Do cruce de ambos valores, obtense o que chamamos risco xeral de incendio forestal, a partir a que se fai a zonificación definitiva do municipio de Val do Dubra. A súa representación cartográfica móstrase no anexo de mapas. O risco mais elevado (valor 4) concéntrase nas parroquias de Rial e Erviñou que teñen un risco de ignición moi elevado e nunha parte da súa superficie o risco de propagación é moi elevado. O risco mais baixo (valor 1 ou 2) concéntrase nas parroquias de Bembibre, Coucieiro Buxán, norte de Vilariño. As restantes parroquias teñen un risco intermedio con respecto ás anteriores.

4.6.- Incendio de interface

4.6.1.- Variables de zonificación



A determinación das áreas de maior perigosidade do incendio de interface farase en función de dúas variables:

- As zonas de especial protección e os perímetros de seguridade establecidos na Lei 3/2007 do 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais.
- As zonas de perigosidade alta de incendio de interface, definidas en función da metodoloxía que se describirá posteriormente.

4.6.2.- Determinación de zonas de especial protección e perímetros de seguridade

No artigo 21 da Lei 3/2007 establécese a obriga de xestionar a biomasa nunha franxa de 100 arredor de calquera núcleo poboacional, edificación, urbanización, depósito de lixo, cámpings, instalacións recreativas, obras, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte (zona de influencia forestal). Ademais nos 50 primeiros metros non pode haber pes das especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei. Os criterios de xestión da biomasa atópanse recollidos na Orde do 31 de xullo de 2007 da Consellería do Medio Rural.

No artigo 23 da citada Lei defínense unha serie de medidas de prevención para as novas edificacións don uso residencial, comercial, industrial ou de servizos, instalación agrícolas, gandeiras ou forestais e urbanizacións, edificacións ou intalacións resultantes de plans de ordenación urbanística que se pretendan realizar nas zonas de influencia forestal. Na práctica esto afecta a todo o territorio do termo municipal, xa que a dispersión do monte fai difícil atopar áreas situadas a unha distancia superior a 400 metros deste.

As medidas a adoptar nestas zonas céntranse en realizar a xestión da biomasa nas redes secundarias que circunscriban as citadas edificacións, así como en dispoñer dunha rede de hidrantes homologados e presentar ante a administración municipal un plan de prevención e defensa contra incendios.

Tendo en conta estes parámetros, defínense as correspondentes zonas no territorio municipal.

4.6.3.- Determinación de zonas de perigosidade alta de incendio de interfase



Como complemento ás zonas designadas segundo o establecido na Lei 3/2007, e co fin de determinar aquelas zonas cunha maior probabilidade de incendio de interfase, desenvolveuse unha metodoloxía de identificación de zonas de perigosidade alta neste tipo de incendio. A determinación destas áreas faise con fins operativos, para aumentar o nivel de alerta nas épocas pertinentes, e mellorar as xestións dos medios e recursos orientados á loita contra este tipo de incendios.

A metodoloxía de identificación de zonas de perigosidade alta de incendio de interfase basease na determinación de:

- Áreas cunha alta densidade de poboación
- Inclusión nas zonas de risco total de incendio forestal elevado ou moi elevado.

O primeiro obxectivo é establecer aquelas áreas de maior densidade de poboación do municipio. Para elo, partiuse da cartografía de núcleos de poboación, considerando de maior risco aqueles cuxa poboación superaba a suma da poboación do concello dividida entre o número de parroquias mais a media da desviación típica. O paso seguinte foi a superposición destas áreas e as zonas de risco total de incendio forestal do concello de Vedra, obtidas segundo o explicado nos apartados anteriores. As zonas elixidas para a súa superposición son aquelas con risco total de incendio alto e moi alto..

As dúas áreas determinadas por esta metodoloxía superpóñense no SIX, definindo os núcleos con maior risco de incendio de interface. A distancia de seguridade establecida nestas zonas será de 400 metros, tendo en conta que a lei 3/2007 establece esta cifra como a zona de influencia forestal desde o perímetro do monte.

Esta área de influencia mantense como ampliación da área de maior perigosidade de incendio de interfase, naquelas zonas nas que exista combustible forestal, e terá como obxecto facilitar a posible evacuación, evitar que o lume se propague as edificacións e, en definitiva, evitar que un incendio forestal termine converténdose nun lume de interface urbano-forestal, sen que se establezan novas obrigas de xestión da biomasa para os propietarios, mais alá do recollido na lei 3/2007 de prevención e defensa contra incendios forestais. Non se consideran as edificacións illadas, dado que as características de



dispersión da poboación de Galicia, fan inviables establecer distancias superiores as de 100 metros establecidas para as redes secundarias.

O obxectivo do establecemento desta área de influencia e facilitar á coordinación de extinción e a decisión do paso do nivel 0 ao nivel 1. No caso de que o lume se inicie ou se aproxime á terreos incluídos nestas áreas, xa se coñece de antemán as poboacións próximas que poden verse afectadas, e tomar as decisións de información e evacuación en caso de ser necesario. Ademais considerárase a posibilidade de que estas zonas estean dotadas cada unha delas por un número de hidrantes non inferior a tres.

4.7.- Infraestruturas de defensa

As infraestruturas de defensa pretenden dotar ao medio forestal dunha rede que permita aos efectivos da extinción unha actuación rápida, eficaz e segura unha vez producido un incendio. Este tipo de actuacións clasifícase dentro da pre-extinción ao ser utilizables cando ocorre o incendio.

As infraestruturas de defensa existentes no concello son:

4.7.1.- Áreas cortalumes

A cartografía adxunta representa no espazo a rede principal de cortalumes no concello.

4.7.2.- Rede viaria forestal

A partir das capas SIX do SITGA a escala 1:25000 representadas na cartografía obtéñense as seguintes densidades de pistas principais de cada parroquia do concello:

Táboa 32: Rede viaria forestal (fonte: elaboración propia a partir de datos do SITGA)

Parroquia /Concello	Lonxitude camiños (m)	Densidade camiños (Km/100ha)
Arabexo (Santa María)	74.097,50	4,07
Bembibre (San Salvador)	20.379,14	4,52
Buxán (Santiago)	34.678,48	3,80
Coucieiro (San Martiño)	55.217,19	4,23
Erviñou (San Cristovo)	25.542,73	3,32
Niveiro (San Vicente)	38.478,35	4,37
Paramos (Santa María)	29.711,89	4,68
Portomeiro (San Cosme)	34.328,30	4,05



Portomouro (San Cristovo)	30.522,54	4,76
Rial (San Vicente)	47.046,51	4,85
San Román (Santa Mariña)	24.481,17	4,08
Vilariño (San Pedro)	45.682,34	4,46
Val do Dubra	460.166,13	4,24

Á vista dos datos podemos afirmar que o concello conta cunha densidade de rede viaria non moi densa en comparación con outros concellos próximos, pero suficiente para garantir o acceso a todas as zonas do monte se ditas vías se conservan en bo estado. Sen prexuízo de que se podan abrir novas pistas en parroquias con menor densidade como Erviñou, o fundamental é o mantemento das existentes. Segundo a Lei 3/2007, no caso de vías e camiños forestais, a xestión da biomasa vexetal farase, no estrato arbustivo e subarbustivo, nos dous metros desde a aresta exterior da vía ou camiño.

4.7.3.- Rede de puntos de auga

A cartografía deste documento sinala a rede de puntos de auga no concello distinguindo os de helicóptero dos de motobomba.

Así mesmo, analízase a distribución da rede de puntos de carga de auga para helicópteros delimitando as zonas con cadencia entre descargas fora do óptimo.

Establécense unha secuencia de descargas óptimas como aquela entre 5 e 10 minutos representadas na cartografía como dúas áreas de influencia circulares en cada punto de carga de helicóptero.

Para efectuar estes cálculos estímase un tempo de carga de 2 minutos e unha velocidade media co helibalde despregado de 70 nós (129,64 Km/h). Os puntos de auga doutros concellos cuxa área de influencia cae na superficie deste concello tamén se inclúen.

Cómpre destacar que non existen puntos de auga de helicóptero dentro do concello, polo que soamente o norte das parroquias de Arabexo e Erviñou, o sur da parroquia de San Román e a parroquia de Portomouro se atopan dentro da área con cadencia inferior a 5 minutos debido a existencia de puntos de auga de helicóptero nos concellos de Santiago e Tordoia. Isto podería evitarse coa construción de 2 puntos de auga novos situados estratexicamente nas parroquias de Coucieiro e Buxán (outras opcións son sur de Nibeiro



ou norte de Vilariño ou Portomeiro) nos que poda encher o helibalde un helicóptero e que, ademais de proporcionarlle ao concello unha cobertura do 100%, darían cobertura a áreas dos concellos de Santa Comba, A Baña e Trazo.

4.7.4.- Rede de vixilancia

A cartografía adxunta representa a rede de puntos fixos de vixilancia e unha análise das concas visuais para delimitar zonas de sombra. A análise efectuouse para a época de perigo alto a partir das casetas abertas no verán de 2009, e para a época de perigo baixo coas casetas abertas todo o ano.

Desta análise despréndese que durante a época de perigo baixo, a maior parte da superficie do concello, coa excepción dunha franxa occidental e unha esquina do nordeste, está en zona de sombra. Isto é especialmente importante, xa que moitos lumes teñen lugar nos meses de febreiro e marzo e unha detección tardía deles pode derivar en grandes incendios. Durante a época de perigo alto están en zona de sombra amplías superficies de parroquias cun risco local de incendio elevado ou moi elevado como son Erviñou, Rial, San Roman e Portomouro, polo que será preciso complementar a vixilancia fixa nestas áreas con outros sistema de detección, intensificando a vixilancia móbil por parte do distrito forestal e incluso con labores de vixilancia con medios municipais (voluntariado) cando a situación de risco sexa extrema.

4.7.5.- Bases para medios terrestres e aéreos

Na actualidade non existen bases de medios aéreos no concello de Val do Dubra. Respecto das bases de medios terrestres o persoal de protección civil do concello dispón dunha base na localidade de Bembibre. Nesta base hai cedidas unhas instalacións ao servizo de prevención e defensa contra incendios forestais da Xunta para que podan facer base medios seus. Durante a época de perigo alto do ano 2009 están facendo base nestas instalacións, ademais dos 6 membros de protección civil do concello tres brigadas e unha motobomba do Servizo de prevención e defensa contra incendios forestais da Xunta de Galicia.

Non obstante, debido a que os medios do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais da Xunta de Galicia non están permanentemente na base durante a súa xornada laboral, non é posible establecer unhas isócronas de tempos de reacción. A partir



dos datos estatísticos obsérvase que o tempo medio de reacción é especialmente elevado nas parroquias de Portomeiro, Portomouro e San Roman, o que xustifica aínda mais que estas zonas sexan prioritarias á hora de establecer rutas de vixilancia móbil.

Táboa 33: Tempo de reacción no período 1999-2008, por parroquia e para o concello (fonte: elaboración propia)

Parroquia /Concello	Tempo medio de reacción (min.)
Arabexo (Santa María)	14:51
Bembibre (San Salvador)	12:30
Buxán (Santiago)	11:30
Coucieiro (San Martiño)	20:00
Erviñou (San Cristovo)	20:18
Niveiro (San Vicente)	15:11
Paramos (Santa María)	20:00
Portomeiro (San Cosme)	28:14
Portomouro (San Cristovo)	26:52
Rial (San Vicente)	14:44
San Román (Santa Mariña)	20:20
Vilariño (San Pedro)	20:00
Val do Dubra	18:30

4.7.6.- Outras infraestruturas de apoio a extinción

A rede de estacións meteorolóxicas de rexistro continuo de Meteogalicia, proporcionan información en tempo real e predicións a través de Internet (<http://www.meteogalicia.es/>). Ademais desta información a tempo real a Xunta de Galicia publica diariamente na páxina web da Consellería do Medio Rural o índice de risco de incendio (IRDI).

As canles de traballo dos equipos de radiocomunicación e os teléfonos de contacto reflíctense na seguinte táboa.

Táboa 34: Teléfonos de contacto (fonte: elaboración propia)

Teléfono de emerxencias de incendios forestais	085
Central de atención de emerxencias da Xunta de Galicia	112



(CAE)	
Teléfono de distrito forestal III	981 682 095
Fax do distrito forestal III	981 681 798
Correo electrónico do distrito forestal III	distrito.forestal3@xunta.es
Frecuencias/Canais de radio do distrito forestal III	9/10/11
Teléfono do concello de Val do Dubra	981 889 000
Fax do concello de Val do Dubra	981 889 100
Correo electrónico do concello de Val do Dubra	correo@valdodubra.dicoruna.es
Frecuencias/Canais de radio concello de Val do Dubra	- - - -
Teléfono do centro de coordinación operativo local (CECOPAL) de Val do Dubra	639 887 504 // 696 422 000
Fax centro de coordinación operativo local (CECOPAL)	- - -
Correo electrónico do centro de coordinación operativo local (CECOPAL) de Val do Dubra	---
Páxina web de protección civil de Val do Dubra (en elaboración)	www.proteccioncivilvaldodubra.com
Frecuencias/Canais de radio rede Trunking	---

4.7.7.- Medios humanos e materiais

O PLADIGA é o instrumento de planificación que con periodicidade anual marca os medios humanos e materiais encargados da extinción de incendios forestais.

No PLADIGA anual se especificarán os medios humanos e materiais destinados. No anexo 8 recóllense os medios dos que dispón o concello de Val do Dubra.

4.8.- Outras actividades preventivas

A investigación e determinación de causas motivación e causantes de incendios forestais compete a persoal especializado S.P.D.C.I.F. da Xunta de Galicia e da Administración Xeral do Estado (Forzas e corpos de seguridade e persoal da administración de xustiza)



5. – Definición da rede de defensa contra os incendios forestais no concello

A xestión de biomasa existente nos terreos forestais e nas zonas de influencia forestal é realizada a través de faixas e de parcelas, situadas en lugares estratéxicos, onde se procede á modificación ou á remoción total ou parcial da biomasa presente.

5.1.- Redes primarias de faixas de xestión de biomasa (R.P.F.X.B.)

As faixas integrantes das redes primarias pretenden facilitar a extinción dos grandes incendios forestais (GIF) cumprindo as seguintes funcións:

1. Minimizar a superficie percorrida por grandes incendios forestais, permitindo e facilitando unha intervención directa de extinción do lume.
2. Reducir os efectos da propagación de incendios forestais, protexendo de forma pasiva vías de comunicación, infraestruturas e equipamentos sociais, zonas edificadas e áreas forestais e naturais de valor especial.
3. Illar potenciais focos de ignición de incendios forestais

As faixas primarias posúen unha largura non inferior a 125 metros e definen compartimentos que, preferentemente, deben posuír entre 500 e 1000 hectáreas.

No planeamento das redes primarias de faixas de xestión de biomasa tívose en consideración:

1. As súa eficacia na extinción de incendios forestais de grandes dimensións (ter largura abondo para evitar focos secundarios, reducir combustibles nas zoas onde o lume alcance a máxima intensidade, etc.)
2. A seguranza das persoas responsables da extinción
3. O valor socioeconómico, paisaxístico e ecolóxico dos terreos forestais e zonas de influencia
4. As características fisiográficas e as particularidade da paisaxe local



5. O historial, a forma e os datos estatísticos dos grandes incendios forestais no distrito forestal e o seu comportamento previsible en situacións de elevado risco meteorolóxico
6. As actividades que nelas se poidan desenvolver e contribuír para a súa sustentabilidade técnica e financeira

O obxectivo de busca da descontinuidade do combustible e as particularidades da distribución do uso do solo no territorio de Galicia condicionan a que na cartografía se represente a rede primaria sobre todo o territorio. Regularanse por orde da consellería competente en materia forestal e de cara as futuras revisións anuais prevese a posibilidade de modificación da rede primaria como consecuencia das declaracións de UXFOR (Unidades de Xestión Forestal).

As redes primarias de faixas de xestión de biomasa serán obrigatoriamente integradas no planeamento municipal e inframunicipal de prevención e defensa contra os incendios forestais.

De acordo co tipo de infraestrutura na que se apoia e co uso principal do solo no que se fixa o eixe central da rede, as redes primarias clasificáronse nos seguintes tipos:

- R.P.F.X.B. frondosas
- R.P.F.X.B. bosques de ribeira
- R.P.F.X.B. vías e infraestruturas
- R.P.F.X.B. improdutivas
- R.P.F.X.B. agrícolas
- R.P.F.X.B. de nova creación

A cartografía mostra a representación espacial dos eixes centrais sobre os que se fixarán as redes primarias. Estímase a superficie potencial total, condicionando a xestión aos terreos forestais. As obrigas, as posibles indemnizacións compensatorias e as axudas para o mantemento das redes recollidas pola lei serán unicamente para os terreos considerados forestais de acordo coa súa definición independentemente da denominación coa que apareza na táboa anterior.



5.2.- Redes secundarias de faixas de xestión da biomasa

Cumpren as seguintes funcións:

1. Reducir os efectos da propagación de incendios forestais, protexendo de forma pasiva vías de comunicación, infraestruturas e equipamentos sociais, zonas edificadas e áreas forestais e naturais de valor especial.
2. Illar potenciais focos de ignición de incendios forestais

Teñen un ámbito municipal e inframunicipal, contémpanse no ámbito de protección de poboacións e infraestruturas.

Localízanse sobre:

1. As infraestruturas viarias e ferroviarias públicas
2. As liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica
3. As áreas de especial protección dos núcleos poboacionais, ademais de todas as edificacións, os cámpings, as infraestruturas e áreas recreativas, os parques e polígonos industriais, as plataformas loxísticas e os depósitos de lixo, así como calquera outra susceptible de ser protexida

Nelas, será obrigatorio:

1. Xestionar a biomasa vexetal na totalidade das parcelas que se atopen, fora do monte, a unha distancia inferior a 50 metros do seu perímetro, consonte o previsto nos criterios para a xestión de biomasa definidos na Lei 3/2007 e na súa normativa de desenvolvemento
2. Xestionar a biomasa vexetal nunha franxa de 100 metros arredor de calquera núcleo poboacional, edificación, urbanización, depósitos de lixo, cámpings, instalacións recreativas, obras, parques e instalacións industriais, situadas a menos de 400 metros do monte, de acordo cos criterios para a xestión de biomasa estipulados na Lei 3/2007 e na súa normativa de desenvolvemento.

Ademais nos 50 metros desde a estrema da propiedade non poderán haber as especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei.



3. Ao longo da rede de autoestradas, autovías e vías rápidas e estradas, deberase xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados na Lei 3/2007, nos terreos incluídos na zona de dominio público. Ademais, nos devanditos terreos non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira desta lei
4. No caso de vías e camiños forestais, a xestión da biomasa vexetal farase, no estrato arbustivo e subarbustivo, nos dous metros desde a aresta exterior da vía ou camiño
5. Ao longo da rede ferroviaria, deberase xestionar a biomasa vexetal, de acordo cos criterios estipulados na Lei 3/2007, nos terreos incluídos na zona de dominio público. Nesta faixa non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007.
6. Nas liñas de transporte e distribución de enerxía eléctrica, respectaranse as especificacións da regulamentación electrotécnica sobre distancia mínima entre os condutores, as árbores e outra vexetación. Ademais, nunha faixa de 5 metros desde a estremeira da infraestrutura non poderá haber árbores das especies sinaladas na disposición adicional terceira da Lei 3/2007.

A cartografía mostra a representación espacial da definición da redes secundarias a escala e plan de defensa de concello. As redes secundarias delimitadas a partir de edificacións, depósito de lixo, cámpings, instalacións recreativas, obras, parques, instalacións industriais e pistas e camiños forestais, non aparecen na representación cartográfica.

5.3.- Redes terciarias de faixas de xestión da biomasa

Cumpre a función de illamento de potenciais focos de ignición de incendios forestais. Están delimitadas a partir das redes viarias, eléctricas e a formadas polos lindes ou divisións das unidades locais de xestión forestal ou agroforestal, definidas estas últimas no ámbito dos instrumentos de xestión forestal. É o caso das UXFOR, creadas ao abeiro do artigo 30 da Lei 3/2007.

5.4. Mosaico de parcelas de xestión da biomasa

A silvicultura no ámbito da defensa dos montes contra incendios forestais engloba o conxunto de medidas aplicadas ás masas forestais, matogueiras e outras formacións



espontáneas, ao nivel da composición específica e do seu arranxo estrutural, cos obxetivos de diminuír o perigo de incendio forestal e de garantir a máxima resistencia da vexetación á propagación do lume.

Os instrumentos de xestión forestal deben explicitar as medidas de silvicultura e da rede de infraestruturas de terreos forestais que garantan a descontinuidade horizontal e vertical da biomasa forestal e a alternancia de teselas con distintas inflamabilidade e combustibilidade, no ámbito das orientacións do planeamento de prevención e defensa contra os incendios forestais de concello.

A dimensión das teselas deberá variar entre 1 e 20 hectáreas por tratarse de zonas de alto risco de incendio, e no seu deseño e localización deben poñer especial atención ao comportamento previsible do lume.

Nas accións de forestación ou reforestación, as masas forestais monoespecíficas non poderán ter unha superficie continua superior a 50 hectáreas, debendo ser compartimentadas, alternativamente:

1. Pola rede de faixas de xestión de biomasa ou por outros usos do solo con baixo risco de incendio forestal
2. Por liñas de auga e as respectivas faixas de protección delimitadas pola lexislación ambiental

Sempre que as condicións edafoclimáticas o permitan, deberá ser favorecida a constitución de masas de especies arbóreas ou de especies con baixa inflamabilidade e combustibilidade.

Todas as accións de forestación ou reforestación deben obedecer aos criterios estipulados neste artigo. Nas propostas de actuación estímense as unidades a desenvolver por ano.

5.5.- Rede viaria forestal

A rede viaria forestal, constituída polas vías e camiños forestais, é parte integrante da rede secundaria. De acordo co establecido no artigo 21 da lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, as administracións, entidades ou sociedades que teñan encomendada a competencia sobre a xestión destas vías, ou cedida esta en virtude



dalgunha das formas previstas legalmente, serán responsables da xestión da biomasa vexetal nos estratos arbustivo e subarbustivo nunha banda de 2 metros desde a aresta exterior.

5.6.- Rede de puntos de auga

Unha relación clasificada dos puntos de auga atópase nos anexos do presente plan e a súa representación espacial aparece na cartografía. Os traballos de mantemento, mellora e creación reflíctense nas propostas de actuación da Administración responsable da súa xestión.

5.7.- Rede de vixilancia

Como xa se dixo no concello de Val do Dubra non existen casetas de vixilancia fixa, estando baixo a cobertura das casetas de Río do Sol (Tordoia) e Pedroso (Santiago de Compostela). Os traballos de mantemento, mellora e creación reflíctense nas propostas de actuación da Administración responsable da súa xestión.

5.8.- Outras infraestruturas de apoio

A rede de infraestruturas de defensa contra os incendios forestais complementábase con: devasas, bases para medios terrestres e aéreos e puntos de encontro. A súa representación espacial aparece na cartografía e os traballos de mantemento, mellora e creación reflíctense nas propostas de actuación da Administración responsable da súa xestión.

6.- Propostas de actuación

Para poñer en práctica o plan preventivo no concello, establécense as seguintes propostas de actuación:

6.1.- Plan de actuación directa sobre o territorio

Nas actuacións que se realicen en desenvolvemento deste plan deberán ter especial prioridade aquelas que teñan por obxecto a protección das unidades de xestión forestal (UXFOR) declaradas e dos núcleos de poboación e as que teñan por obxecto a creación e mantemento de rede primaria e secundaria establecida para o concello.



Neste senso o concello realizará a xestión da biomasa nas zonas de dominio público das estradas da súa titularidade, instará aos titulares das restantes redes secundarias para que leven a cabo a xestión da biomasa, segundo o establecido na lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais e demais normas de aplicación.

As inversións directas do concello executaranse principalmente por medio da contratación directa da obra, convenios establecidos ao efecto coa Xunta de Galicia e execución de traballos con medios propios do concello.

Nas actuacións previstas sobre o territorio tomaranse as medidas apropiadas para evitar o deterioro ou a contaminación, tendo en conta que as repercusións sexan compatibles coa normativa de conservación existente en cada zona.

De xeito particular, naquelas actuacións que afecten a espazos naturais protexidos así declarados pola lei 9/2001 do 21 de agosto de conservación da natureza, adoptaranse as medidas necesarias para evitar o deterioro dos hábitats naturais, así como as alteracións que repercutan nas especies que motivaran a designación destas áreas.

Prestarase especial atención ás actuacións en zonas de ribeira, así como aos hábitats de interese comunitario e aos hábitats das especies de interese comunitario recollidos nos anexos da Lei 42/2007 do 13 de decembro do patrimonio natural e da biodiversidade. Terase en conta así mesmo a protección das árbores senlleiras así declaradas en aplicación do Decreto 67/2007 do 22 de marzo e a das especies incluídas no catálogo galego de especies ameazadas, creado polo Decreto 88/2007 do 13 de decembro do patrimonio natural e da biodiversidade.

6.2.- Plan de actuacións sobre a poboación

Dentro deste plan preténdese impulsar as charlas divulgativas e de concienciación impartidas polo persoal de protección civil do concello, e instar a colaboración da Xunta de Galicia.

Na páxina web do concello colgaranse recomendacións sobre o uso do lume no medio rural. Fomentarase a creación de agrupacións veciñais de vixilancia forestal (AVVF).

Posteriormente celebraranse xuntanzas periódicas entre o persoal do concello e os representantes das AVVF para que estas poidan propoñer as actuacións preventivas que



consideren oportunas e estudar a súa viabilidade e o seu encaixe nas actuacións previstas polo plan preventivo do concello e mesmo avaliar a incidencia que estas propostas poidan ter de cara ás revisións anuais dos plans de prevención.

Estableceranse liñas de colaboración con gandeiros na busca de mellora e incrementar a súa implicación, colaborando no aporte de auga con cisternas cando sexa demandado polo responsable da protección civil do concello.

Para levar a cabo este plan de concello teranse en conta os mecanismos establecidos no artigo 59 da Lei 3/2007, de 9 de abril, onde se prevé a colaboración da Xunta de Galicia coas entidades locais, ben a través de medios propios, ben por medio de mecanismos de apoio económico, de acordo cos orzamentos aprobados anualmente.

6.3.- Plan de investigación

Dentro deste plan a participación do concello centrarase en facilitar a Xunta de Galicia e as forzas e corpos de seguridade do Estado, toda a información de que se dispoña e demandar que se proceda á investigación daqueles incendios que o concello considere prioritarios, debido a existencia de persoas feridas ou falecidas, de danos en bens de titularidade local, e todos os que superen as 500 hectáreas de superficie ardida. Anualmente solicitarase á consellería competente un informe sobre os incendios investigados no concello e as estatísticas do ano anterior co obxecto de orientar as actuacións de prevención do concello.

6.4- Plan de extinción

A estrutura xeral de planificación réxese polo principios de complementariedade das funcións asignadas a cada nivel de planificación, coordinación e asistencia entre as organizacións dos diferentes niveis, integrabilidade dos diferentes niveis e coherencia organizativa na planificación territorial.

A labor de extinción de incendios forestais correspóndelle a diferentes órganos en función da súa gravidade: administración local, autonómica, estatal e incluso medios internacionais. En primeira instancia a administración encargada é a consellería competente en materia forestal da Xunta de Galicia. Non obstante, cando pola intensidade ou gravidade do lume se requiran medios municipais estes deberán actuar coordinados cos demais equipos que participen na extinción.



Na seguinte táboa recóllese o número de actuacións en incendios forestais realizadas polo equipo de protección civil do concello. Todas as actuacións se realizaron en incendios de nivel 0, excepto unha do ano 2006, o que pon de manifesto o compromiso do concello na loita contra incendios forestais.

Táboa 35: Agrupación de protección civil do concello de Val do Dubra

Ano	Número de intervencións
1997	7
1998	9
1999	11
2000	15
2001	12
2002	10
2003	12
2004	9
2005	8
2006	30
2007	2

6.4.1.- Niveis de situacións de gravidade

A organización e estrutura deste plan operativo realizase, de acordo co establecido no PLATERGA (plan territorial de protección civil de Galicia) que é o plan marco da Comunidade Autónoma de Galicia, no Plan de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais da Xunta de Galicia e no Plan de Defensa Contra Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA), revisado con periodicidade anual.

O Plan de Protección Civil de Emerxencias por Incendios Forestais da Xunta de Galicia contempla catro niveis de situación de gravidade dos incendios forestais:

- **Nivel 0:** referido a aqueles incendios que poden ser controlados cos medios de extinción previstos no Plan de defensa contra incendios forestas de Galicia (Pladiga) e que, aínda en situación máis desfavorable, non supoñen perigo para as persoas non relacionadas coas labores de extinción, nin para bens distintos aos de natureza forestal.



- **Nivel 1:** referido a aqueles incendios que podendo ser controlados cos medios previstos no Pladiga, a súa posible evolución pode poñer en perigo a persoas non relacionadas coas labores de extinción e a bens distintos aos de natureza forestal.
- **Nivel 2:** referidos a aqueles incendios que para a súa extinción expone a necesidade de incorporación de medios non asignados ao Pladiga. Para a declaración do nivel 2, considéranse dúas situacións:
 - **2.R-0.** (Relacionado co nivel 0) cando estando no nivel 0 sexan necesarios medios non previstos no plan, e só exista perigo para bens forestais
 - **2.R-1** (relacionado co nivel 1) cando estando no nivel 1 sexan precisos medios non previstos no plan
- **Nivel 3:** : Referido a aqueles incendios que pola súa especial gravidade así sexan declarados polo Ministro do Interior.

A estrutura operativa do Plan de Actuación Municipal ante emerxencias por incendios forestais enfócase como unha estrutura ascendente na que aumentan os efectivos designados para actuar en función da magnitude e gravidade do incendio.

6.4.1.1.- Incendios forestais de nivel 0


Compre destacar que no caso dun incendio forestal de nivel de gravidade 0, ao contrario que noutras emerxencias, a primeira actuación tanto no tempo de resposta como nos medios mobilizados correspóndelle a Consellería do Medio Rural, a través dos Servizos de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais da Dirección Xeral de Montes. En consecuencia, a labor de extinción dun incendio forestal de nivel 0 que teña lugar no municipio de Val do Dubra, correspóndelle exclusivamente ao Distrito III Santiago-Meseta Interior, organismo supramunicipal dependente da mencionada Dirección Xeral.

Neste caso a dirección do plan correspóndelle a un representante da Dirección Xeral de Montes e non se require coordinación con Protección Civil municipal e, teoricamente, soamente se realizarían intervencións de extinción cos medios do Concello no caso de que exista algún convenio establecido entre a Xunta de Galicia e o concello, para a dotación do municipio con brigadas de loita contra incendios ou grupos locais de pronto auxilio, na práctica



Non obstante, e a experiencia así o demostra, en casos especiais e en situacións de nivel de gravidade 0, poden mobilizarse simultaneamente medios municipais que se poñen as ordes do director de extinción que será un representante da Dirección Xeral de Montes. A saída destes medios realizarase a petición do Distrito Forestal ou da Dirección Xeral de Emerxencias, logo de autorización do alcalde ou da persoa en quen delegue (tenente alcalde, responsable de protección civil do concello, etc.)

O organigrama específico en caso de incendios forestais de nivel 0 é o seguinte:



A dirección do plan neste nivel asúmea o xefe ou o técnico de garda do Distrito Forestal III, debido á súa xestión supramunicipal.

A dirección técnica da emerxencia estará formada polo director da extinción, nomeado dende o distrito forestal, de xeito que o responsable dos medios do concello que excepcionalmente participen na extinción poñerá a disposición do citado director ou da persoa que este lle indique. Nos casos previstos no Pladiga 2009, poderá constituírse un posto de mando avanzado (PMA). **O posto de mando avanzado** estará situado na zona



onde se produza o incendio ou próximo a este. Formarán parte del os representantes dos grupos operativos coordinados polo director da extinción e, cando así o considere o responsable dos medios do concello. As funcións do posto de mando avanzado serán:

- Comunicarlle ao centro de coordinación de distrito a evolución do incendio
- Solicitar ao centro de coordinación de distrito medios que lle sexan requiridos polos distintos grupos operativos
- Determinar os obxectivos e prioridades encamiñadas a conseguir a extinción, comunicándollo tanto ao centro de coordinación de distrito como aos xefes dos grupos intervintes
- Determinar que grupos operativos deben constituírse e actuar
- Determinar o número e distribución de reténs, unha vez extinguido o incendio

O grupo de intervención estará neste caso formado polos grupos de extinción de incendios e outros medios previstos no Pladiga anual, e encargaranse da extinción do incendio forestal.


6.4.1.2.- Incendio forestal de nivel 1

Se o lume ten a posibilidade, pola súa evolución, de pasar a constituír un risco para persoas e bens de natureza non forestal, o director da extinción alertará ao centro de coordinación do distrito, que o poñerá en coñecemento do centro de coordinación provincial da Coruña. Este porase en contacto co Alcalde que a súa vez activará o Plan municipal de emerxencia ante incendios forestais.

O esquema xenérico para a declaración e coordinación de incendios forestais de nivel 1 que se recolle no Pladiga 2009 é o seguinte:




Esquema de coordinación para lumes de nivel 1 (fonte: PLADIGA 2009)





No Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia establécese o seguinte esquema xenérico para a declaración e coordinación de incendios forestais de nivel 1 que se recolle é o seguinte:

Estrutura de organización para niveis de gravidade 1 e 2 (fonte: Plan Especial de Protección Civil ante Emerxencias por Incendios Forestais na Comunidade Autónoma de Galicia)



A dirección da emerxencia realizarase a través dun comité de dirección, integrado alomenos por un representante do órgano con competencias en materia de protección civil da Xunta de Galicia (actualmente a Dirección Xeral de Emerxencias) que exercerá a dirección e coordinación, un representante da Consellería do Medio Rural (xefe de distrito) e polos Alcalde/s do/s Concello/s afectado/s. O comité de dirección, unha vez constituído, declarará o Nivel 1, e asumirá as funcións descritas para o caso anterior. Así mesmo, en función das características da emerxencia decidirán a constitución do centro de coordinación operativo local (CECOPAL), ou do centro de coordinación operativo (CECOP) ao nivel supramunicipal, segundo o exposto para os incendios forestais de nivel 0.



O CECOP: o centro de coordinación operativo (CECOP) é o órgano de recepción de toda a información relativa ao incendio, e onde se determinan, dirixen e coordinan as accións a executar. En consecuencia, é o órgano de traballo do director do plan, tanto para a coordinación a distintos niveis como para a actuación e xestión de recursos e medios.

Tal como prevé o Plan de Protección Civil de Emerxencias por Incendios Forestais da Xunta de Galicia, no caso de incendios cun nivel de gravidade superior a 0 o CECOP situarase no 112-SOS Galicia garantindo a comunicación permanente cos membros do Comité de dirección.

A este fin no concello constituirase un Centro de Coordinación Operativo Municipal (CECOPAL). No caso de ter que mobilizar medios non previstos no plan, farase a través do CECOP, de acordo cos protocolos establecidos no PLATERGA.

A dirección técnica da emerxencia será asumida de forma coordinada polo director da extinción, co apoio do técnico municipal de protección civil, e/ou xefe do servizo municipal destinado. A dirección técnica decidirá o emprazamento do posto de mando avanzado, que terá as seguintes funcións específicas.

- Comunicarlle ao comité de dirección a evolución do incendio
- Solicitar ao CECOPAL os medios que lle sexan requiridos polos distintos grupos operativos.
- Determinar os obxectivos e prioridades encamiñadas a conseguir a extinción, comunicándollo tanto ao comité de dirección, como os xefes dos grupos intervinentes
- Determinar que grupos operativos deben constituírse e actuar
- Determinar o número e distribución de reténs, unha vez extinguido o incendio

O comité asesor asistirá á dirección de emerxencias nos incendios forestais de Nivel 1 e 2, e estará formado por:

- Os xefes dos grupos operativos
- Un representante do/s Concello/s



- Un representante do servizo de defensa contra incendios forestais da Xunta de Galicia
- Un representante do órgano con competencias en materia de protección civil ou dos comité provincial de protección civil
- A requirimento do comité de dirección poden incorporarse tres representantes da Administración Xeral do Estado preferentemente dos servizos de protección civil e das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado
- Un representante da unidade de Policía Nacional adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia

Así mesmo poderán integrarse no comité asesor aquelas persoas expertas que considere oportuno a dirección do plan.

O grupo de intervención continuará coas misións que tiña no nivel 0, pero incorporando medios materiais e humanos correspondentes ao nivel 1. No que atinxe aos medios municipais designarase un responsable destes que se encargará de que se coordinen as actuacións cos demais membros do grupo. Os medios municipais asumirán, dentro da xestión xenérica da emerxencia, as funcións de:

- Intervención para sufocar, controlar ou conter o incendio ante a súa propagación cara zonas habitadas
- Proceder a axuda a persoas afectadas polo incendio, incluíndo a súa evacuación se fose preciso
- Proceder á protección dos bens non forestais afectados polo incendio
- Requirir ao responsable municipal sito no posto de mando avanzado os medios materiais que lle sexan necesarios
- Comunicar ao responsable municipal sito no posto de mando avanzado a evolución do incendio para facilitar a súa avaliación
- Proponer ao xefe do grupo de intervención os obxectivos e prioridades para a extinción do incendio



O grupo de seguridade asumirá as funcións relativas ao control dos accesos ás zonas afectadas polo incendio forestal, e a regulación do tráfico. Así mesmo, exercerán funcións de seguridade cidadá con respecto aos bens que poidan ser abandonados pola poboación debido á súa evacuación.

Intégrano os membros da Policía Local, Unidade de Policía Autonómica e Garda Civil.

O grupo sanitario exercerá as funcións de primeira atención a feridos e accidentados, a súa triaxe se a dimensión do sinistro é elevada, e o traslado a centros sanitarios, se é preciso coa colaboración do grupo loxístico.


O grupo de transmisións disporá dos medios e equipos necesarios para contar cunha comunicación continua e ininterrompida a tempo real, ente o comité de dirección, o posto de mando avanzado e os diferentes grupos de acción.

O grupo loxístico apoiará as funcións de transporte de medios materiais precisos para a sufocación do incendio, así como fornecer auga ou alimentos para os medios de extinción, e o transporte de persoas a ou dende o lugar do sinistro. Así mesmo, encargarse do transporte das persoas evacuadas, proporcionándolles alimentos e satisfacendo as necesidades básicas durante o tempo que dure o seu desprazamento.

A estrutura organizativa do Plan de emerxencias ante incendios forestais do concello de Val do Dubra, no caso de incendios de nivel de gravidade 1, que se integrará na estrutura autonómica segundo o explicado anteriormente recóllese no seguinte esquema:



ESTRUCTURA ORGANIZATIVA DO PEMU DO CONCELLO DE VAL DO DUBRA





6.4.1.3.- Incendio forestal de nivel 2R-0

Neste caso os medios contemplados no Pladiga son insuficientes polo os centros de coordinación provincial e central avaliarán as necesidades e solicitarán ao concello a asignación dos medios extraordinarios solicitados dende o centro de coordinación de distrito.


A estrutura organizativa do concello é similar a do nivel de gravidade 1, coa diferenza de que non se constituirán aqueles grupos operativos que non sexan necesarios, dado que non serán precisas actuacións de evacuación, corte de estradas, etc...

A dirección e coordinación a exerceraa un representante da Consellería do Medio Rural e un representante do concello, podendo solicitarse ademais a incorporación dun representante da Administración Xeral do Estado en Galicia.

A continuación móstrase o esquema de coordinación para incendios forestais con nivel de gravidade 2R-0 que establece o Pladiga e no que se integrarán os medios municipais a partir da estrutura organizativa destes recollida no punto anterior.



Esquema de coordinación para lumes de nivel 2.R-0 (fonte: PLADIGA 2009)






6.4.1.4.- Incendio forestal de nivel 2R-1

Cando o comité de dirección do nivel 1 considere, de acordo coa información subministrada pola dirección técnica de emerxencia, que o incendio evoluciona desfavorablemente e que por ser insuficiente os medios ao nivel local, pode requirir as asignación de medios non previstos no Pladiga ou no Plan municipal para facer fronte a extinción, solicitará a través da central autonómica de emerxencias 112 Galicia a declaración do Nivel 2.R-1, e do plan de protección civil ante emerxencias por incendios forestais da Xunta de Galicia, integrando os medios existentes ao nivel municipal baixo a dirección establecida no mencionado nivel. Se as circunstancias o aconsellan e a petición do representante da administración autonómica, pode incorporase un representante da Administración Xeral do Estado en Galicia no comité de dirección.



Esquema de coordinación para lumes de nivel 2.R-1 (fonte:PLADIGA 2009)





7.- Calendario de aplicación

A aplicación dos plans establécese para un período de catro anos: 2008 a 2011 ambos incluídos. De acordo co artigo 15 da Lei 3/2007 de incendios, aplicaranse mecanismos de actualización do plan e fíxanse cunha periodicidade anual.

8.- Análise económica financeira

O financiamento do desenvolvemento do plan correspóndelle ás administracións públicas, sen prexuízo da participación de entes privados en cumprimento das obrigas establecidas na lei de incendios e normas de desenvolvemento.

O financiamento preciso para acadar os obxectivos descritos no Plan establecerase con fondos propios do concello, da Comunidade Autónoma, do Estado e do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER). Poderanse así mesmo establecer convenios de colaboración con entidades privadas.

9.- Control do plan

9.1.- Avaliacións

A avaliación do plan efectuarase mediante indicadores que describan o grao de cumprimento das propostas previstas no plan.

A análise das actuacións directas executadas sobre o territorio considerarán a zonificación de prioridades de actuación proposta así como a apoio ao establecemento das infraestruturas preventivas, e en particular ás redes de faixas de xestión de biomasa. A comparación entre as unidades de actuación estimadas e as efectuadas por ano poderá ter carácter global, por entender que as distintas vías de execución propostas son complementarias.

9.2.- Revisión e actualización

A revisión do plan realizarase con carácter quinquenal a partir das avaliacións anuais, sen prexuízo da actualización anual do catálogo de medios e recursos. Os plans terán carácter dinámico, e as sucesivas avaliacións permitirán a súa actualización que contribuirá a acadar



os obxectivos propostos. A estimación de actuacións presentada nun marco temporal de cinco anos poderá revisarse en base a modificacións na asignación de orzamentos, detección de novas necesidades e outras incidencias que poidan xurdir nas avaliacións periódicas do plan.

A enxeñeira técnica forestal

Lorena Carral Gómez



II.- ANEXOS



ANEXO 1.- Principais normas municipais relacionadas coa prevención e defensa contra incendios forestais

ANEXO 2.- Réximes de caza e pesca

ANEXO 3.- Análise estatística

ANEXO 4.- Puntos de auga

ANEXO 5.- Puntos de vixilancia fixa

ANEXO 6.- Bases para medios aéreos e terrestres

ANEXO 7.- Estacións meteorolóxicas e repetidores

ANEXO 8.- Catálogo de medios e recursos



III.- PLANOS



PLANO 1.- Límites administrativos

PLANO 2.- Topografía 1:25.000

PLANO 3.- Topografía e principais infraestruturas

PLANO 4.- Infraestruturas viarias e ferroviarias

PLANO 5.- Liñas de distribución e transporte de enerxía

PLANO 6.-Infraestruturas de defensa

PLANO 7.- Situacións de risco

PLANO 8.- Ortofotografía aérea

PLANO 9.- Modelo dixital do terreo

PLANO 10.-Usos do solo e formacións vexetais

PLANO 11.- Cuncas visuais

PLANO 12.- Cadencias de descarga

PLANO 13.- Radios de acción dos avións anfibios

PLANO 14.- Plano de parroquias segundo prioridades

PLANO 15.- Risco parroquial de incendios

PLANO 16.- Parroquias de especial vixilancia

PLANO 17.- Modelos de combustible



PLANO 18.- Risco de propagación

PLANO 19.- Risco total de incendios

PLANO 20.- Rede de faixas de xestión da biomasa


PLANO 21.- Áreas con maior risco de incendio de interfase urbano-forestal

PLANO 22.- Actuacións preventivas propostas



Lenda

- Límite municipal
- Parroquias
- Núcleos de poboación



Concello de VAL DO DUBRA	Segalia Ingeniería, S.L.
PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE VAL DO DUBRA	
Plano de límites administrativos	Nº plano: 1
Escala: 1 : 50.000	Revisión 00 - Data: 25.08.2009

625000

530000



4770000

4770000

4765000

4765000

4760000

4760000


4755000


4755000

625000



530000

Lenda









-  Limite municipal
-  Parroquias




Concello de VAL DO DUBRA		Segalia Ingeniería, S.L.	
PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE VAL DO DUBRA			
Plano topográfico xeral			Nº plano: 2
Escala: 1 : 50.000		Revisión 00 - Data: 15 de xuño de 2009	





Lenda

-  Límite municipal
-  Parroquias
-  Núcleos de poboación
-  Río simple
-  Río dobre
-  Curvas de nivel
-  Estradas autonómicas
-  Outras estradas


Nota: Non existen autoestradas, autovías, estradas estatais nin liñas de ferrocarril





Concello de VAL DO DUBRA		Segalia Ingeniería, S.L.	
PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE VAL DO DUBRA			
Plano topográfico e de infraestruturas principais			Nº plano: 3
Escala: 1 : 50.000		Revisión 00 - Data: 25.08.2009	







Lenda	
	Límite municipal
	Parroquias
	Estradas autonómicas
	Outras estradas
	Camiños
	Edificacións




Concello de VAL DO DUBRA		Segalia Ingeniería, S.L.	
PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE VAL DO DUBRA			
Plano de infraestruturas viarias e edificacións			Nº plano: 4
Escala: 1 : 50.000		Revisión 00 - Data: 25.08.2009	





Lenda


-  Límite municipal
-  Parroquias
-  Liñas de media tensión
-  Edificacións





Concello de VAL DO DUBRA		Segalia Ingeniería, S.L.	
PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE VAL DO DUBRA			
Plano de liñas de transporte e distribución de enerxía			<i>Nº plano: 5</i>
Escala: 1 : 50.000		Revisión 00 - Data: 25.08.2009	




Lenda	
	Límite municipal
	Parroquias
	Puntos de auga de motobomba
	Cortalumes
	Camiños
	Edificacións
	Estradas autonómicas
	Outras estradas




Concello de VAL DO DUBRA	Segalia Ingeniería, S.L.
PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE VAL DO DUBRA	
Plano de infraestruturas de defensa	Nº plano: 6
Escala: 1 : 50.000	Revisión 00 - Data: 25.08.2009





Lenda	
	Límite municipal
	Parroquias
	Vertedoiros
	Depósitos produtos inflamables
	Gasolineiras
	Áreas recreativas
	Liñas de media tensión
	Camións
	Edificacións



Concello de VAL DO DUBRA	Segalia Ingeniería, S.L.
PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE VAL DO DUBRA	
Plano de situacións de risco	Nº plano: 7
Escala: 1 : 50.000	Revisión 00 - Data: 25.08.2009




Lenda	
	Limite municipal
	Parroquias



Concello de VAL DO DUBRA	Segalia Ingeniería, S.L.
PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE VAL DO DUBRA	
Plano de ortofotografía aérea	Nº plano: 8
Escala: 1 : 50.000	Revisión 00 - Data: 25.08.2009

525000

530000



4770000


4770000

4765000

4765000

4760000

4760000




Lenda	
	Límite municipal
	Parroquias

525000


530000

Concello de VAL DO DUBRA	Segalia Ingeniería, S.L.
PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE VAL DO DUBRA	
Plano de modelo dixital do terreo	Nº plano: 9
Escala: 1 : 50.000	Revisión 00 - Data: 25.08.2009



U.T.M. Datum Europeo 1950. Huso 29. Elipsoide internacional




Lenda	
	Limite municipal
	Parroquias
Usos do solo	
	Uso improductivo
	Pinus pinaster e Eucalyptus globulus
	Pinus pinaster
	Uso agrícola
	Quercus robur e outras frondosas
	Pinus radiata
	Quercus robur
	Mato con arborado raro e disperso
	Eucalyptus globulus
	Pinus pinaster e outras frondosas
	Árbores de ribeira
	Monte desarborado





Concello de VAL DO DUBRA	Segalia Ingeniería, S.L.
PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE VAL DO DUBRA	
Plano de usos do solo e formacións vexetais	Nº plano: 10
Escola: 1 : 50.000	Revisión 00 - Data: 25.08.2009




- Lenda**
- Límite municipal
 - Parroquias
 - Núcleos de poboación
 - Edificacións
 - Visuais pto vixilancia anuais
 - Visuais pto vixilancia campaña





Concello de VAL DO DUBRA		Segalia Ingeniería, S.L.	
PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE VAL DO DUBRA			
Plano de cuncas visuais			<i>Nº plano: 11</i>
Escala: 1 : 50.000		Revisión 00 - Data: 25.08.2009	




- Lenda**
- Límite municipal
 - Parroquias
 - Núcleos de poboación
 - Edificaci3ns
 - Cadenica descargas 5 min
 - Cadenica descargas 10 min

 Kilometros
0 0,5 1 2 3 4
U.T.M. Datum Europeo 1950. Huso 29. Elipsoide internacional



Concello de VAL DO DUBRA	Segalia Ingeniería, S.L.
PLAN MUNICIPAL DE PREVENCI3N E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE VAL DO DUBRA	
Plano de cadencias de descargas helic3pteros	Nº plano: 12
Escola: 1 : 50.000	Revisi3n 00 - Data: 25.08.2009



- Lenda**
- Límite municipal
 - Núcleos de poboación
 - Edificacións
 - Parroquias
 - Radio de acción de 1 hidroavión
 - Radio de acción de 2 hidroavións




Concello de VAL DO DUBRA	Segalia Ingeniería, S.L.
PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE VAL DO DUBRA	
Plano de radio de acción de avións anfíbios	Nº plano: 13
Escola: 1 : 50.000	Revisión 00 - Data: 25.08.2009





- Lenda**
- Límite municipal
 - Edificacións
- Parroquias**
- Prioridades de actuación**
- Baixa
 - Media
 - Moi alta




Nota:
Segundo o Plan de prevención e defensa contra incendios forestais de distrito non existen parroquias con prioridade de actuación alta



Concello de VAL DO DUBRA	Segalia Ingeniería, S.L.
PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE VAL DO DUBRA	
Plano de parroquias segundo prioridades de actuación	Nº plano: 14
Escala: 1 : 50.000	Revisión 00 - Data: 25.08.2009




Lenda


-  Límite municipal
-  Núcleos de poboación
-  Edificacións

Risco parroquial de incendios






-  Baixo
-  Medio
-  Elevado
-  Moi elevado




Concello de VAL DO DUBRA	Segalia Ingeniería, S.L.
PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE VAL DO DUBRA	
Plano de risco parroquial de incendios	Nº plano: 15
Escola: 1 : 50.000	Revisión 00 - Data: 25.08.2009




Lenda

-  Límite municipal
-  Núcleos de poboación
-  Edificacións
- Intensidade de vixilancia**
-  Non PEV
-  PEV



Concello de VAL DO DUBRA	Segalia Ingeniería, S.L.
PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE VAL DO DUBRA	
Plano de parroquias de especial vixilancia	Nº plano: 16
Escola: 1 : 50.000	Revisión 00 - Data: 25.08.2009



Lenda

Límite municipal

Parroquias

Modelo de combustible

00

01

02

04


05

06



07

09

Modelo 00: No combustible



Concello de VAL DO DUBRA	Autor: Segalia Ingeniería
PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE VAL DO DUBRA	
Plano de modelos de combustible	
<i>Nº plano: 17</i>	
<i>Escala: 1 : 50.000</i>	Revisión 00 - Data: 15 de xuño de 2009



Lenda



- Límite municipal
- Parroquias

Risco de propagación

- 1
- 2
- 3

Concello de VAL DO DUBRA	Autor: Segalia Ingeniería, S.L.
PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE VAL DO DUBRA	
Plano de risco de propagación de incendio	Nº plano: 18
Escala: 1 : 50.000	Revisión 00 - Data: 25.08.2009

U.T.M. Datum Europeo 1950. Huso 29. Elipsoide internacional




Lenda


- Límite municipal
- Parroquias
- Edificacións

Risco xeral de incendio

- 1
- 2
- 3
- 4



Concello de VAL DO DUBRA	Segalia Ingeniería, S.L.
PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE VAL DO DUBRA	
Plano de risco total de incendios	Nº plano: 19
Escola: 1 : 50.000	Revisión 00 - Data: 25.08.2009



Lenda


- Límite municipal
- Parroquias
- Rede primaria
- Rede secund alta tensión
- Rede secund media tensión
- Rede secund estradas autonómicas
- Rede secund outras estradas
- Rede secund camiños
- Rede secund gasolneiras
- Rede secund áreas recreativas
- Rede secund inflamables
- Rede secund edificacións

Rede secundaria de xestión de biomasa:


Camiños (2m): 185,31 ha

Estradas autonómicas (10 m): 0,96 ha

Outras estradas (10 m): 240,90 ha




Concello de VAL DO DUBRA	Segalia Ingeniería, S.L.
PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE VAL DO DUBRA	
Plano de redes de faixas de xestión de biomasa	Nº plano: 20
Escala: 1 : 50.000	Revisión 00 - Data: 15 de xuño de 2009




Lenda

-  Límite municipal
-  Parroquias
-  Áreas interfase
-  Edificacións

- Risco xeral de incendio**
-  3
-  4




Concello de VAL DO DUBRA		Segalia Ingeniería, S.L.	
PLAN MUNICIPAL DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE VAL DO DUBRA			
Plano de áreas de maior risco de incendio de interface			Nº plano: 21
Escala: 1 : 50.000		Revisión 00 - Data: 25.08.2009	



- Lenda**
- Limite municipal
 - Parroquias
 - Parcelas rústica 0-50 m
 - Parcelas rústica 50-100 m
 - Núcleos de poboación
 - Edificaci3ns

Franxa 0-50 m de núcleos e edificaci3ns: 8.596 parcelas de rústica; 956,8 ha.

Franxa 0-100 m de núcleos e edificaci3ns: 12.280 parcelas de rústica; 1.814,13 ha.



Concello de VAL DO DUBRA	Autor: Segalia Ingeniería, S.L.
PLAN MUNICIPAL DE PREVENCI3N E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS DE VAL DO DUBRA	
Plano de actuacións preventivas propostas	Nº plano: 22
Escala: 1 : 50.000	Revisi3n 00 - Data: 15 de xuño de 2009



ANEXO 1: PRINCIPAIS NORMAS MUNICIPAIS RELACIONADAS COA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS

As principais normas municipais aprobadas polo concello de Val do Dubra que gardan relación coa prevención e defensa contra incendios forestais, e cuxo texto íntegro se recolle neste anexo, son:

Regulamento de agrupación de voluntarios de protección civil do concello de Val do Dubra

Ordenanza do concello de Val do Dubra reguladora da limpeza obrigatoria de terreos forestais e de soares en solo urbano ou de núcleo rural e outras accións preventivas contra os incendios forestais

Ordenanza fiscal nº 25 do concello de Val do Dubra pola que se establece o prezo público pola realización de traballos de limpeza de terreos pertencentes a propietarios e titulares obrigados ao seu mantemento

REGULAMENTO DE AGRUPACION DE VOLUNTARIOS DE PROTECCION CIVIL

INTRODUCCION

Co fin da realización de actividades diversas para a protección civil en situacións de emerxencias, os Concellos e os alcaldes teñen competencias en materia de Protección Civil, segundo o establecido nos artigos 25.2c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

O exercicio destas competencias ten que levarse a cabo fundamentalmente, mediante actuacións dos concellos e dos alcaldes coa colaboración dun concelleiro delegado de Protección Civil, así como coa intervención coordinada dos Servizos Municipais dedicados de modo ordinario e permanente ao cumprimento de fins coincidentes coas necesidades derivadas das situacións de emerxencia nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública.

Así mesmo, nos números 3 e 4 do artigo 30 da Constitución Española, determínase que poderá crearse un Servizo Civil para o cumprimento de fins de interese xeral e que mediante lei regularanse os deberes dos cidadáns nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, polo que parece necesario que, sen prexuízo do establecido na lexislación reguladora do Servizo Civil e da Protección Civil sobre canto antecede, complétense os recursos municipais mencionados coa incorporación dos cidadáns aos Servizos municipais de Protección Civil, ofrecéndolles así oportunidades para asumir e realizar, voluntariamente, o cumprimento dos deberes que a Constitución lles atribúe nas circunstancias aludidas anteriormente.

Por outra banda a Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre protección civil e o Real decreto 407/1992 que desenvolve a norma básica, en distintas partes do seu articulado, recolle a participación, responsabilidade, competencias das diferentes administracións públicas na Protección Civil, tendo un papel importante os municipios que por ser a administración máis próxima aos cidadáns convírtese na célula básica de Protección Civil.

Abundando na normativa, temos que recoller o Plan Territorial de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia (PLATERGA) publicado por Resolución do 11 de outubro de 1994, da Secretaría Xeral para a Protección Civil e o Medio Ambiente, onde se establece, entre outras, as directrices para a planificación de ámbito local, así como os cometidos que poidan desenvolver as Agrupacións de Voluntarios nos distintos estudos dos Plans de Emerxencia.

Para artillar as oportunidades de colaboración dos cidadáns, individualmente considerados, coa Protección Civil municipal, parece conveniente regulamentar a organización e funcionamento dunha Agrupación de Voluntarios de Protección Civil deste municipio que se vencellará aos Servizos básicos de intervención en emerxencias dependentes do Concello para realizar as tarefas que procedan, sen prexuízo do que poida establecerse nas leis sobre prestación persoal e dos servizos con carácter obrigatorio.

Na súa virtude, previo acordo do Concello, apróbase o Regulamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil deste municipio que se transcribe seguidamente.

CAPITULO 1

FINALIDADE

Art.1o A Protección Civil Municipal ten como fin a configuración dunha organización con base nos recursos municipais e na colaboración das entidades privadas e dos cidadáns, para garantir a coordinación preventiva e operativa respecto da protección de persoas e bens ante os danos producidos polas situacións de emerxencia nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, sen esquecer todo tipo de emerxencias menores, mediante a realización de actividades que permitan evitalas, reducir os seus efectos, reparar os danos e, de ser o caso, contribuir a corrixir as causas produtoras destes.

Art.2o A organización e funcionamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil como modalidade de incorporación dos cidadáns ás actividades desta, rexeráse polo establecido no presente regulamento, así como polas instrucións e directrices que, para efectos de coordinación xeral, se diten pola Secretaría Xeral para Protección Civil e o Medio Ambiente e demais Administracións Públicas de ámbito superior conforme se establece na Norma Básica de Protección Civil.

Art.3o Poderán vencellarse á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil unicamente as persoas físicas ou individuais que sexan veciños ou residan no municipio e teñan interese en colaborar directamente nas actividades propias dos Servizos básicos de Protección Civil dependentes del.

CAPITULO II

ORGANIZACION

Art.4o Unha das canles para a colaboración voluntaria dos veciños á Protección Civil Municipal levarase a cabo mediante a incorporación destes á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil a que se refire o presente regulamento, podendo ser a través das figuras de voluntario activo, voluntario de apoio ou colaborador.

Art.5o Poderán incorporarse á Agrupación de Voluntarios de Protección Civil como voluntarios activos todos os veciños maiores de 18 anos e menores de 65 anos que acrediten dispor de tempo libre, superan as probas de aptitude psicofísica e teñan coñecementos de formación básica e específica en materia de Protección Civil.

Así mesmo as persoas maiores de 16 e menores de 18 anos con permiso paterno e as maiores de 65 anos poderán formar parte das agrupacións como voluntarios de apoio.

Art.6o Os veciños con formación e experiencia suficiente no exercicio profesional ou vocación relacionada con algunha das actividades deste Servizo Público, e polos motivos que fora non poidan ser voluntarios activos, poderán estar unidos á

agrupación mediante a figura de colaborador en misión de orientación, asesoramento, asistencia técnica, ou axuda económica. A figura de colaborador pódese facer extensiva a aquelas entidades locais que desexen colaborar coa agrupación en calquera dos apartados mencionados anteriormente.

Art.7o A vinculación dos voluntarios co Concello non ten o carácter de relación laboral ou administrativa, senón tan só de colaboración voluntaria para a prestación de servizos de modo gratuíto e altruísta.

Art.8o A incorporación á agrupación farase sempre en virtude de solicitude do interesado, na que declarará non atoparse inhabilitado para funcións públicas por sentenza firme e do compromiso de aceptar e coñecer o contido deste regulamento, así como o disposto na normativa vixente sobre Protección Civil.

Art.9o A condición de membro da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil faculta unicamente para realizar as actividades correspondentes a ela, especialmente en situacións de emerxencia nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública e sempre en operativos organizados e coordinados pola agrupación, xa sexa en relación cos mandos dela ou noutras persoas, actividades de carácter persoal ou de finalidade relixiosa, política, sindical ou económica.

Art.10o As funcións do voluntariado, entre outras, son as de: promoción da autoprotección cidadá, potenciación da prevención a través de estudos de riscos na localidade, colaboración na realización e implantación do Plan de Emerxencia Municipal, prestación de auxilio e apoio nas situacións de risco individual ou colectivo, catástrofe ou calamidade e colaborar e cooperar coas autoridades, en materia de protección civil cando estas llo soliciten.

Art.11o A agrupación estruturarase, orgánica e funcionalmente en áreas especializadas e operativas de acordo ás necesidades existentes no municipio; en todo caso contará con área económico-administrativa, de divulgación e información e de comunicacións. As áreas operativas (incendios, salvamento, rescate, seguridade vial, etc.) serán variables en número e denominación; toda área estará coordinada por un responsable.

Art.12o A Agrupación Municipal de Voluntarios dependerá directamente do alcalde-presidente como xefe local de Protección Civil que poderá delegar o exercicio das súas funcións e competencias no concelleiro delegado dos servizos de Protección Civil.

Art.13o O xefe da agrupación será nomeado polo Pleno entre unha terna presentada pola agrupación, elixida democraticamente no seu seo por todos os voluntarios. A duración máxima do mandato será de catro anos, podendo ser reelixido para novos mandatos.

Os xefes de Áreas e demais cargos da Xunta Directiva, serán nomeados polo Xefe da Agrupación a proposta das súas respectivas áreas, sendo a duración do mandato de catro anos e podendo ser reelixidos.

A Xunta Directiva renovarase por metades, realizándose a primeira renovación, excepcionalmente, aos dous anos de mandato.

Art.14o Todos os compoñentes da agrupación ostentarán, sobre o lado esquerdo do uniforme o distintivo de Protección Civil e no lado dereito a tarxeta de identidade de voluntarios creados ambos pola Orde do 17 de decembro de 1991 da Consellería da Presidencia e Administración Pública, e na que se indicará o seu cargo dentro da agrupación.

Art.15o O Servizo Municipal de Protección Civil elaborará e formulará propostas para aprobación das normas de carácter especial ou xeral que sexan necesarios para o desenvolvemento e aplicación deste regulamento, así como para a regulación da actividade da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil.

CAPITULO III

FORMACION E PERFECCIONAMENTO

Art.16o A formación terá como finalidade a preparación dos membros da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil sobre coñecementos básicos relacionados coa características deste Servizo Público, así como contribuir á súa selección e facilitar a capacitación destes para incorporarse en condicións de eficacia ás distintas áreas de intervención creadas.

Art.17o A actividade formativa e de perfeccionamento conforme o disposto na Orde do 22 de abril de 1994 pola que se regula a formación do persoal voluntario de Protección Civil artellarase do seguinte modo:

- 1) Curso básico de Protección Civil dirixido aos aspirantes para a súa incorporación á agrupación.
- 2) Cursos de II nivel ou nivel operativo, para a formación específica dos voluntarios que se encadrarán nas distintas áreas.
- 3) Cursos de terceiro nivel ou de especialidades, que formará aos diferentes especialistas necesarios para a agrupación.
- 4) Exercicios prácticos con carácter periódico para a mellora permanente da preparación dos compoñentes da agrupación.

Ademais de canto antecede, a actividade formativa completarase coas seguintes actividades:

a) A organización de bibliotecas e fondos de comunicación sobre Protección Civil e, especialmente, en relación coa organización e funcionamento de agrupacións de voluntarios e outras modalidades da participación cidadá nas actividades de Protección Civil.

b) O mantemento de relacións de colaboración mutua con outras Administracións Públicas ou entidades privadas relacionadas con Protección Civil, así con outras agrupacións de voluntarios de Protección Civil.

c) Colaborar na edición e promoción de publicacións periódicas e unitarias sobre temas de Protección Civil e, divulgación de recomendacións á poboación sobre factores de risco potencial de emerxencia e comportamento ante eles.

CAPITULO IV

DEREITOS E OBRIGAS

Art.18o O voluntario de Protección Civil poderá usar os distintivos e equipos da agrupación, en todos os actos a que sexan requiridos, sendo obrigatorio o seu uso en caso de intervención especial, sinistros ou calamidades, para efectos de identificación.

Art.19o Así mesmo poderá elevar as súas peticións, suxestións e reclamacións ao alcalde, ou ao concelleiro delegado de Protección Civil, a través dos seus mandos naturais ou directamente cando, no prazo de vinte días, o seu escrito non fose contestado.

Art.20o Os riscos no servizo do voluntario estarán cubertos por un seguro de accidentes para aqueles que puideran sobrevirle durante a súa actuación, abrangendo indemnizacións por asistencia médico-farmacéutica, diminución física, invalidez temporal ou permanente e falecemento.

Os danos e perdas que poida causar un compoñente da agrupación nas súas actuacións estarán cubertos por un seguro de responsabilidade civil. Non obstante, o Concello, segundo o previsto na Lei de responsabilidades da Administración Pública, fará fronte a aqueles danos que no estean amparados polo seguro.

A modalidade das correspondentes pólizas de seguros e contías das indemnizacións serán fixadas polo Concello a proposta do concelleiro delegado de Protección Civil.

Art.21o Todo voluntario de Protección Civil obrígase a cumprir estritamente ps seus deberes regulamentarios, cooperar co seu maior esforzo, interese, disciplina e espírito social en calquera misión de socorro, axuda e rescate de vítimas, da súa evacuación, asistencia, vixilancia e protección das persoas e bens, así como en toda outra misión que lle encomenden os mandos da organización ou as autoridades de quen dependa durante a súa actuación.

Art.22o O voluntario deberá incorporarse coa maior brevidade posible ao seu lugar de concentración en caso de catástrofe ou emerxencia.

Así mesmo terá a obriga de por en coñecemento dos mandos da agrupación ou autoridades, a existencia de feitos que poidan supor riscos para as persoas ou os bens.

Art.23o En ningún caso o voluntario ou colaborador actuará como membro de Protección Civil fóra dos actos de servizo debidamente programados ou autorizados polos seus mandos. Isto non obsta para que, usando os seus coñecementos e experiencias, interveña, con carácter estritamente particular, naqueles feitos requiridos polo seu deber de cidadanía.

Art.24o O voluntario cando actúe como tal, en actos programados ou autorizados polos seus mandos, deberá ir correctamente uniformado e identificado de acordo ao regulamentado na normativa en vigor.

Art.25o A pertenza dos voluntarios e colaboradores ás Agrupacións e por extensión ao Servizo Municipal de Protección Civil será gratuíta e honorífica, sen dereito a reclamar ao Concello retribución nin premio ningún, agás as indemnizacións por accidente que puideran corresponderlle de acordo co especificado n artigo 21.

Art.26o O voluntario ten a obriga de manter en perfectas condicións de uso o material e equipo que puidera serlle confiado, comprometéndose a pagar os danos que causara neles, se fora debido ao mal trato ou falta de cuidado.

CAPITULO V

RECOMPENSAS E SANCIÓN S

Art.27o As condutas dos compoñentes da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil será obxecto de valoración polos procedementos que se establezan nas correspondentes instrucións de desenvolvemento deste regulamento. Distinguiranse como proceda as condutas meritorias e sancionaranse, de conformidade co establecido neste regulamento, as infraccións ao previsto en el.

A valoración corresponderá ao Pleno a proposta da Agrupación elevado polo mando natural da unidade correspondente.

As recompensas e sancións anotaranse no expediente persoal do interesado.

Art.28o A acción meritoria que implique un nivel de dedicación superior aos deberes ordinarios do servizo (ou riscos para a vida á integridade dos voluntarios), poderán ser recompensados co recoñecemento público mediante ou correspondente escrito da Alcaldía ou a formulación por ela de proposta para a concesión das Medallas ao Mérito, as placas e diplomas de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia, creada por Orde do 22 de abril de 1994, da Consellería de Presidencia e Administración Pública e outras distincións que poidan conceder as distintas Administraciones Pública o el Ayuntamiento, en su caso, para premiar actos desta natureza especial.

Art.29o As infraccións ao disposto neste regulamento sancionaranse previa a tramitación do correspondente expediente; unha vez oído o interesado que poderá en todo momento facer as alegacións oportunas.

As faltas considéranse leves, graves e moi graves.

1. Estimaranse como faltas leves e sancionaranse con apercibimento ou suspensión de ata un mes, atendendo a circunstancias que concorran, as seguintes:

a) O descuido na conservación e mantemento do equipo e material que tivera ao seu cargo no cumprimento das misións encomendadas.

b) A desobediencia aos mandos, cando isto non supoña mal trato de palabra e obra e non afecten ao servizo que deba cumprirse.

c) As demais infraccións ou omisións, con carácter leve, ao presente regulamento.

II. Consideraranse as faltas graves e sancionaranse con suspensión dende un a seis meses, atendendo ás circunstancias que concorran, as seguintes:

a) Negarse ao cumprimento das misións que lle sexan encomendadas sen causa.

b) A utilización fóra dos actos propios do servizo, do equipo, material e distintivos de Protección Civil.

c) O deterioro por negligencia, perda do equipo, material, bens, documentos do servizo ao seu cargo e custodia.

d) As omisións ou infraccións graves ao preceptuado neste regulamento e en particular ao seu artigo 9.º

e) A acumulación de tres faltas leves.

III. Serán causas de expulsión, como consecuencia de falta moi grave, as seguintes:

a) Deixar de cumprir, sen causa xustificada, as esixencias do servizo.

b) Observar mala conduta o ter sido sancionado reiteradamente por faltas graves.

c) Ter sido condenado por calquera acto delictuoso a excepción das condenas derivadas de accidentes de circulación.

d) Utilizar ou exhibir indebidamente o uniforme e/ou as identificacións do servizo.

e) A agresión de palabras e obra a calquera membro da agrupación e a desobediencia que afecte á misión que deba cumprir.

f) O negarse a cumprir as sancións de suspensión que lle foran impostas.

g) O incumprimento moi grave do establecido no presente regulamento e en especial no seu artigo 9º.

CAPITULO VI

RESCISION DO VINCULO COA AGRUPACION

Art.30º A relación de colaboración voluntaria coa agrupación rematará a petición do interesado, por falecemento, declaración de incapacidade, solicitude de

baixa temporal ou definitiva, perda dalgunha das condicións esixidas para poder ser voluntario, ou quedar incurso en situación de inhabilitación para o exercicio de cargos públicos por sentenza firme.

Art.31o Considérase baixa temporal na Agrupación de Voluntarios de Protección Civil a suspensión da actividade nela como consecuencia de sanción, a ausencia inferior a tres meses que teña motivos xustificadas que fose comunicada oportunamente, así como a interrupción da prestación pola incorporación ao Servizo Militar, Obxección de Conciencia ou por embarazo, atención do neonato ou enfermidade.

Art.32o Será causa de baixa definitiva na agrupación a petición do interesado e a incomparecencia deste por tempo superior a tres meses, sen causa xustificada, á actividade ordinaria ou especial que lle corresponda; o incumprimento dos servizos mínimos esixidos no artigo 21o ou a negativa a cumprir o requirimento de prestación de actividade nunha zona sinistrada determinada ou a permanecer nela no posto que se lle encomende.

Art.33o Acordada a baixa notificada ao interesado, este procederá á inmediata entrega da documentación de identidade, distintivo, uniformidade, equipo e material que lle fora adxudicado pola agrupación.

Art.34o En todo caso expedirase, a petición do interesado, un certificado no que consten os servizos prestados na Agrupación de Voluntarios de Protección Civil e a causa pola que se acordou a baixa.

DISPOSICIÓN FINAIS

1n O Pleno, ditará as instrucións e directrices que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste regulamento.

2n Este regulamento entrará en vigor unha vez publicado no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ao que se refire o art. 70.2 en relación co 65.2 da citada Lei 7/1985 e comezará a aplicarse a partir do día seguinte.

ORDENANZA REGULADORA DA LIMPEZA OBRIGATORIA DE TERREOS FORESTAIS E DE SOARES EN SOLO URBANO OU DE NÚCLEO RURAL E OUTRAS ACCIÓNS PREVENTIVAS CONTRA OS INCENDIOS FORESTAIS

PREÁMBULO:

O monte e os solos agrícolas desempeñan neste municipio unha tripla funcionalidade: social, ambiental e económica.

Dentro do cadro xeral de competencias establecidas para o municipio, tanto na Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, nos artigos 25 e 80 respectivamente, atópanse atribuídas varias que son converxentes polo que ao interese público significa, respecto aos montes, como son os incendios, a protección civil e o medio ambiente, todos eles en canto contribúen a satisfacer necesidades e aspiracións da comunidade veciñal.

Coa presente norma a Corporación de Val do Dubra quere expresar e manifestar o seu compromiso, dentro da súa política municipal, de defensa do medio rural.

É necesario ter un instrumento xurídico eficaz que, con suxeición á xerarquía normativa, permita actuacións que lexitime á administración da entidade local nas tarefas de prevención de incendios.

As accións recollidas na presente ordenanza complementáanse coa ordenanza fiscal correspondente para a percepción do reintegro dos gastos que o Concello realice polos traballos substitutorios en caso de inactividade dos particulares, ante as ordes de requirimento para o cumprimento das fins recollidas no seu texto articulado.

CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1:

Competencia.- A presente ordenanza dítase segundo as facultades concedidas polos artigos 25 en relación co 84 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, artigos 9 e 199 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e 80 da 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Artigo 2:

Obxecto e natureza.- Esta ordenanza persigue fins municipais de policía urbana e rural e de prevención de incendios pretendendo ser complementaria das disposicións xerais reguladoras das materias propias da súa natureza.

Artigo 3:

Definicións.- Para os efectos da presente ordenanza, defínense os seguintes termos:

A) Monte ou terreo forestal: todo terreo no que vexeten especies forestais arbóreas, arbustivas e matorral ou herbáceas, sexa espontaneamente ou procedentes de sementeira ou plantación, que cumpran ou poidan cumprir funcións ambientais, protectoras, produtoras, culturais, paisaxísticas ou recreativas.

Teñen tamén a consideración de monte ou terreo forestal os demais terreos descritos no artigo 5 da Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes.

Ademais e para os efectos do cumprimento da presente ordenanza, poderán ter a consideración de monte aquelas superficies que estean clasificadas como terreo rústico de protección agropecuaria que reúnan as características recollidas no artigo 5.1 da Lei 43/2003, en canto subsista o seu uso forestal.

B) Solo de núcleo rural: os terreos clasificados como tales no planeamento urbanístico ou aqueles outros que constituíndo un conxunto de edificios contiguos ou próximos distanciados entre sí un máximo de cincuenta metros e con oito ou máis edificacións, constituíndo o seu perímetro a liña poligonal pechada que, englobando todos os edificios, delimite a menor área posible.

C) Soar: terán a consideración de soares as superficies aptas para edificar que reúnan os requisitos establecidos no artigo 16 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

D) Faixas de especial protección: son a totalidade das parcelas que se atopen fóra do monte a menos de vinte e cinco metros do seu perímetro.

Son tamén a totalidade dos terreos forestais, rasos ou arborados, que se sitúen dentro do monte a menos de dez metros do seu perímetro.

Así mesmo son faixas de especial protección unha franxa de vinte e cinco metros arredor de calquera edificación, urbanización, obras e instalacións industriais, eléctricas ou infraestruturas de transportes situadas a menos de catrocentos metros do monte.

E) Solo rústico de protección agropecuaria: son os así definidos no planeamento urbanístico municipal. Entre eles atópanse as parcelas resultantes das operacións oficiais de concentración parcelaria.

F) Repoboación forestal: é a introdución de especies forestais nun terreo mediante de sementeira ou plantación.

G) Forestación: repoboación, mediante sementeira ou plantación, dun terreo que era agrícola ou dedicado a outros usos non forestais.

H) Reforestación: é a reintrodución de especies forestais por medio de sementeira ou plantación en terreos que xa estiveran poboados forestalmente ata época recente pero que quedaron rasos a causa de talas, incendios, vendavais, pragas, enfermidades ou outros motivos.

I) Puntos de augas: son aqueles pozos de dominio público, pechados, cuxas augas se destinan a abastecer aos medios contra incendios, tales como cisternas, helicópteros e outros análogos.

CAPÍTULO II.- LIMPEZA DE TERREOS

Artigo 4:

Obrigas dos propietarios.- Os propietarios dos terreos situados nas faixas de especial protección están obrigados a manter as súas parcelas así como os camiños de titularidade privada e as súas gabias limpos de maleza e restos, así como a ter a masa arbórea rareada.

Así mesmo a todo propietario de soar quedalle expresamente prohibido manter ou verter neles lixos, residuos de calquera tipo ou natureza, entullos ou maleza.

Artigo 5:

Execución.- Para a realización dos traballos necesarios para cumprir as obrigas do artigo anterior os propietarios poderán:

A) realizar directamente os traballos no tempo que fixe o Concello.

B)realizalos polo Concello previa solicitude e cos que se asinará o correspondente convenio con suxeición ás taxas correspondentes.

C) execución subsidiaria dos traballos por parte do Concello nos casos en que non foran efectuados polos seus propietarios unha vez feito o requirimento.

Artigo 6:

Procedemento.- O Concello durante o mes de marzo confeccionará a relación de propietarios e parcelas que teñan obriga de facer os traballos de limpeza determinados no artigo anterior.

Artigo 7:

Prazos.- Durante o mes de abril procederase a notificar o requirimento aos propietarios afectados e asemade publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, de tal xeito que os traballos dean comezo o día primeiro de maio de cada ano.

Artigo 8:

Audiencia.- No prazo de dez días dende a notificación ou da publicación do requirimento os propietarios poderán, polo trámite de audiencia, alegar o que consideren conveniente aos seus intereses.

A resolución correspondente seralles novamente notificada outorgándolles o correspondente recurso de reposición que non paralizará a execución do requirimento.

CAPÍTULO III.- MEDIDAS DE SEGURIDADE

Artigo 9:

Distancias mínimas de plantación.- Quedan establecidas as seguintes:

1.- Por razóns de seguridade:

A) especies de crecemento rápido como o eucalipto ou o chopo: 50 m a vivendas ou instalacións.

B) resto de especies, 25 m a vivendas ou instalacións e 50 m cando a proximidade sexa a industrias e instalacións perigosas.

2.- Pola natureza dos terreos:

A) terreos forestais lindantes con terreos de protección agropecuaria, as distancias aos lindeiros serán:

1) Eucaliptos e chopos: 50 m das colleitas

2) Resto de especies, tales como piñeiro, abetos ou similares: a 10 m

B) terreos agropecuarios lindantes con terreos tamén de protección agropecuaria, as distancias aos lindeiros serán:

1) viñado: a 10 m

2) os setos compostos de matorral ou calquera tipo dos permitidos na presente ordenanza será de 3 m

3) ás arbores froiteiras a 4 m

C) terreos forestais lindantes con outros terreos forestais, as distancias aos lindeiros serán:

1) nas especies do xénero eucaliptus a distancia mínima será de 25 m de monte a monte

2) nas especies de coníferas, tales como piñeiro, abetos e similares, a distancia mínima será de 3 m

3) nas especies de frondosas con porte forestal, tales como carballos, castiñeiros, cerdeiras e chopos, a distancia mínima será de 4 m

4) nas especies de frondosas con porte froiteira, tales como castiñeiros, cerdeiras, maceiras, nogueiras ou concheiros a distancia mínima será de 4 m

3.- Pola proximidade a estruturas e servizos públicos:

A) con respecto a núcleos rurais e urbanos:

1) nas especies do xénero eucaliptus a distancia mínima será de 100 m

2) nas especies de coníferas será de 100 m

3) nas especies de frondosas con porte forestal a distancia mínima será de 25 m

4) nas especies de frondosas con porte froiteira distancia mínima será de 6 m

B) con respecto a fontes naturais e manantiais de uso público:

1) nas especies do xénero eucaliptus a distancia mínima será de 100 m

2) nas especies de coníferas será de 100 m

3) nas especies de xénero populus (chopo) a distancia mínima será de 15 m

4) nas especies de frondosas con porte forestal a distancia mínima será de 10 m

5) nas especies de frondosas con porte froiteira distancia mínima será de 10 m

C) con respecto a cursos de auga, ríos e regatos: para todas as especies a distancia mínima será a que estableza o Organismo Autónomo Augas de Galicia.

D) con respecto ás conducións de auga (tuberías): para todas as especies a distancia mínima será de 5 m a cada lado da condución.

E) con respecto a liñas eléctricas: para todas as especies a distancia mínima será a que segundo o tipo de liña se teña establecido dentro da normativa sectorial que é de 8 m para baixa e media tensión e de 15 m para alta tensión

F) con respecto a vías públicas municipais: para todas as especies a distancia mínima será de 4 m contados dende a arista exterior da vía pública entendéndose que a tal arista é o bordo exterior da gabia do camiño ou estrada destinados a circulación.

Artigo 10:

Outras prohibicións.- Queda prohibida facer repoboacións:

- A) en solo urbano e de núcleo rural
- B) en zonas dedicadas a labradío, cultivos, prados ou pastos
- C) facelo con especies como acacia ou mimosa

Artigo 11:

Mantemento de repoboacións forestais.- Os seus propietarios están obrigados a mantelas en todo momento limpas de maleza, en condicións axeitadas para a prevención e mellor defensa contra os incendios forestais sen restos e xermolos de árbores.

Artigo 12:

Permisividade.- Permítese a plantación de xardíns e árbores illadas con presentación previa ante o Concello do correspondente informe dun técnico agrícola onde se fixen as consecuencias do seu emprazamento en relación á prevención de incendios forestais relacionando as especies de que se vai a compoñer o axardinamento ou as árbores illadas.

Artigo 13:

Xestión da biomasa forestal.- A xestión da biomasa forestal levarase a cabo conforme aos criterios da Orde do 31 de xullo de 2007 da Consellería do Medio Rural (DOG do día 7 de agosto)

CAPÍTULO IV.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS

Artigo 14:

Definición das infraccións.- Constitúe infracción desta ordenanza as accións ou omisións que vulneren o seu contido:

- ÿ A) non cumprir a orde de execución das obras para manter os terreos, urbanización de iniciativa particular e edificacións ou instalacións en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e de acordo coas normas de protección ao medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación, tal como dispoñen os artigos 9 e 199 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e 24 do Regulamento de disciplina urbanística (RD 28/1999 do 21 de xaneiro).
- ÿ B) non respectar as medidas preventivas de protección contra incendios forestais incumprindo o deber de manter limpo de maleza ou calquera outro material que facilite a propagación do lume dentro das distancias de seguridade sinaladas nesta ordenanza.
- ÿ C) realizar novas plantacións de árbores coníferas dentro da franxa de protección fixada nesta ordenanza.

As infraccións ás que se refire os apartados anteriores serán sancionadas con multas coercitivas que varíen entre 150,29 e 300,06 euros, ata un máximo de 10 e responden para que, en caso de incumprimento dunha orde de execución por infracción desta ordenanza, a administración municipal optará pola execución subsidiaria ou a execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas reiterables mensualmente ata acadar a execución polo suxeito obrigado.

Artigo 15:

Tipificacións das infraccións.-

1. As infraccións a esta ordenanza clasificaranse en moi graves, graves e leves:

Y A) Son infraccións moi graves: accións e omisións que constitúan incumprimento das normas que afecten á seguridade e salubridade das edificacións e terreos, así como incumprimento das medidas de prevención contra incendios forestais sinaladas nesta ordenanza durante os meses de verán, que supoñan un risco grave contra a seguridade de persoas ou bens en caso de incendio.

Y B) Son infracción graves: as accións ou omisións que constitúan incumprimento das normas que, relativas a seguridade e salubridade ou ornato que afecten levemente á salubridade/seguridade de persoas ou bens, así como as medidas de prevención contra incendios forestais sinaladas nesta ordenanza que supoñan un risco evidente contra a seguridade de persoas ou bens en caso de incendio e a nova plantación de árbores dentro da franxa de protección fixada nesta ordenanza.

Y C) Consideraranse infraccións leves as infraccións a esta ordenanza que non teñan carácter de moi graves ou graves

2. En ningún caso poderá o Concello deixar de adoptar as medidas tendentes a restaurar a orde perturbada/vulnerada así como a facer efectivas as medidas de prevención e protección contra incendios forestais, polo que procederá tras o apercibimento, á execución forzosa, por medio da execución subsidiaria, realizando os correspondentes actos por si ou a través das persoas que se determine a custa do obrigado.

Artigo 16:

Incumprimento.- No incumprimento das ordes de execución por razón de salubridade e hixiene ou ornato serán responsables as persoas que teñan o dominio útil.

Artigo 17:

Sancións.- Para graduar as multas atenderase primordialmente á gravidade das materias, á entidade económica dos feitos constitutivos de infracción, á reiteración da persoa responsable e grao de culpabilidade de cada un dos infractores.

Artigo 18:

Sancións por faltas moi graves.- Sancionaranse con multas de 1803,04 a 3005,06 euros

Artigo 19:

Sancións por faltas graves.- Sancionaranse con multas de 601,03 a 1803,03

Artigo 20:

Sancións por faltas leves.- Sancionaranse con multas de 150,25 a 601,02 euros

Artigo 21:

Procedemento.- O órgano competente para resolución do procedemento sancionador é o alcalde, conforme co que dispón o artigo 21.1.k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Artigo 22:

A potestade sancionadora exercerase segundo o establecido no Regulamento do procedemento do exercicio da potestade sancionadora, aprobado por RD 1398/1993, do 4 de agosto.

Artigo 23:

Caducidade.- O prazo para resolver o procedemento sancionador será dun ano contado dende a data da súa incoación.

Transcorrido o dito prazo sen resolver producirase a caducidade do procedemento.

No suposto de que a infracción non prescribira deberá iniciarse un novo procedemento sancionador.

Artigo 24:

Prescripción.- As infraccións moi graves a esta ordenanza prescribirán aos 6 anos, as graves aos 3 e as leves ao ano dende que se produciu o feito ou se formulou requirimento de execución.

Artigo 25:

Recursos.- Contra as resolucións da Alcaldía ou órgano competente en caso de delegación nas que se plasmen ás obras de execución que poñan fin vía administrativa cabe interpor recurso contencioso-administrativo ante o xulgado competente.

DISPOSICIÓN FINAL:

A presente ordenanza que consta de 25 artigos e unha disposición final, entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente polo concello e publicado o seu texto no Boletín Oficial da Provincial transcorrido o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril.

ORDENANZA FISCAL Nº 25

ORDENANZA FISCAL POLA QUE SE ESTABLECE O PREZO PÚBLICO POLA REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE LIMPEZA DE TERREOS PERTENCENTES A PROPIETARIOS E TITULARES OBRIGADOS AO SEU MANTEMENTO

CAPÍTULO I: OBXECTO

Artigo 1:

Concepto.- De conformidade co establecido nos artigos 2.1.c), 41 , 42 e 43 e 127 do RDlex 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establécese o prezo público pola realización dos traballos de limpeza de terreos pertencentes aos propietarios e titulares obrigados ao seu mantemento, conforme á ordenanza municipal reguladora da limpeza obrigatoria de terreos forestais e soares en solo urbano ou de núcleo rural e outras accións preventivas contra incendios forestais, cando incumprisen as obrigas alí contidas e tivese que realizar os traballos necesarios o Concello.

CAPÍTULO II: LIMPEZA DE TERREOS

Artigo 2:

Obrigas dos propietarios.- Os propietarios dos terreos situados nas faixas de especial protección están obrigados a manter as súas parcelas así como os camiños de titularidade privada e as súas gabias limpos de maleza e restos, así como a ter a masa arbórea rareada.

Así mesmo a todo propietario de soar quédalle expresamente prohibido manter ou verter neles lixos, residuos de calquera tipo ou natureza, entullos ou maleza.

Artigo 3:

Execución.- Para a realización dos traballos necesarios para cumprir as obrigas do artigo anterior os propietarios poderán:

A) realizar directamente os traballos no tempo que fixe o Concello.

B) realízalos polo Concello previa solicitude e cos que se asinará o correspondente convenio con suxeición ás taxas correspondentes.

C) execución subsidiaria dos traballos por parte do Concello nos casos en que non foran efectuados polos seus propietarios unha vez feito o requirimento.

Artigo 4:

Procedemento.- O Concello durante o mes de marzo confeccionará a relación de propietarios e parcelas que teñan obriga de facer os traballos de limpeza determinados no artigo anterior.

Artigo 5:

Prazos.- Durante o mes de abril procederase a notificar o requirimento aos propietarios afectados e asemade publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, de tal xeito que os traballos dean comezo o día primeiro de maio de cada ano.

Artigo 6:

Audiencia.- No prazo de dez días dende a notificación ou da publicación do requirimento os propietarios poderán, polo trámite de audiencia, alegar o que consideren conveniente aos seus intereses.

A resolución correspondente seralles novamente notificada outorgándolles o correspondente recurso de reposición que non paralizará a execución do requirimento.

CAPÍTULO III: SUXEITOS, TARIFAS, XESTIÓN E COBRO

Artigo 7:

Obrigados ao pagamento.- Serán os titulares do dominio útil dos terreos nos que se prestase o servizo, ben por aplicación do convenio, ben pola súa realización subsidiaria, ambos feitos impositivos determinados no artigo 3º desta ordenanza.

Artigo 8:

Tarifas.- Tendo en conta que o custo do servizo nunca será inferior ao prezo do mercado, fíxanse as seguintes:

Precio por hectarea (10.000 m ²)	Precio por m ²	Precio por ferrado (1 ferrado=528 m ²)	Precio por cuartillo (1 cuartillo=22 m ²)
775 p	0,08	40,92	1,71

Artigo 9:

Xestión.- A liquidación resultante pola aplicación do prezo público recollido nesta ordenanza realizarase en réxime de autoliquidación cando a obriga fiscal naza do convenio.

Artigo 10:

Cobro.- A obriga de pagamento do prezo público establecido nace dende que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade, se ben o Concello poderá esixir o depósito previo do seu importe total ou parcial.

Artigo 11:

Constrinximento.- As débedas polos prezos públicos desta ordenanza poderán esixirse polo procedemento administrativo de constrinximento.

Artigo 12:

Fixación.- A modificación dos prezos públicos recollidos nesta ordenanza corresponderá ao Pleno do Concello, sen prexuízo das súas facultades de delegación na Xunta de Goberno Local, conforme ao artigo 23.2.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Disposición final:

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia.



ANEXO 2: RÉXIMES DE CAZA E PESCA

Polo que respecta a caza a totalidade da superficie forestal do concellos e atopa incluída en dous TECOR, cuxas principais características son:

Nome do Tecor	Titulares	Superficie (ha)	Matrícula	Parroquias que forman parte do Tecor
Val do Dubra	Sociedade de cazadores de Val do Dubra	10.361,00	C-10140	Case toda a parroquia de Vilariño, unha pequena superficie ao norte e sur da parroquia de Portomeiro e as demais parroquias de Val do Dubra na súa totalidade
Trazo	Sociedade de cazadores de Trazo	8.600,00	C-10147	Por parte do concello de Val do Dubra están incluídas neste Tecor case toda a parroquia de Portomeiro e unha franxa ao leste da parroquia de Vilariño

En canto as masas de auga e o réxime de pesca, non existe na actualidade ningún couto, e durante a tempada 2009 atópanse vedados o río Dubra desde a súa desembocadura no río Tambre ata case o límite norte do concello, e o seu afluente Río do Porto en todo o seu curso.



ANEXO 3: ANALISE ESTATÍSTICA

A análise estatística dos incendios forestais acontecidos no concello para o período 1999-2008 elaborouse a partir dos datos facilitados pola Consellería do Medio Rural a dous niveis: concello e parroquia. O nivel de concello permite obter unha caracterización xeral mentres que o de parroquia permite acadar un maior nivel de detalle, reflectindo as diferenzas territoriais en canto problemática de incendios forestais dentro do concello.

Parroquia	Nº lumes	Superficie (ha)				Índice frecuencia		Índice causalidade	
		arborada	rasa	total	media incendio	I _f	Valoración	I _c	Valoración
ARABEXO	14	2,28	7,32	9,60	0,686	1,40	Baixo	9,57	Grave
BEMBIBRE	4	0,25	0,29	0,54	0,135	0,40	Baixo	8,75	Grave
BUXÁN	4	2,42	5,58	8,00	2,000	0,40	Baixo	10,00	Grave
COUCIEIRO	10	5,79	5,43	11,22	1,122	1,00	Baixo	10,00	Grave
ERVÍNOU	36	206,59	129,91	336,50	9,347	3,60	Moderado	9,86	Grave
NIVEIRO	22	30,71	31,47	62,18	2,826	2,20	Baixo	9,50	Grave
PARAMOS	14	14,56	24,10	38,66	2,761	1,40	Baixo	9,57	Grave
PORTOMEIRO	17	5,12	18,17	23,29	1,370	1,70	Baixo	8,94	Grave
PORTOMOURO	8	1197,21	86,8	1284,01	160,501	0,80	Baixo	10,00	Grave
RIAL	50	49,73	122,72	172,45	3,449	5,00	Alto	9,68	Grave
SAN ROMÁN	15	18,08	19,10	37,18	2,479	1,50	Baixo	9,60	Grave
VILARIÑO	1	0,45	0,00	0,45	0,450	0,10	Baixo	10,00	Grave
TOTAIS	195	1533,19	450,89	1984,08	10,175				



1.- ARABEXO



PERIODO 1999-2008

TOTAL INCENDIOS	14
TOTAL SUPERFICIE (ha)	9,60
Total arborada	2,28
Total rasa	7,32
Superficie media incendio (ha)	0,69
t recacción media (minutos)	14:51

Horario	nº inc	%
Mañá (07:00-14:59)	2	14,29
Tarde (15:00-22:59)	11	78,57
Noite (23:00-06:59)	1	7,14
SUMA	14	100,00

Meses	nº inc	%	Superficie (ha)			%
			arborada	rasa	total	
Xaneiro						
Febreiro	1	7,14	0,20	0,00	0,20	2,08
Marzo	3	21,43	0,22	1,15	1,37	14,27
Abril						
Maio	3	21,43	1,10	3,23	4,33	45,10
Xuño						
Xullo	2	14,29	0,75	0,60	1,35	14,06
Agosto	3	21,43	0,01	0,34	0,35	3,65
Setembro	2	14,29	0,00	2,00	2,00	20,83
Outubro						
Novembro						
Decembro						
SUMA	14	100,00	2,28	7,32	9,60	100,00

Causalidad	nº inc	%	Sup (ha)	%
Intencionado	13	92,86	9,30	96,88
Orixe en queimas	0		0,00	
Escape de vertedoiro	0		0,00	
Outras negligencias	0		0,00	
Causa descoñecida	1	7,14	0,30	3,13
Outra causa	0		0,00	
SUMA	14	100,00	9,60	100,00





2.- BEMBIBRE



PERIODO 1999-2008

TOTAL INCENDIOS	4
TOTAL SUPERFICIE (ha)	0,54
Total arborada	0,25
Total rasa	0,29
Superficie media incendio (ha)	0,14
t recacción media (minutos)	12:30

Horario	nº inc	%
Mañá (07:00-14:59)	0	0,00
Tarde (15:00-22:59)	4	100,00
Noite (23:00-06:59)	0	0,00
SUMA	4	100,00

Meses	nº inc	%	Superficie (ha)			%
			arborada	rasa	total	
Xaneiro						
Febreiro						
Marzo						
Abril						
Maio	1	25,00	0,03	0,00	0,03	5,56
Xuño						
Xullo	1	25,00	0,07	0,23	0,30	55,56
Agosto	1	25,00	0,15	0,00	0,15	27,78
Setembro	1	25,00	0,00	0,06	0,06	11,11
Outubro						
Novembro						
Decembro						
SUMA	4	100,00	0,25	0,29	0,54	100,00

Causalidad	nº inc	%	Sup (ha)	%
Intencionado	3	75,00	0,48	88,89
Orixen en queimas	0		0,00	
Escape de vertedoiro	1	25,00	0,06	11,11
Outras negligencias	0		0,00	
Causa descoñecida	0		0,00	
Outra causa	0		0,00	
SUMA	4	100,00	0,54	100,00





3.- BUXAN



PERIODO 1999-2008

TOTAL INCENDIOS	4
TOTAL SUPERFICIE (ha)	8,00
Total arborada	2,42
Total rasa	5,58
Superficie media incendio (ha)	2,00
t recacción media (minutos)	11:30

Horario	nº inc	%
Mañá (07:00-14:59)	0	0,00
Tarde (15:00-22:59)	2	50,00
Noite (23:00-06:59)	2	50,00
SUMA	4	100,00

Meses	nº inc	%	Superficie (ha)			%
			arborada	rasa	total	
Xaneiro						
Febreiro						
Marzo						
Abril	1	25,00	2,10	4,90	7,00	87,50
Maio						
Xuño						
Xullo						
Agosto						
Setembro	3	75,00	0,32	0,68	1,00	12,50
Outubro						
Novembro						
Decembro						
SUMA	4	100,00	2,42	5,58	8,00	100,00

Causalidad	nº inc	%	Sup (ha)	%
Intencionado	4	100,00	8,00	100,00
Orixen en queimas	0	0,00	0,00	0,00
Escape de vertedoiro	0	0,00	0,00	0,00
Outras negligencias	0	0,00	0,00	0,00
Causa descoñecida	0	0,00	0,00	0,00
Outra causa	0	0,00	0,00	0,00
SUMA	4	100,00	8,00	100,00





4.- COUCIEIRO



PERIODO 1999-2008

TOTAL INCENDIOS	10
TOTAL SUPERFICIE (ha)	11,22
Total arborada	5,79
Total rasa	5,43
Superficie media incendio (ha)	1,12
t recacción media (minutos)	20:00

Horario	nº inc	%
Mañá (07:00-14:59)	5	50,00
Tarde (15:00-22:59)	0	0,00
Noite (23:00-06:59)	5	50,00
SUMA	10	100,00

Meses	nº inc	%	Superficie (ha)			%
			arborada	rasa	total	
Xaneiro						
Febreiro						
Marzo	4	40,00	4,44	1,16	5,60	49,91
Abril	1	10,00	0,10	0,50	0,60	5,35
Maio	1	10,00	0,20	0,70	0,90	8,02
Xuño	2	20,00	1,00	2,07	3,07	27,36
Xullo						
Agosto	1	10,00	0,00	0,80	0,80	7,13
Setembro	1	10,00	0,05	0,20	0,25	2,23
Outubro						
Novembro						
Decembro						
SUMA	10	100,00	5,79	5,43	11,22	100,00

Causalidad	nº inc	%	Sup (ha)	%
Intencionado	10	100,00	11,22	100,00
Orixen en queimas	0	0,00	0,00	0,00
Escape de vertedoiro	0	0,00	0,00	0,00
Outras negligencias	0	0,00	0,00	0,00
Causa descoñecida	0	0,00	0,00	0,00
Outra causa	0	0,00	0,00	0,00
SUMA	10	100,00	11,22	100,00





5.- ERVIÑO



PERIODO 1999-2008

TOTAL INCENDIOS	36
TOTAL SUPERFICIE (ha)	336,00
Total arborada	206,46
Total rasa	129,54
Superficie media incendio (ha)	9,33
t recacción media (minutos)	20:18

Horario	nº inc	%
Mañá (07:00-14:59)	8	22,22
Tarde (15:00-22:59)	21	58,33
Noite (23:00-06:59)	7	19,44
SUMA	36	100,00

Meses	nº inc	%	Superficie (ha)			
			arborada	rasa	total	%
Xaneiro						
Febreiro	6		1,52	11,70	13,22	3,93
Marzo	5	13,89	3,04	17,80	20,84	6,20
Abril	1	2,78	2,80	7,20	10,00	2,98
Maio	2	5,56	2,20	5,80	8,00	2,38
Xuño	12	33,33	25,89	40,11	66,00	19,64
Xullo	2	5,56	170,51	42,05	212,56	63,26
Agosto	5	13,89	0,00	0,80	0,80	0,24
Setembro						
Outubro						
Novembro	1	2,78	0,50	2,00	2,50	0,74
Decembro	2	5,56	0,00	2,08	2,08	0,62
SUMA	36	100,00	206,46	129,54	336,00	100,00

Causalidad	nº inc	%	Sup (ha)	%
Intencionado	35	97,22	336,45	99,99
Orixen en queimas	1	2,78	0,05	0,01
Escape de vertedoiro	0	0,00	0,00	0,00
Outras negligencias	0	0,00	0,00	0,00
Causa descoñecida	0	0,00	0,00	0,00
Outra causa	0	0,00	0,00	0,00
SUMA	36	100,00	336,50	100,00





6.- NIVEIRO



PERIODO 1999-2008

TOTAL INCENDIOS	23
TOTAL SUPERFICIE (ha)	62,18
Total arborada	30,71
Total rasa	31,47
Superficie media incendio (ha)	2,70
t recacción media (minutos)	15:11

Horario	nº inc	%
Mañá (07:00-14:59)	3	13,64
Tarde (15:00-22:59)	14	63,64
Noite (23:00-06:59)	5	22,73
SUMA	22	100,00

Meses	nº inc	%	Superficie (ha)			%
			arborada	rasa	total	
Xaneiro						
Febreiro						
Marzo	3	13,04	0,70	1,34	2,04	3,28
Abril	4	17,39	4,75	7,55	12,30	19,78
Maio	1	4,35	0,00	0,35	0,35	0,56
Xuño	5	21,74	19,15	16,32	35,47	57,04
Xullo	1	4,35	0,80	3,70	4,50	7,24
Agosto	5	21,74	0,09	0,40	0,49	0,79
Setembro	4	17,39	5,22	1,81	7,03	11,31
Outubro						
Novembro						
Decembro						
SUMA	23	100,00	30,71	31,47	62,18	100,00

Causalidad	nº inc	%	Sup (ha)	%
Intencionado	20	90,91	58,88	94,69
Orixen en queimas	1	4,55	0,80	1,29
Escape de vertedoiro	0	0,00	0,00	0,00
Outras negligencias	0	0,00	0,00	0,00
Causa descoñecida	0	0,00	0,00	0,00
Outra causa	1	4,55	2,50	4,02
SUMA	22	100,00	62,18	100,00





7.- PARAMOS



PERIODO 1999-2008

TOTAL INCENDIOS	14
TOTAL SUPERFICIE (ha)	38,66
Total arborada	14,56
Total rasa	24,10
Superficie media incendio (ha)	2,76
t recacción media (minutos)	20:00

Horario	nº inc	%
Mañá (07:00-14:59)	3	21,43
Tarde (15:00-22:59)	6	42,86
Noite (23:00-06:59)	5	35,71
SUMA	14	100,00

Meses	nº inc	%	Superficie (ha)			%
			arborada	rasa	total	
Xaneiro						
Febreiro						
Marzo	1	7,14	0,00	0,15	0,15	0,39
Abril	1	7,14	0,10	2,90	3,00	7,76
Maio	2	14,29	0,65	3,85	4,50	11,64
Xuño	2	14,29	0,80	1,45	2,25	5,82
Xullo	2	14,29	10,00	4,40	14,40	37,25
Agosto	3	21,43	0,21	0,05	0,26	0,67
Setembro	3	21,43	2,80	11,30	14,10	36,47
Outubro						
Novembro						
Decembro						
SUMA	14	100,00	14,56	24,10	38,66	100,00

Causalidad	nº inc	%	Sup (ha)	%
Intencionado	13	92,86	38,51	99,61
Orixen en queimas	0	0,00	0,00	0,00
Escape de vertedoiro	0	0,00	0,00	0,00
Outras negligencias	0	0,00	0,00	0,00
Causa descoñecida	1	7,14	0,15	0,39
Outra causa	0	0,00	0,00	0,00
SUMA	14	100,00	38,66	100,00





8.- PORTOMEIRO



PERIODO 1999-2008

TOTAL INCENDIOS	19
TOTAL SUPERFICIE (ha)	25,54
Total arborada	5,92
Total rasa	19,62
Superficie media incendio (ha)	1,34
t recacción media (minutos)	28:14

Horario	nº inc	%
Mañá (07:00-14:59)	3	17,65
Tarde (15:00-22:59)	7	41,18
Noite (23:00-06:59)	7	41,18
SUMA	17	100,00

Meses	nº inc	%	Superficie (ha)			
			arborada	rasa	total	%
Xaneiro						
Febreiro						
Marzo	1	5,26	0,30	0,00	0,30	1,17
Abril	2	10,53	0,00	0,31	0,31	1,21
Maio	1	5,26	0,35	0,65	1,00	3,92
Xuño	2	10,53	0,80	1,45	2,25	8,81
Xullo	6	31,58	1,40	3,10	4,50	17,62
Agosto	5	26,32	2,84	13,31	16,15	63,23
Setembro	1	5,26	0,20	0,70	0,90	3,52
Outubro	1	5,26	0,03	0,10	0,13	0,51
Novembro						
Decembro						
SUMA	19	100,00	5,92	19,62	25,54	100,00

Causalidad	nº inc	%	Sup (ha)	%
Intencionado	14	82,35	20,91	89,78
Orixen en queimas	0	0,00	0,00	0,00
Escape de vertedoiro	0	0,00	0,00	0,00
Outras negligencias	0	0,00	0,00	0,00
Causa descoñecida	3	17,65	2,38	10,22
Outra causa	0	0,00	0,00	0,00
SUMA	17	100,00	23,29	100,00





9.- PORTOMOURO



PERIODO 1999-2008

TOTAL INCENDIOS	8
TOTAL SUPERFICIE (ha)	1.284,01
Total arborada	1.197,21
Total rasa	86,80
Superficie media incendio (ha)	160,50
t recacción media (minutos)	26:52

Horario	nº inc	%
Mañá (07:00-14:59)	2	25,00
Tarde (15:00-22:59)	3	37,50
Noite (23:00-06:59)	3	37,50
SUMA	8	100,00

Meses	nº inc	%	Superficie (ha)			%
			arborada	rasa	total	
Xaneiro						
Febreiro						
Marzo	1	12,50	0,50	1,00	1,50	0,12
Abril						
Maio						
Xuño	2	25,00	3,01	4,00	7,01	0,55
Xullo						
Agosto	3	37,50	1.189,00	80,00	1.269,00	98,83
Setembro						
Outubro	2	25,00	4,70	1,80	6,50	0,51
Novembro						
Decembro						
SUMA	8	100,00	1.197,21	86,80	1.284,01	100,00

Causalidad	nº inc	%	Sup (ha)	%
Intencionado	8	100,00	1.284,01	100,00
Orixen en queimas	0	0,00	0,00	0,00
Escape de vertedoiro	0	0,00	0,00	0,00
Outras negligencias	0	0,00	0,00	0,00
Causa descoñecida	0	0,00	0,00	0,00
Outra causa	0	0,00	0,00	0,00
SUMA	8	100,00	1.284,01	100,00





10.- RIAL



PERIODO 1999-2008

TOTAL INCENDIOS	50
TOTAL SUPERFICIE (ha)	172,45
Total arborada	49,73
Total rasa	122,72
Superficie media incendio (ha)	3,45
t recacción media (minutos)	14:14

Horario	nº inc	%
Mañá (07:00-14:59)	8	16,00
Tarde (15:00-22:59)	36	72,00
Noite (23:00-06:59)	6	12,00
SUMA	50	100,00

Meses	nº inc	%	Superficie (ha)			
			arborada	rasa	total	%
Xaneiro	1	2,00	0,00	0,20	0,20	0,12
Febreiro	7	14,00	1,09	25,15	26,24	15,22
Marzo	8	16,00	27,87	59,25	87,12	50,52
Abril	4	8,00	12,99	20,81	33,80	19,60
Maio	5	10,00	3,50	9,10	12,60	7,31
Xuño	4	8,00	0,20	0,32	0,52	0,30
Xullo	3	6,00	2,08	0,82	2,90	1,68
Agosto	9	18,00	1,85	2,54	4,39	2,55
Setembro	7	14,00	0,15	2,03	2,18	1,26
Outubro	1	2,00	0,00	2,00	2,00	1,16
Novembro						
Decembro	1	2,00	0,00	0,50	0,50	0,29
SUMA	50	100,00	49,73	122,72	172,45	100,00

Causalidad	nº inc	%	Sup (ha)	%
Intencionado	47	94,00	172,19	99,85
Orixen en queimas	1	2,00	0,14	0,08
Escape de vertedoiro	0	0,00	0,00	0,00
Outras negligencias	1	2,00	0,02	0,01
Causa descoñecida	1	2,00	0,10	0,06
Outra causa	0	0,00	0,00	0,00
SUMA	50	100,00	172,45	100,00





11.- SAN ROMÁN



PERIODO 1999-2008

TOTAL INCENDIOS	17
TOTAL SUPERFICIE (ha)	37,18
Total arborada	18,08
Total rasa	19,10
Superficie media incendio (ha)	2,19
t recacción media (minutos)	20:20

Horario	nº inc	%
Mañá (07:00-14:59)	5	33,33
Tarde (15:00-22:59)	7	46,67
Noite (23:00-06:59)	3	20,00
SUMA	15	100,00

Meses	nº inc	%	Superficie (ha)			
			arborada	rasa	total	%
Xaneiro						
Febreiro						
Marzo	3	17,65	12,20	11,47	23,67	63,66
Abril						
Maio	5	29,41	0,77	2,05	2,82	7,58
Xuño	3	17,65	0,07	0,45	0,52	1,40
Xullo	1	5,88	0,50	1,00	1,50	4,03
Agosto						
Setembro	5	29,41	4,54	4,13	8,67	23,32
Outubro						
Novembro						
Decembro						
SUMA	17	100,00	18,08	19,10	37,18	100,00

Causalidad	nº inc	%	Sup (ha)	%
Intencionado	14	93,33	34,43	92,60
Orixe en queimas	0	0,00	0,00	0,00
Escape de vertedoiro	0	0,00	0,00	0,00
Outras negligencias	0	0,00	0,00	0,00
Causa descoñecida	1	6,67	2,75	7,40
Outra causa	0	0,00	0,00	0,00
SUMA	15	100,00	37,18	100,00





12.- VILARIÑO



PERIODO 1999-2008

TOTAL INCENDIOS	1
TOTAL SUPERFICIE (ha)	0,45
Total arborada	0,45
Total rasa	0,00
Superficie media incendio (ha)	0,45
t recacción media (minutos)	20:00

Horario	nº inc	%
Mañá (07:00-14:59)	0	0,00
Tarde (15:00-22:59)	1	100,00
Noite (23:00-06:59)	0	0,00
SUMA	1	100,00

Meses	nº inc	%	Superficie (ha)			%
			arborada	rasa	total	
Xaneiro						
Febreiro						
Marzo						
Abril						
Maio						
Xuño						
Xullo						
Agosto	1	100,00	0,45	0,00	0,45	100,00
Setembro						
Outubro						
Novembro						
Decembro						
SUMA	1	100,00	0,45	0,00	0,45	100,00

Causalidad	nº inc	%	Sup (ha)	%
Intencionado	1	100,00	0,45	100,00
Orixe en queimas	0	0,00	0,00	0,00
Escape de vertedoiro	0	0,00	0,00	0,00
Outras negligencias	0	0,00	0,00	0,00
Causa descoñecida	0	0,00	0,00	0,00
Outra causa	0	0,00	0,00	0,00
SUMA	1	100,00	0,45	100,00







VAL DO DUBRA
PERIODO 1999-2008

TOTAL INCENDIOS	195
TOTAL SUPERFICIE (ha)	1.984,08
Total arborada	1.533,19
Total rasa	450,89
Superficie media incendio (ha)	10,17
t recacción media (minutos)	18:30

Horario	nº inc	%
Mañá (07:00-14:59)	39	20,00
Tarde (15:00-22:59)	112	57,44
Noite (23:00-06:59)	44	22,56
SUMA	195	100,00

Meses	nº inc	%	Superficie (ha)			%
			arborada	rasa	total	
Xaneiro	1	0,51	0,00	0,20	0,20	0,01
Febreiro	14	7,18	2,81	36,85	39,66	2,00
Marzo	29	14,87	49,27	93,32	142,59	7,19
Abril	14	7,18	22,84	44,17	67,01	3,38
Maio	18	9,23	8,80	25,73	34,53	1,74
Xuño	30	15,38	50,12	64,72	114,84	5,79
Xullo	18	9,23	15,73	15,02	30,75	1,55
Agosto	36	18,46	1.365,11	139,49	1.504,60	75,83
Setembro	27	13,85	13,28	22,91	36,19	1,82
Outubro	4	2,05	4,73	3,90	8,63	0,43
Novembro	1	0,51	0,50	2,00	2,50	0,13
Decembro	3	1,54	0,00	2,58	2,58	0,13
SUMA	195	100,00	1.533,19	450,89	1.984,08	100,00

Causalidad	nº inc	%	Sup (ha)	%
Intencionado	182	93,33	1.974,83	99,53
Orixen en queimas	3	1,54	0,99	0,05
Escape de vertedoiro	1	0,51	0,06	0,00
Outras negligencias	1	0,51	0,02	0,00
Causa descoñecida	1	0,51	5,68	0,29
Outra causa	7	3,59	2,50	0,13
SUMA	195	100,00	1.984,08	100,00



ANEXO 4: PUNTOS DE AUGA

PUNTOS DE AUGA PARA MOTOBOMBA

ID	PARROQUIA	NOME	X	Y	LATITUDE	LONXITUDE	TIPO	VOLUME (m ³)
15088001	ARABEXO	Arabexo	528023	4768222	N43°03'55"	W8°39'21"	Artificial	37,5
15088015	ARABEXO	Brañas das Minas	529522	4770681	N43°05'14"	W8°38'14"	Artificial	40,5
15088011	BEMBIBRE	Rego do Faxón	527056	4763702	N43°01'29"	W8°40'04"	Artificial	63,38
15088012	BEMBIBRE	Pazo (O)	526887	4764372	N43°01'50"	W8°40'11"	Artificial	16,8
15086005	BUXÁN	Covas	531807	4762054	N43°00'34"	W8°36'35"	Natural	55,0
15088004	BUXÁN	Casais	530531	4762310	N43°00'43"	W8°37'31"	Artificial	45,9
15088008	BUXÁN	Montemaior	531904	4762566	N43°00'51"	W8°36'30"	Artificial	42,5
15088003	COUCIEIRO	Lal	530531	4762310	N43°00'43"	W8°37'31"	Artificial	40,0
15088002	ERVIÑO	Abelenda	531493	4768682	N43°04'09"	W8°36'47"	Artificial	47,25
15088014	NIVEIRO	Miñoa	526892	4764377	N43°01'50"	W8°40'11"	Artificial	50,0
15088006	NIVEIRO	Portobello	530697	4766278	N43°02'52"	W8°37'23"	Artificial	54,0
15088007	PORTOMEIRO	Igrexa	530703	4759303	N42°59'05"	W8°37'24"	Artificial	92,4
15088005	PORTOMOIRO	Río	527538	4756871	N42°57'47"	W8°39'44"	Artificial	40,5
15088018	RIAL	Ponte da Escalera	526304	4762533	N43°00'51"	W8°40'38"	Artificial	36,0
15088017	RIAL	Ponte Escolerme	525186	4764926	N43°02'08"	W8°41'27"	Natural	--
15088010	RIAL	Muiño da Ponte	524606	4765121	N43°02'15"	W8°41'52"	Artificial	37,50
15088009	RIAL	Regato	527022	4765509	N43°02'27"	W8°40'05"	Artificial	57,75

NON EXISTEN PUNTOS DE AUGA PARA CARGA DE HELICÓPTEROS NO
CONCELLO DE VAL DO DUBRA

ANEXO 5: PUNTOS DE VIXILANCIA FIXA

Non existen puntos de vixilancia fixa do distrito forestal III no concello, de xeito que a vixilancia se realiza desde os puntos de vixilancia do Pedroso (Santiago de Compostela) e de Río do Sol (Tordoia). O primeiro deles está operativo durante todo o ano e o segundo so na campaña de verán.

ANEXO 6: BASES PARA MEDIOS AÉREOS E TERRESTRES

Non existen bases de medios aéreos no concello de Val do Dubra. As bases de medios aéreos desde as que operan do servizo de prevención e defensa contra incendios forestais da Xunta de Galicia, mais próximas a este concello, son as de Lomba (Santa Comba), Castromaior (Abegondo) e o aeroporto de Labacolla (Santiago de Compostela). A maior parte do concello está a un tempo de 5 a 10 minutos destas bases.

En canto a bases de medios terrestres, nos últimos dous anos algunhas das brigadas contratadas polo servizo de prevención e defensa contra incendios da Xunta de Galicia como reforzo de verán fan base nas instalacións de protección civil do concello. No ano 2009, fan base nestas instalacións tres brigadas de cinco compoñentes cada unha e catro motobombistas.

ANEXO 7: ESTACIÓNS METEOROLÓXICAS E REPETIDORES

Non existen estacións meteorolóxicas no concello.

No monte Picoto, parroquia de Ermida, existe un repetidor dunha rede de radio propia do concello.

ANEXO 8: CATÁLOGO DE MEDIOS E RECURSOS

Os medios humanos e materiais dos que dispón o concello son variables no tempo, de xeito que para o seu coñecemento en tempo real é preciso consultar a aplicación informática correspondente. A continuación recóllese a relación de recursos existentes no momento de elaboración deste documento.

	MEDIOS HUMANOS
ESPECIALISTAS PROTECCIÓN CIVIL	6
POLICIA LOCAL	0
BOMBEIROS	0
VOLUNTARIOS PROTECCIÓN CIVIL	55
GRUMIR	0
PSICÓLOGOS	0
OUTROS	

	MATERIAL DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS
MOTOBOMBAS FORESTALES	1 (Marca Pegaso con capacidade de 4000 litros)
MOTOBOMBAS URBANAS (BUL)	1 (Marca MAN con capacidade de 2000 litros)
TRACTOR CON DESBROZADORA DE BRAZO	1 (Marca Volvo)
VEHÍCULOS TODOTERREO	2
MOTOROZADORAS	5
MOTOSERRAS	3
BATELUMES	15
GRUPOS ELECTRÓXENOS	2
AMBULANCIA	0
EMISORAS BASE	2 (unha da rede Trunking e outra da rede analóxica empregada pola Xunta)
MOBILÓFONOS	3 da rede Trunking, nos vehículos todoterreo e no BUL e 1 da rede propia na motobomba forestal
OUTRO MATERIAL	3 COXÍNS ELEVADORES PARA RESCATE, PADIOLAS, AIXADAS, 2 EQUIPOS DE RESPIRACIÓN AUTÓNOMA.